



VALEDOR DO CIDADÁN

INFORME AO PLENO DO CONCELLO 2017

ACTUACIÓN S A INSTANCIA DE PARTE
ACTUACIÓN S DE OFICIO



Valedor do Cidadán

Informe ao Pleno do Concello 2017

Actuacións a Instancia de Parte

Actuación de Oficio

Edita: Valedor do Cidadán

Fotografía da capa: Diego Durán

Paxinación: Diego Durán

Imprime: Roel Artes Gráficas

Depósito Legal: xxxxxxxx

Oficina do Valedor do Cidadán

R. Polcarpo Sanz, 15 4º

(Casa das Artes) - 36202 Vigo

Telefone: 986 430 047

e-mail: valedordocidadan@vigo.org

web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	7
METODOLOXÍA.....	9
CAPÍTULO 1	
PARTE I: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	13
CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE.....	13
PARTE II ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2008 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	17
CAPÍTULO I – MEDIO AMBIENTE.....	17
CAPÍTULO II – URBANISMO.....	19
PARTE III: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2010 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	37
CAPÍTULO I – TRÁFICO	37
PARTE IV: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2012 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	39
CAPÍTULO I – MOBILIDADE E SEGURANZA.....	39
CAPÍTULO II – FOMENTO.....	40
PARTE V: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2013 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	47
CAPÍTULO I – DISTRITOS.....	47
CAPÍTULO II – MEDIO AMBIENTE	48
CAPÍTULO III – TRÁFICO E TRANSPORTES.....	49
PARTE VI: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2014 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017	55
CAPÍTULO I – DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS E LIMPEZA.....	55
CAPÍTULO II – MEDIO AMBIENTE	58
CAPÍTULO III – MOBILIDADE E SEGURANZA.....	61
CAPÍTULO IV – XESTIÓN MUNICIPAL.....	64
PARTE VII: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2015 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017.....	67
CAPÍTULO I – FOMENTO	67
CAPÍTULO II – TRÁFICO E TRANSPORTES	70
PARTE VIII: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2016 CON INCIDENCIAS NO ANO 2017.....	73
CAPÍTULO I – XESTIÓN MUNICIPAL	73
CAPÍTULO II – SEGURIDADE E MOBILIDADE.....	78
CAPÍTULO III – MEDIO AMBIENTE	88
CAPÍTULO IV – FOMENTO	94
CAPÍTULO V – LIMPEZA	97
CAPÍTULO VI – PATRIMONIO	98
CAPÍTULO VII – EDUCACIÓN	101
CAPÍTULO VIII – TRANSPORTES.....	104
CAPÍTULO IX – PARQUES E XARDÍNS.....	105

PARTE IX: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DURANTE O ANO 2017	107
CAPÍTULO I - TRANSPORTES	107
CAPÍTULO II – FOMENTO	110
CAPÍTULO III – FACENDA.....	115
CAPÍTULO IV – URBANISMO.....	117
CAPÍTULO V – LIMPEZA	131
CAPÍTULO VI – PERSOAL.....	134
CAPÍTULO VII – POLÍTICA SOCIAL.....	136
CAPÍTULO VIII – SEGURIDADE E MOBILIDADE.....	144
CAPÍTULO IX – PARQUES E XARDÍNS.....	152
CAPÍTULO X – MEDIO AMBIENTE.....	153
CAPÍTULO XI – CULTURA.....	158
REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS DURANTE O ANO 2017.....	160
PARTE X: CONSULTAS QUE DERON LUGAR A INTERVENCÍONS: 248	165
CAPÍTULO 2	
PARTE XI: ACTUACIÓNS DE OFICIO.....	169
CAPÍTULO 3	
PARTE XII: PÁXINA WEB	173
CAPÍTULO 4	
PARTE XIII: RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2017.....	177

INTRODUCCIÓN

De acordo co Regulamento Orgánico da Comisión especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán no seu Título II, artigo 8, este *“Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión. Por outra parte, elaborará aqueles outros informes e memorias que estime oportunas”*.

O Valedor non surge da desconfianza na xestión municipal, xa que o seu obxectivo é, ao fin e ao cabo, equilibrar as actuacións das distintas instancias, integrando no maior grao posíbel os dereitos de cada individuo coas exigencias colectivas do Concello e do seu ámbito social, mellorando as relacións entre os diferentes colectivos e persoas que fan parte da comunidade viguesa.

No ano 1809, na Suecia, creouse a figura do Ombdsman. A palabra ombud refírese a unha persoa que está habilitada para actuar por outro e xurde nese país escandinavo hai máis de 200 anos, constitucionalmente como mandatario daquel Parlamento na función de control do Executivo; isto é, unha figura portadora dos dereitos dos particulares perante a actuación dos poderes públicos. Figura cuxo cometido consiste en defender aos individuos contra os abusos da administración e que asentou en toda a Europa, adaptándose ás peculiaridades de cada país. Esta supervisión esténdese hoxe a toda a actividade da administración e á de quen rexa aos seus axentes; deste modo, non se limita só aos actos suxeitos á norma administrativa, senón que tamén abranxe a chamada “mala administración” (atrasos, falta de atención, desleixo ou negligencias). Máis que unha moda, o xurista P. Garant considérao como un signo dos tempos e M. Retuerto, no seu *El Defensor del Pueblo, institución de garantía no jurisdiccional*, proclama que esta figura fai que a cidadanía sinta *“moito máis próximos e vivos os elementos positivos da democracia”*.

A función principal é a de evitar, tanto como posíbel, o recurso ás instancias xudicarias por causa dos conflitos que se producen no ámbito local, utilizando procedementos áxiles e gratuítos, dotados de flexibilidade.

Son os propios Valedores/as Locais existentes nos diferentes niveis da administración do Estado os que interpretan, en función do alcance real das dúas competencias e do tipo de queixas ou reclamacións presentadas, se estas deben ser admitidas a trámite, procurando o equilibrio para non caer na resolución sistemática de insignificancias e sen deixar de prestar axuda a quen a necesita, tendo en conta que gran parte do prestixio da institución se reflicte polas actuacións que emprende, que deben ser un modelo de seriedade, obxectividade e racionalidade.

As bases de actuación para o ditame dos expedientes analizados cinguíronse a unha regulamentación procedimental. O procedemento é unha serie ou consecuencia cronolóxica de actos relacionados entre si e orientados a un determinado fin ou resultado, actos que sirvan de soporte a unha resolución, a través da que se exterioriza a vontade do órgano administrativo. A eficacia dunha acción pública ven presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites até a adopción de medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O que verdadeiramente transcende é que a Administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo dos intereses xerais, e non caia na frecuente tentación de se erixir nun fin en si mesmo.

No Informe Anual, ao igual que os editados en anos anteriores, presenta un resumo estatístico das actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2017. De forma sucinta e a fin de plasmar unha visión fixa de todas estas, estas actuacións son descritas por áreas temáticas, mantendo, en todo momento e para unha mellor comparación, ese necesario punto de obxectividade e equilibrio, obxectividade, que, ao fin ao cabo, é a capacidade de analizar unha situación desde diferentes ángulos. Vocablo que non permite tamén ser conscientes das propias debilidades e avaliar así as virtudes con realismo.

No tocante ao conflitos presentados gostaríamos de facer unha reflexión sobre a coordinación. O artigo 103 da Constitución española subliña taxativamente que a Administración pública, sexa cal for, serve con obxectividade aos intereses xerais e actúa consoante os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconstracción e COORDENACIÓN, con submetemento pleno á lei e ao dereito. O mesmo artigo di que os órganos da Administración do Estado son creados, rexidos e COORDENADOS segundo a lei. Este preceito tamén afecta ás outras Administracións públicas, segundo a sentenza do Tribunal Constitucional 85/1983.

A coordinación implica "a fixación de medios e sistemas de relación que fagan posíbel a información recíproca, a homoxeneidade técnica en determinados aspectos e a acción conxunta das administracións ou dos órganos dunha mesma administración, coordinadora e coordinada no exercicio das súas respectivas competencias, de xeito que se acade a integración de actos parciais na globalidade do sistema. Esta integración que toda coordinación persegue, tenta de evitar contradicións e reducir disfuncións que, de subsistir, impedirían ou, cando menos, dificultarían o funcionamento do mesmo".

A temática da coordinación municipal debería facer parte das preocupacións esenciais dos expertos en organización municipal. Sería preciso coordinar non só as áreas, senón tamén os distritos, e unhas e outros cos organismos autónomos e coas empresas públicas que integran o sector municipal público.

Os entes locais ampliaron notabelmente as súas funcións, e, por outro lado, a cidadanía é máis exixente coa administración máis próxima, o que obriga ás administracións a considerábeis esforzos, acadando decisións que sobardan as súas competencias, as cales tiveron que asumir para non se afastar da realidade máis próxima.

Luis Espada Recarey

METODOLOXÍA

O desenvolvemento metodolóxico deste Informe ao Pleno está dividido en catro capítulos diferenciados.

No primeiro son descritas as Actuacións a Instancia de Parte. No segundo as Actuacións de Oficio. Un terceiro capítulo inclúe un resumo estatístico da Web da Oficina do Valedor Cidadán. Finalmente, un cuarto incorpora un resumo das actuacións levadas a cabo durante o ano 2017.

En relación co capítulo primeiro (Consultas, Entrevistas e Expedientes) o seu contido diferénciase en función dos seus obxectivos, tal como se indica:

- **Consultas:** Son actuacións máis frecuentes que permiten cumprir cos obxectivos de orientación e información á cidadanía sobre as queixas relacionadas coas actividades propias desta institución. Calquera cidadán/a pode realizar estas consultas acudindo persoalmente á Oficina do Valedor do Cidadán ou ben a través do teléfono ou correo electrónico.
- **Entrevistas:** Iniciativas levadas a cabo por parte da cidadanía, sen presentar queixa por escrito, para expor temas que afectan ao recorrente.
- **Expedientes:** Actuacións para a resolución de casos no que é preciso actuar por escrito para pedir informes ou solicitar ditames e que conclúen cunha recomendación á administración local. En xeral, a maioría dos expedientes iníciáanse despois de levar a cabo unha consulta e fallaren as intervencións ou mediacións.

Todas as diferentes formas de actuación descritas anteriormente deben servir para dar solución aos problemas tratados e contribuír a un mellor funcionamento da administración local, para impregnar así unha cultura da responsabilidade e do respecto.

De acordo con este esquema, en dez partes diferenciadas preséntanse as Actuacións a Instancia de Parte dos anos 2006, 2008, 2010, 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 con incidencias no ano 2017. Logo a seguir expóñense as propias do ano 2017 e, finalmente, as consultas que deron lugar a intervencións.

Por outra parte, as Actuacións de Oficio son as realizadas a iniciativa da Valedoría do Cidadán, o que se pon de manifesto cunha publicación de monografía ou informes sobre algúns temas que afectan á cidadanía viguesa. Neste foi publicado un estudo baixo o título "Cambio Climático. Análise normativa e proposta para a Administración local".

CAPÍTULO

1

Do anterior deuse cumprida información ao interesado o 19/06/2006, indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do antedito informe, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflicte que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de ruídos da Xunta de Galicia, polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ao promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que achega nova información, que se traslada ao Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, alén diso, información actualizada con respecto ao expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS:

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ao descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ao estritamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introdución da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións que, na realidade, ten que considerarse como algo máis que unha simple lenda. Nela indícase claramente que: *"O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns."*

A Ordenanza pretende protexer as persoas e os bens contra este tipo de agresión, e abarca todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptíbeis de produciren molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, mais tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, sendo preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, ao abrigo do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades semellantes) se reduzan ao máximo.

RECOMENDACIÓN:

É preciso tomar exemplo da rama do traballo do dereito que cada día está a conceder máis importancia aos trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se sae de control, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A Administración, en especial a local, ten de actuar e evitar que a cidadanía se torne acotío en xustizábel para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

Durante o ano 2008, déronse as actuacións seguintes:

Con data 17/01/2008 reitérase a petición de informe, e, de novo o 19/02/2008, 27/03/2008, 05/05/2008, 21/05/2008, 26/06/2008, 24/07/2008, 27/08/2008, 30/09/2008, 29/10/2008.

Non se recibiu información algunha durante o ano 2008.

Con data 20/05/2009, retómase o pedimento informativo, e, de novo o 22/06/2009, 27/07/2009, 28/08/2009, 28/09/2009, 27/10/2009.

Durante o ano 2010, déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2010 reitérase a petición de informe, e, de novo o 02/03/2010, 08/04/2010, 07/05/2010, 03/06/2010, 05/07/2010, 03/08/2010, 02/09/2010, 04/10/2010, 02/11/2010, 09/12/2010.

Durante o ano 2011, déronse as actuacións seguintes:

Con data 04/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo o 01/02/2011, 02/03/2011, 01/04/2011, 02/05/2011, 01/06/2011, 04/07/2011 e 03/08/2011.

Durante o ano 2012, déronse as actuacións seguintes:

Con data 09/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo o 09/02/2012, 09/03/2012, 09/04/2012, 08/05/2012, 31/05/2012, 29/06/2012, 01/08/2012, 03/09/2012, 02/10/2012, 02/11/2012 e 03/12/2012.

Durante o ano 2013, déronse as actuacións seguintes:

Con data 02/01/2013 reitérase a petición de informe, e, de novo o 01/02/2013, 04/03/2013, 04/04/2013, 02/05/2013, 03/07/2013, 01/08/2013, 08/09/2013 e 01/10/2013.

Durante o ano 2014, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 03/02/2014, 28/02/2014, 07/04/2014, 02/05/2014, 02/06/2014, 01/07/2014, 01/08/2014, 27/08/2014, 30/09/2014, 31/10/2014 e 01/12/2014.

Durante o ano 2015, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 07/01/2015, 02/02/2015, 02/03/2015, 01/04/2015, 04/05/2015, 01/06/2015, 01/07/2015, 03/08/2015, 01/09/2015, 02/10/2015, 29/10/2015, 3/11/2015 e 17/12/2015.

Durante o ano 2016, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 07/01/2016, 07/02/2016, 15/02/2016, 01/03/2016, 14/03/2016, 01/04/2016, 18/04/2016, 02/05/2016, 01/06/2016, 01/07/2016, 26/07/2016, 26/08/2016, 20/09/2016, 19/10/2016, 16/11/2016, 13/12/2016.

Durante o ano 2017, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 13/01/2017, 13/02/2017, 13/03/2017, 11/04/2017, 9/05/2017, 9/06/2017, 7/07/2017, 7/08/2017, 7/09/2017, 9/10/2017, 9/11/2017 e o 11/12/2017.

funcionamento interno para integrarse na sociedade a que serve como o instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

A lexitimidade por rendementos está ligada coa capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Durante o ano 2009 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2009 reiterouse o pedimento anterior, e de novo, o 10/02/2009, 18/03/2009, 14/04/2009, 11/05/2009, 15/06/2009, 22/07/2009, 18/08/2009, 14/09/2009.

Con data 15/09/2009, recíbese escrito de Medio Ambiente informando que se remite nova dilixencia a Policía Local, para inspección. Do que se deu cumprida información á interesada o mesmo día.

Con data 15/10/2009 solicítase información actualizada, e de novo o 16/11/2009.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 05/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 10/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 05/01/2011 reitérase a petición de informe, e, de novo o 01/02/2011, 03/03/2011, 04/04/2011, 04/05/2011, 06/06/2011 e 07/07/2011

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 02/03/2012, 03/04/2012, 04/05/2012, 05/06/2012, 04/07/2012, 01/08/2012, 04/09/2012, 04/10/2012, 05/11/2012 e 03/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/01/2013 reitérase a petición de informe, e, de novo, o 04/02/2013, 08/03/2013, 09/04/2013, 07/05/2013, 07/06/2013, 08/07/2013, 05/08/2013, 05/09/2013, 08/10/2013, 08/11/2013 e 05/12/2013.

Durante o ano 2014, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: a petición de 07/01/2014, 05/02/2014, 06/03/2014, 07/04/2014, 06/05/2014, 04/06/2014, 07/07/2014, 04/08/2014, 02/09/2014, 06/10/2014, 03/11/2014, e o 01/12/2014.

e resolución das solicitudes de información e resolución das solicitudes de información ambiental, xa que nos atopamos nun suposto de emisións que poden afectar seriamente á saúde da cidadanía. O perigo para a saúde dos campos electromagnéticos está cientificamente demostrado.

RECOMENDACIÓNS:

Prestar a debida atención ao caso que nos ocupa. Cumprimento da legalidade que dimana do dereito da cidadanía a ser informada derivado do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2009, déronse as actuacións seguintes:

Con data 22/01/2009, reitérase a petición de informe, e, de novo o 23/02/2009, 24/03/2009, 23/04/2009, 22/05/2009, 22/06/2009, 24/07/2009, 19/08/2009, 24/09/2009 e 12/10/2009.

Durante o ano 2010, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 12/01/2010, 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011, reitéranse os pedimentos anteriores, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística que informa o seguinte:

“En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas (ref. expte: 16/2008) infórmolle o seguinte:

Con data 30/08/99, o inspector municipal informou que xirada a visita de inspección comprobouse que o equipo de telefonía móbil foi instalada. O titular das obras presentou solicitude de licenza municipal con data..... sendo a mesma denegada por incumprir o apartado 3.3.1 das ordenanzas de PGOU con data..... emítese informe de inspección municipal no que di: “a antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del..... se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras.

Con data..... a arquitectura municipal emite o informe seguinte:

En contestación á dilixencia remitida pola Técnica de Administración Xeral de data..... ao obxecto de informar se a actividade denunciada é permisible, emítese o seguinte

INFORME:

INFORME DA INSPECCIÓN: o inspector municipal informou, Con data..... que “un equipo de telefonía móbil... ya ha sido instalado...con data..... que “la antena está instalada encima de un casetón como se aprecia en las fotografías actuales, y cotejado el informe y fotos anteriores de la anterior inspección del..... se aprecia a simple vista que no hay nuevas obras”.

LICENZA DE ACTIVIDADE: non consta outorgada licenza municipal.

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS: o vixente PXOU, aprobado definitivamente o 29/04/93 (DOG 10/05/93) inclúe a zona na que se sitúa a instalación obxecto deste expediente en solo clasificado como urbano e cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada na área central. Folla.....

En dita ordenanza o uso é permisible.

PRESUNTA INFRACCIÓN:

Exercicio de actividade de unha estación de telefonía móbil sen a preceptiva e previa licenza.

A actividade podería ser permisible sempre que a instalación se axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo (A.D. 26/02/2001 e B.O.P. 05/04/2001, nas NNUU e demais normativa de aplicación".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/02/2011, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada sobre o particular. O que se fai o 15/03/2011, solicitando información sobre se a referida instalación é ou non axeitada a normativa vixente.

Pedimento que se reitera o 18/04/2011, 11/05/2011, 09/06/2011, 11/07/2011 e 11/08/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012, reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012 e 04/05/2012.

Con data 22/05/2012 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

"O expediente nº..... atópase pendente do informe do Inspector Municipal, solicitado pola Arquitecta Municipal con data..... para que comprobe o estado actual da antena".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/05/2012, indicándolle que, en datas vindeiras solicitarase información actualizada do que se dará a oportuna comunicación.

Con data 18/06/2012, solicítase información actualizada, reiterada o 18/07/2012, 20/08/2012, 20/09/2012, 19/10/2012, 19/11/2012, e 18/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2013 reitérase o pedimento anterior, e, de novo, o 13/02/2013.

Con data 05/03/2013, recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) que informa o seguinte:

"En resposta a os seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación ao expediente....., infórmolle o seguinte:

Con data....., a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

"INFORME DA INSPECCIÓN:

O inspector municipal, con relación á instalación de telefonía, con data....., informou:"...se observa una antena de telefonía...."

LICENZA DE ACTIVIDADE: Consultada a Aplicación de Xestión de Expedientes, non consta outorgada licenza municipal para a antena obxecto deste expediente.

NOVAS CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:

O vixente PXOM, aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008 (DOG 03.06.2008 e BOP 06.08.2008) e por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 (DOG 24.07.2009 e BOP 10.09.2009), clasifica a parcela de referencia como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 3, de edificación en couzada pechada. Plano 6-N.

De conformidade co artigo 5.9.3 Centrais e elementos de telefonía do PXOM vixente aqueles elementos técnicos ou instalacións, tales como antenas de emisión ou recepción de ondas, equipos de sinalización ou balizamento, etc., propios ou vinculados, se é o caso, a determinados xerais, dadas as súas especiais características e utilidade poderán localizarse dentro de calquera clase de solo, sempre que se cumpran a súa regulamentación específica e o disposto na lexislación vixente e se axusten á Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo.

PRESUNTA INFRACCIÓN:

Instalación de estación base de telefonía móbil, sen que conste outorgada licenza municipal.

A vista da documentación dispoñible, a actividade podería ser permisible sempre que se xustifique a cubicación concreta da instalación de referencia, o cumprimento da súa regulamentación específica e o disposto na lexislación vixente e na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo".

Con data....., o Inspector Municipal emitiu o seguinte informe;

"Xirada visita de inspección, o....., a estación base de telefonía móbil, comprobouse que nese intre atopábase funcionando"

Con posterioridade ás actuacións practicadas, a Disposición Adicional Terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización de comercio e de determinados servizos, actualmente en vigor, exceptúa do procedemento de concesión de licenza municipal:"ás estacións e instalacións radioeléctricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300m2, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos".

Por este motivo, a tramitación do procedemento de disciplina urbanística pasou a ter a menor prioridade outorgada polo Plan de Inspección urbanística do Concello de Vigo. Das seguintes actuacións que se practiquen segundo os medios persoais e materiais dispoñibles neste departamento, darase oportuna conta a oficina do Valedor do Cidadán."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013, ficando á espera do resultado das informacións que se poidan recibir puntualmente.

Con data 15/04/2013 dirixímonos a Disciplina Urbanística informándolle que o día 11/04/2013 comparece o interesado manifestando a súa preocupación pola situación en que se atopa.

Con data 15/05/2013, solicitamos nova información, reiterada o 14/06/2013, 10/07/2013, 07/08/2013, 11/09/2013, 10/10/2013, 8/11/2013 e 5/12/2013.

Durante o ano 2014, déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2014 reitérase a petición de informe, e, de novo o 05/02/2014, 06/03/2014, 07/04/2014, 06/05/2014, 04/06/2014, 07/07/2014, 04/08/2014, 02/09/2014, 06/10/2014, 03/11/2014 e 01/12/2014.

Durante o ano 2015, déronse as actuacións seguintes:

Con data 07/01/2015, reitérase a petición de informe, e, de novo o 02/02/2015, 02/03/2015, 01/04/2015, 04/05/2015, 01/06/2015, 01/07/2015, 03/08/2015, 01/09/2015, 05/10/2015, 03/11/2015 e 17/12/2015.

Durante o ano 2016, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 07/01/2016, 01/02/2016, 15/02/2016, 01/03/2016, 14/03/2016, 01/04/2016, 18/04/2016, 02/05/2016, 01/06/2016, 01/07/2016, 26/07/2016, 26/08/2016, 20/09/2016, 19/10/2016, 16/11/2016 e 13/12/2016.

Durante o ano 2017, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 13/01/2017, 13/02/2017, 13/03/2017, 11/04/2017, 9/05/2017, 9/06/2017, 7/07/2017, 7/08/2017, 7/09/2017, 9/10/2017, 9/11/2017 e o 11/12/2017.

Con data 15/12/2017, recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, que indica o seguinte:

"En contestación á solicitude da concellería de Participación Cidadá sobre o obxecto da queixa presentada por Don....., indícolle que a técnica de administración xeral da oficina de Disciplina Urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo informa o seguinte:

INFORME: O..... a empresa..... presentou unha declaración responsable acompañada de un proxecto técnico para a legalización do centro de comunicacións"....." no edificio situado na rúa..... nº.... de Vigo", redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións....."

A documentación presentada tramítase no expediente administrativo núm....., no seo do cal o... o enxeñeiro industrial municipal emitiu un informe no que se indica que, toda vez que a instalación radioelétrica obxecto da declaración responsable precisa a execución de obra civil, a documentación aportada é insuficiente. A empresa interesada debe presentar unha comunicación previa de obras acompañada da documentación preceptiva (modelo CP-009 dispoñible en sede municipal e na páxina web do Concello de Vigo), concretamente:

- *Datos identificativos da persoa solicitante. Non aporta documento acreditativo de representación da empresa titular da autorización da utilización do dominio público radioelétrico emitida polo Ministerio de Industria.*
- *Documento acreditativo da dispoñibilidade do solo ou do espazo para a instalación (contrato de arrendamento, escritura de compra, etc.). Non aportado na documentación presentada.*
- *Xustificación da aprobación do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do proxecto presentado da instalación de telecomunicacións que inclúa a totalidade dos sistemas que se van a establecer. Non aportado coa solicitude presentada.*
- *Proxecto técnico da instalación, asinado por técnico competente, incluíndo planos de situación e deslinde, plantas alzados e seccións da instalación e xustificación do "Código Técnico da Edificación".*

O proxecto deberá xustificar graficamente que a antena se axusta ás condicións da instalación fixadas na Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicacións no termo municipal de Vigo.

No caso de torres o proxecto incluírá un plano de deslinde indicando as construcións existentes nun radio de 100/50 ml.

O proxecto técnico presentado non xustifica o cumprimento das condicións urbanísticas de localización deste tipo de equipamentos e construcións accesorias do Concello de Vigo (recuados, altura, localización, etc..).

- *Oficio de dirección de obras.*
- *Reportaxe fotográfica, incluíndo fotografías da totalidade da fachada, nos casos de instalacións sobre cubertas de edificios existentes, e da zona da instalación.*
- *Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.*

O informe do enxeñeiro industrial municipal de data.... foi recibida por..... o..., sen que conste aportada ningunha documentación por parte de dita empresa conducente á subsanación do pretendido título habilitante de natureza urbanística.

Por outra banda, cómpre informar, respecto do réxime de autorización das antenas de telefonía móbil, que a Disposición Adicional Terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización de comercio e determinados servizos, exceptúa do procedemento de concesión de licenza municipal: "ás estacións e instalacións radioelétricas utilizadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300 m2, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos".

Con posterioridade, o artigo 34.6 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de Telecomunicacións, elevou a rango de lei a prohibición de esixencia "de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin de outras de clase similar ou análogas" ás estacións ou infraestruturas radioelétricas utilizadas para a prestación de

servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público ás que se refire a disposición adicional terceira da Lei 12/2012, do 26 de decembro.

Así mesmo, no seu artigo 35.5 dispón: "A tramitación pola administración pública competente de unha medida cautelar que impida ou paralice ou de unha resolución que denegue a instalación da infraestrutura de rede que cumpra os parámetros e requirimentos técnicos esenciais para garantir o funcionamento das distintas redes e servizos de comunicacións electrónicas establecidos no apartado 4 do artigo anterior, excepto en edificacións do patrimonio histórico-artístico, será obxecto de previo informe preceptivo do Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo, que dispón do prazo máximo dun mes para a súa emisión e que será evacuado tras, o seu caso, os intentos que procedan de atopar unha solución negociada cos órganos encargados da tramitación da citada medida ou resolución. Sen prexuízo do disposto no artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, transcorrido o dito prazo, o informe entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse coa tramitación da medida ou resolución. A falta de solicitude do preceptivo informe, así como no suposto de que o informe non sexa favorable, non se poderá aprobar a medida ou resolución".

En conclusión, o réxime autorizador das antenas de telecomunicacións, así como a competencia de policía sobre as referidas instalacións réxese fundamentalmente polo establecido na Lei 9/2017, do 10 de maio, de Telecomunicacións (BOE do sábado 10 de maio de 2014), sendo o Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo a administración competente para autorizar e vixiar a utilización do dominio público radioeléctrico mediante equipos de emisión radioeléctrica. As competencias municipais de protección da legalidade urbanística reguladas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia céntranse fundamentalmente nas condicións de instalación sobre as edificacións e a obra civil accesorio, as cales foron substancialmente limitadas con esta regulación sectorial.

Por esta razón, a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística respecto das instalacións de telecomunicacións pasou a ter escasa prioridade de tramitación no Plan de Inspección urbanística do Concello de Vigo. Non obstante, das seguintes actuacións que se practiquen segundo os medios persoais e materiais dispoñibles neste departamento, darase oportuna conta á oficina do Valedor do Cidadán.

Polas razóns expostas recoméndase á Oficina do Valedor do cidadán que, ademais de a esta administración municipal, dea traslado das queixas presentadas en relación coas antenas de telefonía móbil ao Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo, administración que, en todo caso, decidirá se procede ou non ordenar a suspensión da actividade de toda instalación radioeléctrica de telecomunicacións regulada na Lei 9/2014".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/12/2017.

EXPEDIENTE 35/2008

ASUNTO:

Queixa en relación coa construción dun edificio de seis andares.

SITUACIÓN:

O interesado perante o Concello, en tres ocasións desde o 29/01/2007, que as alturas da citada construción non cumpren nas vertentes dunha escalinata, como tampouco nas de planta baixo teito e o cumio do tellado.

Con data 21/08/2007 recíbese escrito de Urbanismo no que se indica que se procede ao arquivo das actuacións, xa que os feitos denunciados non constitúen infracción urbanística.

Con data 23/11/2007 o interesado entrega no Concello escrito no que subliña o seguinte:

1) Ter procedido á comprobación das alturas na fachada que da a rúa..... mediante equipo láser, obtendo medidas que contradín o informe técnico do Concello, sendo estas as seguintes:

-Cota a planta 21,9 mts., en vez de 21 mts., indicados no plano.

-Cota entre planta e cumio 5 mts., en vez dos 4 mts., indicados no plano.

2) Á vista da evidente contradición entre as medidas do técnico do Concello e as existentes, e co ánimo de evitar posteriores actuacións na vía xudicial.

3) Tendo en conta ademais que se procedeu a instalación dun bosque de chemineas con altura excesiva.

Por todo isto interesa que se efectúe unha medición contrastada entre técnico municipal e outra da súa parte, e se proceda á adopción de medidas de protección da legalidade urbanística.

Con data 15/04/2008, recíbese a queixa, e con data 24/04/2008, solicítase o preceptivo informe, reiterado o 26/05/2008, 24/06/2008, 22/07/2008, 29/08/2008, 01/10/2008, 21/10/2008, 27/10/2008 e 27/11/2008.

REFLEXIÓNS:

A cidadanía ten dereito a recibir unha resposta a súa petición co ánimo de evitar posíbeis controversias que transcendan o ámbito puramente administrativo.

RECOMENDACIÓNS:

Cumprimento da legalidade informativa á que ten dereito a cidadanía, ben como do dimanado do artigo 10.2 do Regulamento Orgánico do Valedor do Cidadán.

Durante o ano 2010 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2010 reitéranse os pedimentos informativos anteriores, e, de novo, o 09/02/2010, 09/03/2010, 12/04/2010, 07/05/2010, 08/06/2010, 08/07/2010, 05/08/2010, 05/09/2010, 06/10/2010, 08/11/2010 e 14/12/2010.

Durante o ano 2011 déronse as actuacións seguintes:

Con data 12/01/2011 reitérase o pedimento informativo, e, de novo, o 14/02/2011.

Con data 21/02/2011, recíbese escrito de Disciplina Urbanística, que informa o seguinte:

"En resposta aos seus oficios nos que interesa información sobre as denuncias efectuadas, (ref. expte. 35/2008) infórmolle do seguinte:

Con datas..... presenta escrito de alegacións no que denuncia que as obras realizadas no cumpren coa altura regulamentaria.

Segundo inspección de data..... infórmase que a altura da edificación axústase, en xeral, o proxecto presentado con data de visado....."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/02/2011.

Con data 12/04/2011, recíbese escrito do interesado no que manifesta a súa desconformidade coa información do Concello.

Á vista do anterior dirixímonos á Concellería de Urbanismo e Vivenda o 13/04/2011 achegando copias dos escritos nos que o interesado xa tiña comunicado as súas medicións, as que non se axustaban ás notificadas pola Concellería de Urbanismo, interesando unha aclaración á réplica citada. Pedimento que se reitera o 16/05/2011, 20/06/2011 e 20/07/2011.

Durante o ano 2012 déronse as actuacións seguintes:

Con data 03/02/2012 reitérase a petición de informe e, de novo, o 02/03/2012, 09/04/2012 e 04/05/2012.

Con data 22/05/2012 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo (Infraccións) no que se indica o seguinte:

- REF. 35/2008:

ASUNTO: Denuncias efectuadas.

"Segundo inspección de data..... infórmase que a altura da edificación axustase, en xeral ao proxecto presentado con data de visado....."

Con data..... o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu no expediente de licenza de primeira ocupación.....:

"Outorgar á entidade mercantil....., licenza de primeira ocupación do edificio sinalado, composto de 7 plantas respecto á citada rúa e 10 en relación á escalinata, cun total de 67 vivendas e unha superficie construída total de 10.353,52 m²."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 25/05/2012.

Con data 05/06/2012 o interesado achega escrito de alegacións, dando lugar a que por parte desta Institución do Valedor do Cidadán nos dirixamos de novo a Urbanismo (Infraccións) facendo as seguintes previsións:

Con data, 22/05/2012, recíbese seu escrito de....., (remisión informe) da Xerencia Municipal de Urbanismo-Infraccións no que, entre outros, se informa do expediente referenciado e referido a Expte. Valedor..... e Expte....., do que se deu cumprida información ao interesado.

Con data 05/06/2012, recíbese escrito do interesado no que manifesta unha serie de consideracións que se indican:

- Que se sinte avergoñado do trato recibido do Concello.
- A discrepancia por el manifestado segue sen solución xa que ten comprobado que a altura non se axusta á legalidade; tal como consta nos diversos escritos do expediente tal como consta, por exemplo no noso escrito de....., nº saída....., documento.....
- Estima que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan. Cando en realidade, e en particular, esixe unha que non se axusta, cal é a ALTURA que da lugar ao incumprimento do proxecto. E dicir, existen cotas que se pasan da declaración emitida.

O único que se indica e algo xa indicado no escrito de Disciplina Urbanística de....., nº de saída....., seu expediente..... Escrito que foi respostado o....., nº saída....., doc....., ao que se axuntaba diversa documentación no que se explicitaban as medidas realizadas polo interesado.

Por outro lado e pola nosa parte faise preciso indicar que as administracións públicas ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas.

As resolucións non deben adoecer de falta de precisión, todo proceso administrativo implica, por definición, a existencia dunha pluralidade de actos altamente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. Estas actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre tódalas cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas polo interesado.

O feito de non atender as peticións, e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.

O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta.

Segundo o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas (27/03/2003), a Administración ten que facilitar tódalas informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento.

Por todo prégame unha revisión do Informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona.

En espera da súa información.

O pedimento reiterouse de novo, o 12/07/2012, 10/08/2012, 12/09/2012, 10/10/2012, 08/11/2012 e o 05/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase o pedimento informativo anterior, e de novo, o 11/02/2013.

Con data 05/03/2013 recíbese escrito da Xerencia Municipal de Urbanismo (Disciplina Urbanística) que informa o seguinte:

"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación á altura da edificación situada, infórmolle do seguinte:

Por esta oficina iniciouse baixo o número de expediente.... o trámite de información previa regulado nos artigos 115 a 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, de disciplina urbanística de Galicia (RDU) en relación coas denuncias presentadas.

O devandito expediente ten por obxecto esclarecer se as obras obxecto de denuncia son constitutivas dunha infracción urbanística e, no seu caso, ordenar a reposición da legalidade urbanística supostamente vulnerada. O expediente está na fase de tramitación indicada, constando, como dilixencias informativas, o informe emitido con data..... polo inspector de urbanismo no que se constata"que a altura da edificación AXUSTASE, en xeral, ao proxecto presentado e visado con data....." (en referencia ao expediente de licenza nº...), do cal se lle deu traslado ao interesado con data.....

Respecto da solicitude por parte do Valedor do cidadán, no que literalmente"prégase unha revisión do informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona", indicando que"as administracións ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas", cabe indicar:

Que segundo dispón o artigo 208.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA:"os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos receptivos dereitos ou intereses

Vostede basea a súa petición en que"o interesado afirma que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan", o cal non só non ten acollida na lexislación urbanística en vigor, senón que atenta contra a"intelixencia, receptividade e resolubidade" invocadas, toda vez que o denunciante unicamente aporta como proba fotografías e a súa percepción visual desde o exterior. Afirma, nunha denuncia posterior, que procedeu a medición de alturas"mediante un equipo láser", concluíndo que existe un exceso de altura de entre 0,90 e 1 metro, sen especificar sequera se posúe unha titulación técnica suficiente para realizar tal medición coa precisión requirida para contradicir o informe de inspección urbanística municipal.

A vista do exposto, esta Administración non considerou procedente a revisión do informe cuestionado do inspector municipal de data....., toda vez que no expediente de licenza de primeira ocupación nº....., o enxeñeiro técnico de Obras Públicas con data..... emite o seguinte informe:

"...Realizadas visitas de inspección al terreno a urbanizar, se informa por parte de esta Oficina, que las obras se han ejecutado de acuerdo con las directrices marcadas.

Por lo tanto, no existe inconveniente, en que se continúe con los trámites para la obtención de la licencia de primera ocupación."

No indicado expediente, con data..... a aparelladora Municipal informa:

"A la vista de los planos del estado final de la obra y de la visita de inspección con motivo de la 1ª ocupación,

se pudo comprobar que en su construcción se observaron una serie de diferencias con el proyecto autorizado que paso a enumerar:

1ª. Supresión de una de las viviendas autorizadas en la planta baja cubierta de Escalinata a.....

2ª. Reajuste de plazas de aparcamiento y trasteros, cumpliéndose de igual manera la reserva de garaje.

Apertura de nuevos accesos a los garajes desde las plantas baja, 1ª y 2ª de Escalinata a rúa.....

No obstante las diferencias enumeradas cabe informar que el edificio se ajusta sensiblemente a las condiciones impuestas en la licencia y en el apartado 3.8.11.e. de las Ordenanzas (reposición de viario y aceras en el frente de la parcela, arbolado, conducciones, etc.). Presentan informe favorable en cuanto a las características de la urbanización en el frente de la fachada"

Con base nos anteditos informes, con data....., o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu outorgar á entidade mercantil, licenza de primeira ocupación do edificio, composto de 7 plantas, cun total de 67 vivendas e unha superficie construída total de 10.353,52 m2.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 06/03/2013, quen o 18/03/2013 remite escrito no que indica o seguinte:

- *No seu primeiro parágrafo no que se fai referencia a denuncia sobre "altura de edificación" e non sobre outros termos urbanísticos, xa que como é así, é sobre o único que, desde 2007, ten denunciado.*
- *Desde 2007 nos seus escritos reiteradamente menciónanse cotas específicas sobre planos específicos sempre referido a cotas de altura. Desafortunadamente no resto do seu informe obvian en todo momento dar resposta a este tema "altura excesiva" saíndo por outras derrotas.*
- *No seu segundo parágrafo indícase "O expediente está en fase de tramitación indicada, constando como dilixencias informativas, o informe.....", no sabendo como interpretar si isto significa que a súa denuncia e a súa tramitación continúan vivas para o Concello e os seus órganos.*
- *No seu cuarto parágrafo onde indica o artigo 208.4 da Lei 9/2002, do 30 de setembro, "os feitos constatados polo persoal.....sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios interesados", non deixa de constatar seu dereito a facer a denuncia, ser escoitado, e que se lle indiquen os dereitos legais e administrativos aos que se pode remitir para poder exercelos. O que o indicado por un persoal funcionario se considere probatorias e en presunción de veracidade non lle quita ao interesado seus dereitos, até hoxe nunca mencionados por esa Alcaldía, por iso nos seus escritos desde 2007, de xeito repetido, se indica por el: "habendo obtido as seguintes medidas, que contradín o indicado polo Técnico do Concello,.....solicitando a realización dunha medición contrastada"*
- *No seu quinto parágrafo, onde se menciona que na súa denuncia e no seu pedimento (do Valedor) está baseada en que "afirma que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan", indicando que solo aporta "unhas fotografías e unha percepción visual" cando xa no seu escrito denuncia, de data....., e seguintes, achegando ademais planos, con cotas mencionando:*
 - *cota a la planta 21,9 metros, en vez de 21,00 metros indicados no plano.*
 - *cota entre planta e cumio 5,0 metros en vez de 4,0 metros indicados no plano.*

E dicir, un exceso de altura xeral do edificio, e a máis da altura incrementada baixo cuberta (non como no seu escrito din que digo: "de entre 0,90 e 1 metro".

- No seu quinto parágrafo mencionan que non "especifican sequera se posúe unha titulación técnica suficiente para realizar tal medición coa precisión requirida para contradicir o informe de inspección urbanística municipal", e é cando agora debo apoiar, o seu (do Valedor), que "as administracións públicas ademais de ser intelixentes,,,,,,," xa que queda abraiado, o pensar que as súas medicións, que forman parte da súa denuncia, teñan VALOR, se el fose algo mais ca un cidadán normal e simple. Cree que isto significa un desprezo ao cidadán, por alguén non moi intelixente.
- Onde está escrito que en función do que sexa un cidadán a súa denuncia e probas, e capacidade para contradicir, son mais ou menos válidas e aceptadas?.
- Tense que ser alto, de color, non nacional, falar un idioma, bacharel, bombeiro para que tivéranse por válidas as súas medicións?.
- Cando intentou o Concello contrastar a súa capacidade, ou quen lle fixo as medicións?.
- Porque non accederon ao solicitado xa desde o.....:"Que se realice unha medición contrastada, ben por técnico que Vdes. designen e un designado polo interesado (ou el mesmo).
- Para máis INRI, casualmente o interesado é Enxeñeiro Naval Superior, especialidade Arquitectura Naval, desde....., con ampla experiencia laboral e forma parte dos seus instrumentos de medición, os equipos "Leica Disto A5, precisión de medición +- 1,5 mm" como equipo láser de medición de distancias".
- No seu sexto, sétimo e oitavo parágrafos mencionan:
 - que "esta Administración non consideren procedente a revisión do informe cuestionado....., toda vez que no expediente de licenza de primeira ocupación.....con data..... emite o seguinte informe:....."que as obras foron executadas de acordo coas directrices marcadas".
 - que "no indicado expediente con data.... o aparelador municipal informa:"A vista.....non obstante as diferenzas enumeradas cabe informar que o edificio axústase sensiblemente as condicións....."
 - que "presentan informe favorable en canto as características da urbanización no fronte da fachada".

Pero isto non indica nada, en canto a materia da súa denuncia por "altura", e é unha demostración da falta de "recepción" e "resolución" da Administración do Concello e os seus órganos, que tiveron a oportunidade de contrastalo polo denunciado "altura" en todas e cada unha destas actuacións, omitíndoo e sen embargo, e a mais INRI, cando xa estaba reclamado polo Valedor do Cidadán en datas previas a todos estes actos que intentan xustificar súa falta de resposta, e ademais intentase xustificar con expresións faltas de rigorosidade técnica.

Os técnicos, en menos en informes técnicos, non usan expresións vagas e no técnicas, tales como "en xeral"/"directrices marcadas"/"axusta sensiblemente", o sobre materia diferente a cuestionada, tal como "no fronte da fachada", sino como se regulen nas normas establecidas nas que se definen parámetros establecidos e fixos, como: aliñamentos, alturas máximas edificadas, pendentes, volume, edificabilidade, etc., todas elas expresadas con un número fixo, en metros, %, volumes, m²/m², etc.

Un volume pode ser o mesmo, pero obtido por multiplicación de diferentes medidas, unhas cumprindo e outras sen cumprir. Así mesmo unha altura media pode estar ben (aínda que as normas non utilizan este parámetro definitorio), e sen embargo a máxima altura está fora totalmente das normas.

Por elo un informe técnico, ou ben indica, CUMPRE ou non CUMPRE, ou ben indica a COTA MEDIA REAL, e a súa RELACIÓN COA PRESENTADA e APROBADA NO PROXECTO, obviando toda clase de adxectivos persoais non clasificadores que nada teñen que ver co denunciado: ALTURA.

Parece que o Concello e os seus organismos pretendesen co seu informe contestación, e non o aportado e con estas expresións (descoñezo se é un procedemento utilizado normalmente como salvagarda), marear a perdz, intentando fuxir da cuestión plantexada na miña denuncia: "Exceso de alturas".

O caso é que a discrepancia e o motivo das denuncias, ao día de hoxe sen resolver, existe; en que o interesado si comprobou a altura, e si ben en XERAL, poden axustarse as alturas, casualmente as que indica non se axustan.

Un Técnico (se así se fai chamar e está cualificado), non pode certificar que en GENERAL (Xeral) as dimensións da edificación, se axustan, cando en particular, existe unha que non. UNHA, A ALTURA, que da lugar ao non cumprimento do proxecto, e que afecta aos seus dereitos.

Para mais INRI, estando as súas denuncias en firme, ante a Concellería de Urbanismo, e non habéndome nunca o Concello nas súas contestacións indicado os trámites legais que en dereito lle corresponden para rebater nas aseveracións da altura da edificación e cumprimento do proxecto, resolveu dar licenza de primeira ocupación en.....

A contestación que se lle notificou o 06/03/2013 segue sen resolver a cuestión denunciada.

Por último, o interesado expón que a actuación da Consellería de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo entra dentro do suposto de Delito contra as institucións por ignorar de maneira reiterativa e continuada ao Valedor do Cidadán, xa que no ordenamento penal, no seu artigo 502, penaliza as autoridades e funcionarios que obstaculicen de calquera xeito as investigacións, que poidan levar a cabo os distintos Defensores do Pobo, Tribunais de Contas ou organismos equivalentes.

Solicita finalmente se lle indique, que pasos debe dar, ben apoiado polo Valedor, ben legalmente, xa que en ningún sitio da contestación da Concellería de Urbanismo e Vivenda, indica cales son o seus dereitos a exercer.

Pola nosa parte reiteramos o exposto no noso escrito de 12/06/2012, nº de saída...., documento.....:

As resolucións non deben adoeecer de falta de precisión, todo proceso administrativo implica, por definición, a existencia dunha pluralidade de actos altamente relacionados entre si; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ao mesmo tempo, unitario. Estas actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado que poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos) a tutela efectiva dos seus dereitos.

As cuestións presentadas polo interesado nas súas peticións non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, senón que constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas polo interesado.

O feito de non atender as peticións, e os argumentos produce unha incongruencia no procedemento que debe ser rexeitada.

O artigo 35 de Lei 30/1992, entre outros, consagra o dereito dos cidadáns a formular alegacións que deberán ser tidas en conta.

Segundo o tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas (27/03/2003), a Administración ten que facilitar todas as informacións pertinentes a outra parte actuante no procedemento.

Por todo prégase unha revisión do Informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona.

Con data 22/04/2013 reitérase o pedimento anterior e, de novo, o 23/05/2013, 24/06/2013, 24/07/2013, 23/08/2013, 20/09/2013, 18/10/2013, 18/11/2013, 16/12/2013.

Durante o ano 2014, déronse as actuacións seguintes:

Con data 13/01/2014 reiterase o pedimento informativo anterior, e, de novo, o 13/02/2014, 13/03/2014. Con data 01/04/2014, recíbese escrito do interesado no que mostra o seu desacougo pola falta de información con respecto a o seu pedimento.

Pola nosa parte, o 09/04/2014, dirixímonos ao Sr. Presidente da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións indicando o incumprimento da obriga do departamento de Infracción Urbanística, instando novamente a información interesada polo cidadán titular da queixa en cuestión; informando desta xestión ao interesado o 08/04/2014.

Con data 08/05/2014 reitérase a petición de informe, e, de novo o 06/06/2014, e o 01/12/2014.

Durante o ano 2015, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2015, reitérase novamente a petición de informe, e, de novo o 23/07/2015 indicando que o interesado o 13/02/2015 e o 17/02/2015 manifesta o seu interese sobre os pasos que debe dar para exercer os dereitos que lle asisten, entendendo que mentres siga a pagar o seus impostos debe manter a súa solicitude viva de non recibir a resposta do departamento correspondente, o que se comunica á Comisión de Suxestións e Reclamacións o 23/02/2015.

Con data, 01/04/2015 reitérase o pedimento anterior e, de novo, o 04/05/2015, 01/06/2015, 01/07/2015, 03/08/2015, 01/09/2015, 02/10/2015, 29/10/2015, 03/11/2015 e 17/12/2015.

Durante o ano 2016, déronse as seguintes actuacións:

Con data 07/01/2016, reitérase a petición de informe, e, de novo, o 01/02/2016, 15/02/2016, 01/03/2016, 14/03/2016, 01/04/2016, 18/04/2016, 02/05/2016, 01/06/2016, 01/07/2016, 26/07/2016, 26/08/2016, 20/09/2016, 19/10/2016, 16/11/2016 e o 13/12/2016.

Con data 02/03/2017, recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística, no que informa o seguinte:

"En resposta aos seus oficios nos que interesa información actualizada sobre as denuncias efectuadas, en relación á altura da edificación situada, infórmolle do seguinte:

Esta Administración xa remitiu á Concellería de Participación Cidadá o..... para a súa remisión ao Valedor do Cidadán, a aclaración solicitada do informe emitido por este servizo no expte.....(nº saída.....), o cal foi

recibido con data..... segundo consta no expediente e que literalmente di así:

"Por esta oficina iniciouse baixo o número de expediente..... o trámite de información previa regulado nos artigos 115 a 117 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, de disciplina urbanística de Galicia (RDU) en relación coas denuncias presentadas polo señor....."

O devandito expediente ten por obxecto esclarecer se as obras obxecto de denuncia son constitutivas dunha infracción urbanística e, no seu caso, ordenar a reposición da legalidade urbanística supostamente vulnerada. O expediente está na fase de tramitación indicada, constando, como dilixencias informativas, o informe emitido con data.... polo inspector de urbanismo no que se constata"que a altura da edificación AXÚSTASE, en xeral, ao proxecto presentado e visado con data....." (en referencia ao expediente de licenza nº.....), do cal se lle deu traslado ao interesado con data.....

Respecto da solicitude por parte do Valedor do cidadán, no que literalmente"pégase unha revisión do informe cuestionado e a súa adaptación á realidade do proxecto que se cuestiona", indicando que"as administracións ademais de intelixentes teñen que ser receptivas e resolutivas", cabe indicar:

Segundo os artigos 151 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 374 do Decreto....., do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os feitos constatados polo persoal da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as propias persoas interesadas.

Vostede basea a súa petición en que"o señor..... afirma que un técnico non pode cualificar que en xeral as dimensións da edificación se axustan", o cal non só non ten acollida na lexislación urbanística en vigor, senón que atenta contra a"intelixencia, receptividade e resolubidade" invocadas, toda vez que o denunciante unicamente aporta como proba fotografías e a súa percepción visual desde o exterior. Afirma o señor...., nunha denuncia posterior, que procedeu a medición de alturas"mediante un equipo láser", concluíndo que existe un exceso de altura de entre 0,90 e 1 metro, sen especificar sequera se posúe unha titulación técnica suficiente para realizar tal medición coa precisión requirida para contradicir o informe de inspección urbanística municipal.

A vista do exposto, esta Administración non considerou procedente a revisión do informe cuestionado do inspector municipal de data...., toda vez que no expediente de licenza de primeira ocupación nº....., o enxeñeiro técnico de Obras Públicas con data..... emite o seguinte informe:

"...Realizadas visitas de inspección al terreno a urbanizar, se informa por parte de esta Oficina, que las obras se han ejecutado de acuerdo con las directrices marcadas.

Por lo tanto, no existe inconveniente, en que se continúe con los trámites para la obtención de la licencia de primera ocupación."

. No indicado expediente, con data.....a aparelladora Municipal informa:

"A la vista de los planos del estado final de la obra y de la visita de inspección con motivo de la 1ª ocupación, se pudo comprobar que en su construcción se observaron una serie de diferencias con el proyecto autorizado que paso a enumerar:

1ª. Supresión de una de las viviendas autorizadas en la planta baja cubierta de Escalinata a.....

2ª. Reajuste de plazas de aparcamiento y trasteros, cumpliéndose de igual manera la reserva de garaje.

Apertura de nuevos accesos a los garajes desde las plantas baja, 1ª y 2ª de Escalinata a.....

No obstante las diferencias enumeradas cabe informar que el edificio se ajusta sensiblemente a las condiciones impuestas en la licencia y en el apartado 3.8.11.e. de las Ordenanzas (reposición de viario y

aceras en el frente de la parcela, arbolado, conducciones, etc.). Presentan informe favorable en cuanto a las características de la urbanización en el frente de la fachada".

Con base nos anteditos informes, con data....., o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu outorgar á entidade mercantil....., licenza de primeira ocupación do edificio sinalado co número... da rúa....., composto de 7 plantas respecto á citada rúa de... e 10 en relación á Escalinata a....., cun total de 67 vivendas e unha superficie construída total de 10.353,52 m2."

Nesta ocasión, e en todas as posteriores que se reciban en relación a este expediente, remitámonos ao informe enviado ao departamento de Participación Cidadá con data... e recibido o.....

Do que se deu cumprida información ao interesado o día 03/03/2017.

Nas datas 6/03/2017, 8/03/2017 e 8/09/2017, recíbense novos escritos do interesado, manifestando a súa desconformidade coa derradeira resolución municipal.

O día 23/10/2017, envíase unha Recomendación á Concellería de Urbanismo- Disciplina Urbanística, solicitando a emisión dunha resolución que especifique os recursos xurídicos que dispón o administrado en relación coa súa desconformidade coas resolucións administrativas recaídas no presente caso.

Posteriormente, o día 28/11/2017, o interesado presenta novo escrito, reiterando a súa queixa.

Con data 02/02/2012 reitérase a petición de informe, e, de novo o 09/03/2012, 09/04/2012, 07/05/2012, 11/06/2012, 13/07/2012, 06/08/2012, 06/09/2012, 05/10/2012, 06/11/2012 e 07/12/2012.

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 08/01/2013 reitérase a petición de informe, e, de novo o 5/02/2013, 11/03/2013, 09/04/2013, 09/05/2013 e 10/06/2013.

Durante o ano 2014 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2014 reitérase a petición de informe, e, de novo o 18/02/2014, 17/03/2014, 21/04/2014, 15/05/2014, 18/06/2014, 21/07/2014, 08/08/2014, 05/09/2014, 06/10/2014, 07/11/2014 e o 2/12/2014.

Durante o ano 2015 déronse as actuacións seguintes:

Con data 7/01/2015 reitérase a petición de informe, e, de novo o 2/02/2015, 2/03/2015, 1/04/2015, 4/05/2015, 2/06/2015, 1/07/2015, 3/08/2015, 3/09/2015, 5/10/2015, 30/10/2015, 3/11/2015 e o 17/12/2015.

Durante o ano 2016 reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 07/01/2016, 2/02/2016, 15/02/2016, 1/03/2016, 14/03/2016, 1/04/2016, 21/04/2016, 2/05/2016, 1/06/2016, 1/07/2016, 26/07/2016, 26/08/2016, 21/09/2016, 20/10/2016, 17/11/2016 e o 14/12/2016.

Durante o ano 2017 reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 16/01/2017, 14/02/2017, 13/03/2017, 11/04/2017, 9/05/2017, 9/06/2017, 7/07/2017, 7/08/2017, 7/09/2017, 9/10/2017, 9/11/2017 e o 11/12/2017.

- Aproveitamento dos recursos públicos, mediante a elaboración de plans e/ou convenios de colaboración con asociacións (Cruz Vermella, ONCE, DOWN, Menela, BATA, ANHIDA) para a contratación de cuidadores, terapeutas, enfermeiros que asistan os centros de ensino para favorecer a inclusión real dos nenos con discapacidade nos centros.

2. Área de Deportes:

- Escolas deportivas.
- Organización de actividades e eventos deportivos nos que poidan participar nenos discapacitados, inclusión e integración real.
- Piscinas municipais: ampliación do número de prazas con nenos nos cursos de natación. Adaptación das instalacións. Incorporación da figura do monitor especialista.
- Maior control da temperatura da auga e vestiarios.
- Ampliación da oferta de prazas de natación no tramo 0-3 anos con independencia de ter ou non discapacidade.
- Subvención ás ANPAS para a contratación de especialistas en actividades extraescolares axeitadas para escolares con minusvalías.
- Convocatoria do Consello Escolar de Deportes.

3. Área de Transporte, Mobilidade e Seguridade:

- Prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida. Melloras de acceso e sinalización. Maior control nas citadas áreas.
- Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Os nenos menores de 3 anos non son valorados para o recoñecemento de grado de minusvalía a efectos de transporte colectivo.
- Lembrar a grande afluencia de estes nenos con escasa autonomía motórica.

4. Área de Sanidade:

- Promover a implantación de centros de atención temperá e rehabilitación para nenos con diversidade funcional no municipio. Compromiso persoal do Alcalde. Constitución dunha equipa multidisciplinar de especialistas, nas técnicas precisas para completar a atención que oferta o sistema público de saúde.

- Creación dun protocolo de actuación para os casos nos que se detecta un posible diagnóstico de minusvalía infantil. Desde o primeiro momento no que a familia recibe a noticia (en numerosas ocasións en condicións de trato case inhumano, carentes de sensibilidade e empatía)... desde ese mesmo instante, comeza a espiral de precariedade asistencial, de apoio e información ás familias que dificulta a situación, xa per se moi difícil de asimilar. Ademais do persoal facultativo, debería haber a figura dun pedagogo/a ou unha equipa de pedagogo/a + traballador/a social que poida orientar e asistir ás familias desde o inicio.

5. Área de Educación:

- Baremo ingreso Escolas Infantís Municipais (EIM). O baremo que regula a matrícula o acceso ás EIMs mide por unha banda as rendas familiares (nas que poden darse até 4 puntos ás rendas máis baixas ou restar eses 4 puntos nas rendas altas) e por outra banda contéplase un apartado no eido social-familiar no cal figura un subapartado polo cal se poden outorgar 2 puntos por discapacidade recoñecida. As familias con nenos/as con diversidade funcional solicitamos que contemplan unha solución alternativa ou aumenten a puntuación por discapacidade xa que unha renda que estea entre o 50% e o 75% do IPREM (a cal lle corresponden 2 puntos) anularía a puntuación dada por minusvalía e, nestes casos, pensamos que non debería equiparse esas variables, senón que o criterio de atención a nenos/as con necesidades debería valorarse por enriba diso. Ademais debería valorarse a situación de dependencia no apartado de "outras circunstancias familiares debidamente acreditadas", no cal poden dar até 3 puntos.
- Atención a nenos/as con diversidade funcional. Non entendemos como unha Administración que oferta un servizo á cidadanía é capaz de rexeitar a un rapaz/a que obtén praza nunha escola infantil municipal porque o seu nivel de dependencia é alto. Solicitamos desta Concellería de Educación que mellore a rede de escolas infantís e, se é preciso, contemple persoal especializado en nenos/as con alta dependencia pero non discriminalos e apartalos porque tampouco é fácil o acceso destes rapaces/as a garderías privadas.
- Orientador educativo. ¿Ata cando imos a estar sen servizo de orientador municipal ofertado pola Concellería de Educación? Consideramos de primeira necesidade ter un pedagogo escolar ou un psicopedagogo para a figura de orientación escolar, que ademais sería quen informaría e aconsellaría as familias con e sen necesidades educativas especiais. Somos dos poucos concellos que non teñen orientador no Servizo Municipal de Educación.
- Creación de actividades adaptadas a nenos/as con discapacidade nas Escolas Municipais de música, teatro e danza.

6. Área de Distritos, Parques e Xardíns:

- Necesidade de adaptación do acceso dos parques infantís e dos elementos de xogo. Desde o 27/12/2012 e até o 9/10/2014, solicitouse informe até 22 veces, reiterado o 3/12/2014.

Con datas do ano 2015, reitérase o pedimento relativo a este capítulo durante sete veces até o 1/07/2015, e de novo o 3/08/2015, 3/09/2015, 5/10/2015, 29/10/2015.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 18/12/2012. Con data 19/12/2012 solicítase o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS:

Por todo isto, formúlanse estas propostas como recomendacións aos efectos correspondentes para acceder a unha igualdade plena no desenvolvemento da personalidade humana, velando deste xeito polo pleno exercicio da protección prevista para todos os nenos sen discriminación, tal como contempla a Constitución Española (artigo 49).

Durante o ano 2013 déronse as actuacións seguintes:

Con data 23/01/2013 reitérase a petición de informe. Con data 15/02/2013 recíbese escrito do Servizo de Educación, informando do seguinte:

"En relación co asunto de referencia e coa finalidade de que o trámite perante o Valedor do Cidadán, infórmase o seguinte:

Remitidos en datas.... e.... de.... dos correntes, escritos do Valedor do Cidadán (referencia 55/2012) sobre a queixa formulada por..... Relacionados con diversas necesidades que se demandan na área de educación, fanse as seguintes consideracións:

As necesidades nomeadas nos citados escritos foron debatidas e aprobadas por unanimidade no Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) na sesión Plenaria celebrada o pasado....., logo de ser presentadas como moción para que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva, pola Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), grupo de traballo que se constitúe integrado no funcionamento de Foanpa.

Respecto dos baremos de aplicación para o acceso á Rede de Escolas Infantís Municipais (en diante REIM), cómpre sinalar que este Servizo Municipal de Educación anualmente ven acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia, que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas para poder obter o cofinanciamento do goberno autonómico ou resultar beneficiario das citadas axudas, é a necesidade de adaptar a puntuación das solicitudes de novo ingreso dos equipamentos infantís municipais, ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar Social. Polo tanto os criterios de baremación aplicados respontan á obriga de adaptarse ao disposto nas convocatorias de axudas anuais da Xunta de Galicia (agás a puntuación outorgada pola cercanía do domicilio familiar), independentemente de que desde o Servizo Municipal de Educación se continúe a traballar na procura de tentar favorecer e optimizar a conciliación da vida familiar e laboral dos usuarios/as destes equipamentos municipais.

Respecto da suposta discriminación para a atención de nenos/as con diversidade funcional nos equipamentos que integran a REIM, cómpre sinalar que os equipos de atención temperá que funcionan nas EIM atenden neste intre nunha integración ordinaria a tres menores matriculados, que segundo os informes

de diagnóstico médico achegados acreditan distintos graos de discapacidade. Igualmente no marco da programación educativa que promove este Servizo Municipal, implementáronse as xornadas de teatro escolar coa participación activa e asistencia de alumnado con minusvalías acreditadas.

Respecto do orientador educativo, inda que non figure nos recursos humanos asignados ao Servizo de Educación, que ademais está suxeito á aplicación do Decreto Estatal para corrir o déficit que tan so permite a reposición de persoal en áreas "esenciais" e impide convocar novos procesos de oferta de emprego público, cómpre sinalar que o Concello de Vigo si está a prestar este servizo desde o Departamento de Orientación que funciona na Casa da Xuventude.

O que lle comunico aos efectos da resposta á información solicitada polo Valedor do Cidadán".

Do que se deu cumprida información á interesada o 18/02/2013.

Con data 15/02/2013, recíbese escrito do departamento de Deportes, informando do seguinte:

"Atendendo ó escrito remitido polo Valedor do Cidadán á Concellería de Deportes do Concello de Vigo, vinculado á queixa presentada ante esa institución pola....., en relación a cuestións enmarcadas no ámbito da práctica deportiva orientada a nenos e nenas con discapacidade na cidade de Vigo.

INFORMASE

A Concellería de Deportes e o IMD son coñecedores das necesidades do colectivo de nenos e nenas con discapacidade, e do esforzo que fan en todos os ámbitos, e particularmente no eido deportivo, por superar barreiras diariamente.

É por isto polo que o IMD ten a maior das sensibilidades coas necesidades do colectivo de nenos e nenas discapacitados, concretados nos seguintes extremos en relación ás cuestións plantexadas:

- *Escolas Deportivas: O IMD ten integradas dentro do programa municipal de escolas deportivas, actividades orientadas a nenos e nenas de entre 6 e 16 anos con discapacidade, nas modalidades de natación e baloncesto, coordinadas pola entidade C.D. AMFIV, que contan con persoal especializado en cuestións relacionadas co deporte para persoas con discapacidade.*
- *Piscinas Municipais: O IMD acometeu nos derradeiros 3 anos a adaptación de todos os espazos co obxectivo de eliminar calquera barreira arquitectónica existente, facéndoos accesibles a persoas con discapacidade, instalando ascensores no interior das instalacións, construíndo ramplas nos accesos, adaptando WC e vestiarios.... Así mesmo, infórmase de que tanto as condicións de auga como os espazos das instalacións, cumpren todos os estándares de temperaturas..., aínda que se revisarán os protocolos por si houbera algún tipo de disfunción dos sistemas.*

Na cuestión relacionada coa incorporación de novos monitores e o incremento da oferta de prazas de natación no tramo de 0-3 anos, o IMD estudará as posibilidades orzamentarias e de xestión das actividades ao obxecto de valorar dita posibilidade.

- *Subvencións ás ANPAS: As subvencións ás ANPAS son un área de responsabilidade do Departamento de Educación, co que entendemos que esta solicitude debe dirixirse á área correspondente.*
- *Convocatoria do Consello escolar dos deportes: Na Concellería de Deportes non se ten constancia da existencia de dito Consello.*

Non obstante, desde o IMD e a Concellería de Deportes agradecemos tanto as propostas como o resto de cuestións remitidas, xa que nos axudan a incrementar o nivel de calidade das nosas

actividades. Ademais, tendo en conta as particulares necesidades das persoas con discapacidade, e concretamente do colectivo de nenos e nenas, se valorará en profundidade cada un dos temas expostos ao obxecto de detectar calquera posibilidade de mellora dos servizos”.

Do que se deu cumprida información á interesada o 18/02/2013.

Con data 21/02/2013 reitérase a petición informe a Sanidade, Fomento e Distritos, Parques e Xardíns, e, de novo o 25/03/2017, 23/04/2017, 23/05/2017, 25/06/2017, 23/07/2013, 22/08/2013, 23/09/2013, 22/10/2013, 20/11/2013 e o 19/12/2013.

Durante o ano 2014 déronse as actuacións seguintes:

Con data 16/01/2014 reitérase a petición de informe a Sanidade, Fomento, Distritos, Parques e Xardíns, e, de novo, o 18/02/2014, 17/03/2014, 21/04/2014, 15/05/2014, 18/06/2014, 15/07/2014, 06/08/2014 e 09/09/2014.

Con data 02/10/2014 recíbese escrito de Sanidade, informando o seguinte:

“En relación coa queixa de referencia presentada ante a institución do Valedor do Cidadán da....., relativa a ÁREA DE SANIDADE, en concreto, sobre a necesidade de:

- *Promover a implantación de centros de atención temperá e rehabilitación para nenos con diversidade funcional no municipio. Constitución dunha equipa multidisciplinar de especialistas nas técnicas precisas para completar a atención que oferta o sistema público de saúde.*
- *Creación dun protocolo de actuación para os casos nos que se detecta un posible diagnóstico de discapacidade infantil.*

INFORMASE o seguinte:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo ven destinando no orzamento do Servizo de Sanidade un importe de 50.000,00 euros ao Plan Saúde, cantidade que se mantivo nestes últimos anos e non foi diminuída a pesar das restricións orzamentarias que sofren as administracións públicas.

Con este importe estase a facer fronte, fundamentalmente, ás seguintes actividades:

A) Fomento de hábitos de vida saudable na poboación viguesa a través de:

- *Programa Sintomeben, en colaboración co servizo municipal de Xuventude, co obxecto de previr enfermidades cardiovasculares na poboación xove para o que se realizan na Casa da Xuventude medicións antropométricas da poboación, se lles asesora sobre hábitos nutricionais e de actividades físicas ao tempo que se lles efectúa un seguimento.*
- *Actividades físicas saudables realizadas coa poboación nas praias en período estival e nos parques saudables da cidade con monitores especializados.*
- *Actividade de fomento de cociña saudable na época estival en Samil.*
- *Actividades informativas sobre concello saudable, reanimación cardiopulmonar (RCP) na época estival en Samil.*

B) Actividades terapéuticas asistidas con cadelas que se realizan ao longo do ano en diversas asociacións da cidade dedicadas, fundamentalmente, á atención de persoas con discapacidade como AFAGA, DOA, ASPANAEX, APAMP, ASPAVI e tamén con FOANPAS.

SEGUNDO.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, trala modificación introducida por a Lei 27/2013, de 27 de decembro, xa NON establece no seu artigo 25 como materias nas que o Concello, de acordo coa lexislación do estado e da C.A., exercerá competencias propias a de SAÚDE. Non obstante, a Lei autonómica 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local permite transitoriamente a prestación de servizos xa establecidos que non é caso dos que se indican na queixa. Polo exposto, a totalidade dos servizos en materia de SAÚDE son competencia propia da Xunta de Galicia. Segundo a normativa invocada trala modificación operada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, a día de hoxe, o Concello de Vigo non ten competencias propias para a implantación de servizos de saúde. É o que se ten a ben informar polo que respecta á xefatura do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 03/10/2014.

Con data 9/10/2014 reitérase a petición de informe a Concellería de Distritos, Parques e Xardíns, e, de novo o 10/11/2017 e o 4/12/2017.

Durante o ano 2015 déronse as actuacións seguintes:

Con data 8/01/2015 reitérase a petición de informe a Concellería de Distritos, Parques e Xardíns, e, de novo, o 3/02/2015, 2/03/2015, 1/04/2015, 4/05/2015, 2/06/2015, 1/07/2015, 3/08/2015, 2/09/2015, 5/10/2015, 3/11/2015 e o 17/12/2015.

Durante o ano 2016 déronse as actuacións seguintes:

Con data 7/01/2016 reitérase a petición de informe a Concellería de Distritos, Parques e Xardíns, e, de novo o 2/02/2016, 15/02/2016, 1/03/2016, 14/03/2016, 1/04/2016, 25/04/2016, 2/05/2016, 1/06/2016, 1/07/2016, 26/07/2016, 26/08/2016, 21/09/2016, 20/10/2016, 17/11/2016 e o 14/12/2016.

Durante o ano 2017, reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 16/01/2017, 14/02/2017, 14/03/2017, 17/04/2017, 15/05/2017, 14/06/2017, 12/07/2017, 9/08/2017, 11/09/2017, 10/10/2017, 13/11/2017 e o 13/12/2017.

27/07/2016, 26/08/2016, 23/09/2016, 24/10/2016, 18/11/2016 e o 14/12/2016.

Durante o ano 2017 reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 16/01/2017, 14/02/2017, 14/03/2017, 17/04/2017, 15/05/2017, 14/06/2017, 12/07/2017, 9/08/2017, 11/09/2017, 10/10/2017, 13/11/2017 e o 13/12/2017.

EXPEDIENTE 43/2013

ASUNTO:

Sanción de tráfico.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 5/12/2013. Con data 9/12/2013, solicítase o preceptivo informe.

Durante o ano 2014, déronse as actuacións seguintes:

Con data 21/01/2014 reitérase a petición a petición de informe, e, de novo, o 21/02/2014, 18/03/2014 e o 21/04/2014.

Con data 8/05/2014, recíbese escrito de Seguridade e Mobilidade, que indica o seguinte:

"En resposta á súa petición de informe en relación coa queixa presentada por D....., expediente 43/2013, sobre o expediente sancionador....., infórmolle:

O.... ás.... horas, o axente con carnet profesional nº..... formula denuncia contra o vehículo....., por estacionar nun carril de circulación.

O..... notifícaselle a denuncia ao titular.

O..... dita denuncia pasa a sanción de acordo co establecido no artigo 81.5 da Lei de Seguridade Vial:

"...Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de 15 días naturales siguientes al de la notificación de denuncia, esta surtirá efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador."

O..... presenta recurso de reposición.

O..... notifícaselle a través do BOP a desestimación do recurso (tras resultar infrutuosos os intentos de notificación persoal por estar ausente o interesado os días.... e o.....) no que se lle indica:

"...De acuerdo con el artículo 15.2 del RD 320/1994, de 25 de Febrero, por el que se aprueba el Reglamento del Procedimiento Sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, los hechos han quedado fijados y probados en la fase de instrucción del procedimiento, por lo que no pueden ser nuevamente objeto de impugnación".

CONSIDERACIÓN SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR.

Estase utilizando a vía do Valedor do Cidadán como unha segunda instancia, xa que o escrito remitido non se trata senón de alegacións fronte á multa imposta que non foi recorrida en tempo e forma."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 9/05/2014, quen con data 4/09/2014, comparece informando do seu desacordo con contido deste informe, en especial referencia á situación do seu vehículo en canto ao estacionamento do mesmo tanto pola noite como pola mañá da suposta inspección, advertindo unha vez mais da falta de sinais que informasen da prohibición de estacionamento ou da indicación de que existise un carril de circulación.

Xúntanse tres fotografías correspondentes á data da suposta inspección numeradas con números 1,2,3. Xúntanse outras fotografías correspondentes ao 3/09/2014 na mesma situación, agora limitando claramente o espazo como prazas de estacionamento para residentes do Casco Vello, con números 4,5 e 6.

Por outra parte, e á vista da súa insistencia de que o Valedor do Cidadán actuase como unha segunda instancia, signíficolle que o Valedor actúa con independencia, imparcialidade e obxectividade, levando o control, seguimento e coñecemento das reclamacións que se formulen, emitindo informes e propondo solucións que correspondan á realidade e co ánimo de evitar anomalías cando os servizos non respondan á normalidade, tal como neste caso se indicaba no seu escrito de 9/12/2013, onde se estima unha desaxeitada aplicación da normativa correspondente á realidade do feito sancionador o que ven a producir un erro imputábel á Administración pública que ten que derivar na nulidade da sanción.

Unha boa administración, nunha visión teórica, non é un dereito, é o obxectivo mesmo do Estado, sexa cal for a súa forma prescindindo da orde en que se der. Toda persoa ten dereito á reparación do dano causado polas institucións ou os seus axentes.

Por todo isto, estimamos procedente se revise o expediente en cuestión, con base a situación real que se plasma na exposición das alegacións feitas no seu día.

Con data 8/09/2014 reitérase o pedimento anterior sobre a revisión do expediente e, de novo, o 13/10/2014, 12/11/2014 e o 11/12/2014.

REFLEXIÓN:

Os datos da denuncia non se corresponden coa realidade da situación do vehículo. O interesado é titular dunha praza de garaxe no punto de estacionamento; dándose un erro por parte da Administración pública.

Con data 14/01/2015 reitérase a petición de informe e, de novo, o 12/02/2015, 9/03/2015, 8/04/2015, 8/05/2015, 4/06/2015, 22/07/2015, 4/08/2015, 9/09/2015, 13/10/2015, 3/11/2015 e o 21/12/2015.

Durante o ano 2016 déronse as actuacións seguintes:

Con data 8/01/2016 reitérase a petición de informe e, de novo, o 3/02/2016, 19/02/2016, 2/03/2016, 16/03/2016, 1/04/2016, 25/04/2016, 4/05/2016, 3/06/2016, 4/07/2016, 27/07/2016, 26/08/2016, 23/09/2016, 24/10/2016, 18/11/2016 e o 14/12/2016.

Durante o ano 2017 reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 17/01/2017, 14/02/2017, 14/03/2017, 17/04/2017, 15/05/2017 e o 14/06/2017.

Con data 28/06/2017, recíbese informe da Área de Seguridade e Mobilidade, que indica o seguinte:

"En cumprimento ao requirimento do Valedor do Cidadán no que solicita aclaracións ao informe remitido o... en relación coa queixa presentada por D..... sobre o expediente sancionador....., infórmolle novamente dos trámites realizados no mesmo:

1) O... ás... o axente con carné profesional número..... formula denuncia contra o vehículo matrícula....., por estacionar nun carril de circulación.

2) O..... notifícaselle a denuncia ao titular.

3) O..... dita denuncia pasa a sanción de acordo co establecido no artigo 81.5 da Lei de Seguridade Vial: ".....Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de 15 días naturales siguientes al de la notificación de denuncia, esta surtirá efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador."

4) O..... presenta recurso de reposición.

5) O..... notifícaselle a través do BOP a desestimación do recurso (tras resultar infrutuosos os intentos de notificación persoal por estar ausente o interesado os días..... e.....) no que se lle indica:

"...De acuerdo con el artículo 15.2 del RD 320/1994, de 25 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento del Procedimiento Sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, los hechos han quedado fijados y probados en la fase de instrucción del procedimiento, por lo que no pueden ser nuevamente objeto de impugnación."

CONSIDERACIÓN SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR.

O interesado non presentou alegacións no momento procesual oportuno polo que os feitos quedaron fixados e probados na fase de instrución do procedemento, que non poden ser novamente obxecto de impugnación.

Neste senso, é aclaratoria a sentenza 266/12 de 4 de xullo de 2012 do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo:

"...Para estos casos el iter procedimental previsto en el artículo 81.5 (actual 95.4) es el siguiente:

Si el denunciado no formula alegaciones ni abona el importe de la multa en el plazo de 15 días naturales (actualmente 20 días) siguientes al de la notificación de la denuncia esta surtirá efecto de acto resolutorio del procedimiento sancionador.

En este supuesto la sanción podrá ejecutarse transcurrido treinta días naturales desde la notificación de denuncia.

La terminación del procedimiento pone fin a la vía administrativa y la sanción se podrá ejecutar desde el día siguiente al transcurso de los treinta días antes indicados".

O interesado dispuxo de 20 días naturais para formular alegacións, computado a partir do seguinte a aquel en que recibira a notificación de denuncia (.....).

Non presentou escrito algún, de modo que aquela notificación se converteu, por designio legal, en acto resolutorio sancionador, que esgotou a vía administrativa.

Con relación á súa consideración de que o lugar da denuncia é un espazo de titularidade privada indicóuselle na desestimación das alegacións, que los preceptos de lei de seguridade viaria son aplicables en vías e terrenos privados que son utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios:

Que, de acordo co establecido no art. 2 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria:

“Los preceptos de esta Ley serán aplicables en todo el territorio nacional y obligarán a los titulares y usuarios de las vías y terrenos públicos aptos para la circulación, tanto urbanos como interurbanos, a los de las vías y terrenos que sin tener tal aptitud sean de uso común y, en defecto de otras normas, a los titulares de las vías y terrenos privados que sean utilizados por una colectividad indeterminada de usuarios.”

No presente caso, analizadas as fotografías obrantes no expediente, queda suficientemente acreditado que, con independencia do carácter público ou privado do lugar onde se atopaba estacionado o vehículo denunciado, dito lugar polas súas características externas pode ser utilizado como beirarrúa por unha pluralidade indeterminada de usuarios.

O que lle comunico para o seu coñecemento.”

Do que se deu cumprida información ao interesado o 29/06/2017.

Con data 17/07/2017 envíase á Concellería de Seguridade e Mobilidade, unha recomendación, reiterada os días: 17/08/2017, 18/09/2017, 18/10/2017, 16/11/2017 e o 14/12/2017.

REFLEXIÓNS:

Son numerosos os expedientes tramitados por esta Valedoría sobre temas relacionados coa Policía Local (desconformidade coas sancións impostas, problemas derivados do comportamento dalgunha das partes, solicitude de maior presenza policial nos casos relacionados co fenómeno do “botellón”...).

No presente caso, o fundamento para impor a sanción foi o artigo 91.2m do Regulamento Xeral de Circulación, o que determina que se consideran paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que dificultan gravemente a circulación, os que constitúan un risco ou obstáculo a circulación de peóns, vehículos ou animais.

Cabe destacar, que o interesado presentou tres alegacións perante o Concello de Vigo, manifestando que o espazo existente entre o vehículo estacionado e os bolardos é de 90cm/1m, por tanto, non impide a pasaxe do resto dos peóns, deixando sen efecto o fundamento da sanción; isto é, a obstaculización da circulación ao resto de veciños.

Así mesmo, mencionar que perante condutas legalmente tipificadas como infraccións administrativas, o principio de seguridade xurídica exige que en todo momento exista un procedemento que permita a salvagarda do interese xeral mediante a imposición de sancións.

Ditas sancións, tal e como establece o artigo 4 do Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, soamente se aplicarán perante infraccións consumadas e respecto de condutas e feitos constitutivos de infraccións administrativas delimitadas por Lei anterior á súa comisión.

En consecuencia, levando en conta que:

- O principio sobre o que recae a sanción de tráfico é a obstaculización de beirarrúa ao resto de peóns, feito que pode constatarse in situ que non acontece.
- O espazo existente entre a beirarrúa e a entrada da vivenda, consoante o escrito de Patrimonio-Inventario do Concello, non consta como público no Inventario municipal de bens e dereitos (coma xa alegara a familia ante o Policía Local).
- O procedemento administrativo sancionador en materia de tráfico iníciase sempre pola comisión dun ilícito administrativo; isto é, unha infracción de tráfico. Sen infracción de tráfico non hai procedemento nin sanción económica.

Entendemos que a imposición da antedita sanción carece de fundamento xurídico.

EXPEDIENTE 18/2016

ASUNTO:

En agosto de 2016 na zona de praias o cidadán promotor da queixa foi increpado con berros e insultos persoais por un dos axentes do Servizo de Costa e Praia do Concello de Vigo. Os feitos aconteceron cando o promotor do presente expediente sobardou o vehículo dese servizo, que se estaba a incorporar á estrada cunha manobra de marcha atrás en contra do sentido ao que obrigaba a súa situación.

Uns metros adiante o axente obrigou ao cidadán a deterse, preguntándolle se vira as luces azuis de galibo, ao que o interesado respondeu que non, solicitando, sen obter resposta, desculpas por parte do axente perante a súa falta de educación.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 1/09/2016. Con data 2/09/2016 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterada o 22/09/2016, 21/10/2016, 21/11/2016 e o 15/12/2016.

Durante o ano 2017 reitérase o pedimento informativo anterior nas datas: 18/01/2017, 16/02/2017, 16/03/2017 e o 18/04/2017.

Con data 28/04/2017, recíbese informe da Policía Local de Vigo, referindo o seguinte:

“En cumprimento de las instrucciones dictadas por D....., Intendente Jefe de la Policía Local de Vigo, le dirijo la presente en relación con los hechos ocurridos en la jornada del....., los cuales fueron denunciados ante esta Administración Local, mediante la Oficina de Atención Ciudadá, con nº de expediente.....- N°....., el pasado día..... del referido año.

Antes de nada, y con absoluta franqueza, queremos agradecer que nos hubiese hecho llegar su reclamación. Para el colectivo de esta policía, el suceso que nos ha expuesto provoca una enorme preocupación y las expresiones que se recogen en la misma, forman un estado muy desagradable e incómodo entre todos nosotros. Cuantas más vueltas le damos al asunto, menos razones de fundamento encontramos para lograr entender un acontecimiento tan grave.

A razón del señalado malestar, debo decirle que nos hallamos ante una cuestión sobre la que no existen precedentes y donde resulta inadmisibile cualquier práctica que pueda justificarlo. Acciones tan deplorables, traicionan los valores que con tanto empeño y firmeza defendemos, quebrantando los verdaderos principios donde se regula nuestro compromiso social por ofrecer unos servicios de calidad en aquellos contenidos que requieran de nuestra participación.

A todo esto, se debe añadir el perjuicio causado hacia aquellos que, cotidianamente, se esfuerzan por desempeñar su trabajo de manera honesta, entregándose íntegramente a sus labores, guardando las debidas cortesías y mostrando una actitud honorable.

En definitiva, para conseguir que nuestro trabajo se lleve a cabo libre de errores o defectos conforme a las reglas establecidas, resulta imprescindible cuidar y compartir con empatía y comprensión, siendo generosos y serviciales con nuestros semejantes, durante el desempeño de las funciones que tenemos delegadas. En el momento que conocemos realmente la transcendencia de nuestros cometidos y las responsabilidades que de éstos se derivan, alcanzamos una mayor conciencia del auténtico significado social que constituimos. Desempeñar nuestras tareas con acierto significa alejarse de cualquier influencia manipuladora que nos impida conectar con los demás de manera positiva. Respetar y apreciar a cada persona aumenta nuestro potencial, y así se logran grandes beneficios que nos permiten prosperar ante cualquier expectativa.

Cualquiera de nosotros tiene en cuenta a quienes les tratan con calidez, amabilidad y atención, de ahí que el primer paso que debemos dar consista en dispensar aquello que también nos agradaría recibir de los demás. Bien es cierto, que los agentes de la autoridad necesitan de una especial cobertura para cumplir con las funciones que tienen encomendadas por la Constitución Española, garantizando la protección del libre ejercicio de los derechos y libertades de todos los ciudadano/as, especialmente aquello que se refiere a la dignidad de la persona y los derechos inviolables que le sean inherentes. Por ello, los ciudadanos deben colaborar con los agentes de la autoridad cuando éstos realizan su labor, y mantener una actuación respetuosa, siempre y tanto el agente actúe dentro de los márgenes de la legalidad.

A todas luces, el comentario que pronuncia el agente de policía desacredita todo el principio de autoridad que representa y, en consecuencia, las funciones propias de su cargo y empleo. Utilizar el insulto, refleja una elevada falta de los valores morales más elementales y la ausencia de la suficiente capacidad intelectual. Confundir la discrepancia y la confrontación con el insulto y la descalificación, demuestran mala educación e incapacidad para el diálogo, lo cual se traduce en un inconveniente para adquirir una armoniosa interacción social que garantice la pacífica convivencia con nuestros semejantes.

Mediante la presente, no se pretende ofrecer una imagen de absoluta perfección donde se insinúe la falta de incorrecciones. Nuestra categoría profesional se constituye en la capacidad de adaptarnos a los demás,

ofreciendo una permanente voluntad de auxilio y colaboración que van acompañadas de cualquier comportamiento que se aleje de lo obstinado o tozudo. En todo momento, y ante cualquier situación, resulta ineludible mantener una conducta que transmita una genuina empatía y obtener una comunicación más efectiva que nos permita alcanzar el verdadero entendimiento y los criterios más acertados. Para merecer estos logros, es necesario estudiar la forma que adoptamos en nuestras relaciones diarias, aplicando el máximo cuidado durante el desarrollo de las labores y responsabilidades que tenemos adquiridas.

Humildemente, y en representación del colectivo de la Policía Local de Vigo, le ruego que acepte nuestras disculpas por la ofensa que ha tenido que soportar. Para nosotros, es indispensable reconocer los errores cometidos, sin esconder, culpar a otros o evadir nuestra parte de responsabilidad ante un hecho tan irritante como el que ahora nos ocupa. Una cosa es cometer un error y otra muy distinta no admitirlo o pretender encubrirlo y para ello, es preciso asumir la culpa que nos corresponde para poder crecer y aprender. Lo contrario, nos llevaría a un estado de perpetuo estancamiento que limitaría nuestros talentos o cualidades, aumentando el nivel de desconfianza entre nuestros vecinos.

Como organización, somos muy conscientes de lo que supone el trabajo en equipo y el significado de saber desenvolverse con acierto para superar cualquier contrariedad y sus desafíos, de ahí la importancia de lo que hacemos y como lo desarrollamos. Resulta esencial evitar ambientes que puedan concretar una manifiesta incapacidad donde se supere nuestro autocontrol suficiente en el momento de expresar opiniones o puntos de vista de una forma ordenada. La actuación cotidiana, es decir, todo lo que como organización hacemos o dejamos de hacer –acción/omisión- en nuestro devenir diario, juega un importante papel al respecto de la imagen que vamos creando, ya que se convierte en uno de los parámetros principales sobre el que se evalúan nuestras labores. Es importante remarcar el significado de nuestros comportamientos, lo cual implica aquello que se percibe de nosotros. Por esta precisa razón, necesitamos pensar con detenimiento en la mejor fórmula para manejar nuestras emociones y adquirir el hábito de percibir las de los demás, aceptando sus opiniones y sugerencias como algo indispensable para la realización de nuestro trabajo. Siendo flexibles, atentos y amables, conseguimos ajustar nuestras propias demandas y preferencias frente a situaciones desconocidas o de incertidumbre.

Cualquier acción que establezcamos tiene una dimensión comunicativa, es decir, habla de nosotros mismos. Estas funciones de comunicación transmiten, esencialmente, las razones fundamentales del grado de pensamiento y conducta que nos definen y, de esta manera, la ciudadanía obtiene una valiosa información de nuestro hacer cotidiano, por ello debe considerarse el comportamiento diario como un canal que acredita la esencia más auténtica de lo que simbolizamos. Todo lo que hacemos o decimos influye, en gran medida, en la potestad que podemos generar y por estas razones debe cuidarse y desarrollarse, adecuadamente, para lograr ser identificados como una asociación profesional que actúa regulada por un conjunto de normas en función de determinados fines, aspirando a lograr un mayor éxito en cada uno de sus actos y el consiguiente beneficio social.

Desde la dirección de Mando de la Policía Local de Vigo, se exige a todos sus integrantes seguir detalladamente los procesos establecidos sobre la correcta y adecuada conducta que deben mantener durante el ejercicio de las tareas que les han sido confiadas.

La verdadera responsabilidad se manifiesta cuando proporcionamos evidentes muestras de aprecio y proximidad, adoptando los lenguajes verbales y corporales idóneos que nos impulsen hacia unas relaciones ciudadanas más cordiales.

En la Policía Local de Vigo, también sabemos que a menudo un problema en sí crea la oportunidad necesaria para establecer una relación más profunda y cercana que nos permita entender los diferentes puntos de vista

de quienes participan en la acción. Pero, como sucede en todos los asuntos importantes, es preciso tener una voluntad inquebrantable de pensamiento y conducta que nos permitan alcanzar el entendimiento mutuo.

Ayudar a las personas que lo necesitan, dan propósito y significado al trabajo que hacemos generando la posibilidad para demostrar nuestras capacidades en beneficio de una sociedad más justa.

Examinado con especial interés su reclamación y sintiéndonos muy alarmados por lo que en ella se relata, se ha exigido a los funcionarios de policía con números de indentificación profesional..... y....., éste último como la agente que acompaña al demandado, el oportuno informe para que expliquen, de manera detallada, los pormenores de su actuación.

En relación a sus expresiones, resulta innegable el inapropiado comportamiento del agente....., y nada puede decirse en su defensa. La gravedad de sus palabras resulta intolerable, provocando un enorme menoscabo en la imagen de la Policía Local de Vigo.

Antes de concluir, no quiero pasar por alto los términos que ha utilizado para la redacción de su queja, donde se aprecian evidentes muestras de educación y respeto.

Teniendo en cuenta el lamentable trato recibido, ha demostrado sensibilidad y distinción en la transcripción de los hechos. A través de las palabras que dan forma al contenido de su demanda, su elevada categoría personal queda plenamente definida.

Para finalizar, y en arreglo a la reclamación que nos ha transmitido, le comunicamos que las expresiones proferidas por el funcionario de policía con número de registro profesional....., de conformidad con la Ley 4/2007, de 29 de abril de Coordinación de Policías Locales de Galicia, pueden ser constitutivas de una falta de disciplina grave o leve. No obstante, esta Administración Local ya no puede incoar el oportuno procedimiento para sustanciar la eventual responsabilidad disciplinaria ya que el reseñado agente de policía ha dejado de ser funcionario del Concello de Vigo, en el mes de..... del año 2016. Desde la mencionada fecha, ha pasado a formar parte del Concello de....., correspondiendo a dicha administración la potestad disciplinaria sobre el mismo.

La situación que anteriormente se refiere, no supone impedimento alguno para que pueda efectuar, en favor de sus derechos, la oportuna denuncia ante los Tribunales de Justicia.

Lamentando el incidente que nos ha comunicado y considerando las molestias que le hubiese podido ocasionar, en la Policía Local de Vigo quedamos a su entera disposición donde estaremos encantados de atenderle en todo aquello que pudiese necesitar."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 2/05/2017.

REFLEXIÓNS:

Os Policía Locais do Concello de Vigo, como forzas e corpos de seguridade, traballan con carácter profesional e permanente na defensa e manutención da seguridade pública.

É inherente ao seu traballo a comunicación coa cidadanía, polo que entendemos que tanto uns coma outros deben actuar con respecto e educación, e probablemente deste xeito, reduciríanse o número de queixas presentadas perante o Concello e a Oficina do Valedor do Cidadán.

Tanto o artigo 5.2.b) da Lei Orgánica 2/1986 de 13 de marzo de Forzas e Corpos de Seguridade, como o artigo 7.b)2 da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación de Policía Locais indican que os

membros das forzas e corpos de seguridade deben observar en todo momento un trato correcto e esmerado na súa relación coa sociedade.

EXPEDIENTE 30/2016

ASUNTO:

Queixa colectiva de varios traballadores do SERGAS por causa das sancións ocasionadas nos últimos meses por estacionamento indebido no recinto do Hospital Álvaro Cunqueiro (HAC).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 30/11/2016. Con data 14/12/2016 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 12/01/2017, 10/02/2017, 10/03/2017, 10/04/2017, 8/05/2017, 9/06/2017, 7/07/2017, 7/08/2017, 7/09/2017, 9/10/2017, 10/11/2017 e o 12/12/2017.

REFLEXIÓNS:

Os interesados aclaran que desde que comezaron a traballar no HAC estacionaban en lugares onde menos atrancaban o acceso ao hospital por parte dos usuarios e persoal de emerxencias do centro hospitalar, coñecendo que en stricto sensu incumprían algúns preceptos do Regulamento Xeral da Circulación (art. 154, art. 91.1, art.91.2 e).

Eles defenden a súa continuada actuación a partir do feito de que o órgano municipal tivese afirmado, en reiteradas ocasións, que non se procedería á imposición de sancións ao persoal do SERGAS, ben como na insuficiente reserva de prazas de estacionamento para o ese persoal.

Entre as demandas do persoal do SERGAS áchase a habilitación dun segundo carril de entrada e saída do hospital debido aos atascos de tráfico que se producen nos cambios de quenda dos traballadores, a habilitación dunha segunda glorieta na Estr. Clara Campoamor, abertura do parque de estacionamento do andar -3 para o persoal, reforzo das liñas e horarios do transporte público urbano até o HAC.

Neste caso a elaboración dun informe por parte da Asesoría Xurídica do Concello axudaría a coñecer até onde alcanzan as competencias municipais no presente conflito (vías de acceso, recinto do propio hospital), entendendo que tanto a administración autonómica como a local deben afanarse para que tanto os traballadores do SERGAS como os usuarios dese hospital accedan de forma rápida, segura e cun estacionamento que non supoña un agravo económico.

mueble, haciéndole constatar que ya en otras ocasiones hemos ido a este domicilio por el mismo motivo, si bien nunca hay ruidos.

Personados en el lugar, identificamos a la requirente, quien resulto ser..., DNI....., nacida en.... el (...), y con teléfono (...).

Esta nos pregunta si no escuchábamos el fuerte zumbido que había en la casa y que según ella provienen de la sala de....., no escuchando los agentes ruido ni zumbido alguno. Hablando con ella, comprobamos que tiene serios problemas de audición, pues apenas nos oía a escasos centímetros de ella, teniendo que hablar a gritos. Asimismo le mandamos encender el televisor, y tras ponerlo al máximo volumen, apenas lo oía. Tras lo expuesto preguntamos a.... si estaba con algún tratamiento por sordera, manifestando que si, y que estaba pendiente de ser operada de los oídos, llegando los actuantes a la conclusión que los ruidos no provenían del exterior sino mas bien del interior de la propia señora, cosa que le explicamos ya que según los datos que obran en jefatura, ya no es la primera vez que llama a CIMA por el mismo motivo. Esta señora nos presenta una medición sonométrica realizada por una empresa particular en la madrugada del día... de.... con un resultado positivo de 34 decibelios, si bien repetimos que en los 25 minutos que nos mantuvimos en el domicilio de la señora solo se oía el ruido de la lluvia.

(...):

Nos mesmos termos se pronuncian os partes de servizo emitidos pola Policía Local en datas.... (DOC.....),..... (DOC.....) e..... (DOC.....).

Asemade se lle informa que constan dúas medicións sonométricas realizadas pola Policía Local no domicilio da denunciante en datas..... e....., non superando as mesmas o nivel máximo de ruído permitido na vixente Ordenanza Municipal de ruidos e vibracións do Concello de Vigo.

Por último, infórmase que con data...., a Oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, en resposta á solicitude emanada do servizo de Medio Ambiente, emitiu informe sobre a licenza de actividade, literalmente como segue:

"En resposta á súa petición de informe sobre licenza concedida ao local situado no baixo do núm.... da rúa...., infórmolle que con data.... a Comisión Municipal de Goberno autorizou a apertura dun local para sala de....., segundo o expediente....."

O que se lle informa aos efectos oportunos".

Do que se deu cumprida información á interesada ó 12/12/2017.

REFLEXIÓN:

Nos últimos anos tense incrementado o número de queixas recibidas nesta Valedoría por problemas derivados da contaminación acústica.

Esta problemática ponse de manifesto tanto nos Informes anuais porante o Pleno do Concello como nos estudos realizados como Actuacións de Oficio pola Oficina do Valedor do Cidadán:

- Gestión de la contaminación acústica. Análisis de la legislación estatal y propuestas de aplicación para la administración local (2008). Espada Recarey L. Et al, Ed. Valedor do Cidadán- Concello de Vigo.

- A contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo (2006). Espada Recarey L. Et al, Ed. Valedor do Cidadán- Concello de Vigo.

Tanto a promotora do presente expediente como o resto da cidadanía afectada por problemas de contaminación acústica e con expedientes en trámite nesta Valedoría estiman a reiterada vulneración de dereitos constitucionais no que respecta á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE), o dereito a intimidade persoal e familiar (art. 18.1 CE) e o dereito a protección da saúde (art. 43 CE). O artigo 45 CE insta aos poderes públicos a defender o uso racional dos recursos naturais a fin de protexer e mellorar a súa calidade de vida e o respecto ao ambiente.

Desde esta Valedoría recoméndase á Concellería de Medio Ambiente que adopte as medidas oportunas a fin de que se cumpran os límites legais de ruído permitido.

EXPEDIENTE 23/2016

ASUNTO:

En setembro de 2011 o Concello de Vigo emitiu unha resolución incoando expediente de orde de execución para a limpeza dun terreo, propiedade dunha sociedade limitada.

Posteriormente, perante a falta de actuación, o Concello impón, a través da resolución de novembro do 2012, multa coercitiva á sociedade polo incumprimento da orde de execución sobre a limpeza do terreo.

O promotor do expediente aclara que, transcorridos catro anos desde a derradeira resolución municipal, os problemas de salubridade e hixiene derivados da falta de limpeza do terreo lindeiro co seu aínda persisten.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o 28/09/2016. Con data 29/09/2016 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, reiterado o 19/10/2016, 17/11/2016 e o 14/12/2016.

Durante o ano 2017 é reiterado o pedimento informativo anterior nas datas: 17/01/2017, 15/02/2017, 16/03/2017 e o 18/04/2017.

Con data 28/04/2017, recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade, que informa o seguinte:

"A raíz da denuncia de Don..... e a vista do informe do inspector de Sanidade de data....., o..... a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou resolución de incoación de expediente e orde de execución, pola que se requiría a..... S.L. a limpeza do terreo da súa propiedade (segundo información catastral) emprazado no....., Teis, Vigo, con referencia catastral..... Na resolución concedíasele 10 días

para alegacións ao expediente e 30 días naturais para levar a cabo a limpeza do terreo.

O.....,..... presenta escrito no que manifesta que todos os bens de titularidade de....., S.L., pasaron a ser de..... S.L., e solicita o arquivo do expediente toda vez que a finca obxecto da orde de limpeza xa se limpou. O....., o inspector emite novo informe no que di que o terreo segue no mesmo estado de insalubridade, polo que, o....., o mesmo órgano emite nova resolución pola que se require a..... S.L., para que leve a cabo a limpeza do terreo segundo a súa manifestación é da súa propiedade. O que se comunica aos efectos oportunos”.

Do que se deu cumprida información ó interesado ó 2/05/2017.

En 21/07/2017 reitérase a petición de informe e, de novo, o 21/08/2017 e o 21/09/2017.

Con data 29/09/2017, recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade, indicando o seguinte:

“O....., a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou resolución pola que se incoou expediente de orde de execución a....., S.L. para que levara a cabo a limpeza do terreo da súa propiedade, emprazado no....., Teis, Vigo, con ref. Catastral....

Rematado o prazo concedido para levar a cabo a limpeza do terreo, o....., remitiuse o expediente de novo a informe do inspector municipal para que comprobara si se deu cumprimento a orde de execución.

O expediente sigue a informe do inspector municipal; unha vez sexa devolto á oficina administrativa, procederase ao seu arquivo (no caso de que o terreo se atope en condicións de salubridade) ou procederase a imposición da multa coercitiva correspondente.

O que se comunica aos efectos oportunos”.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 2/10/2017.

O día 20/10/2017 reitérase a petición de informe e, de novo, o 20/11/2017.

Con data 13/12/2017, recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade, reflectindo o seguinte:

“RESOLUCIÓN IMPOÑENDO MULTA COERCITIVA POR INCUMPRIMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN SOBRE LIMPEZA DE TERREOS.

I. FEITOS/ANTECEDENTES.

I.1. En data....., a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable resolveu incoar expediente de orde de execución a....., S.L. como propietario do terreo sinalado emprazado no....., lindante ao núm.....,Vigo, polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato nas que se atopaba, segundo así resultou do informe do inspector municipal.

I.2. Na mesma resolución ordenouse ó interesado que, no prazo máximo de 30 días, a contar a partir da finalización do trámite de audiencia, procedese á súa adecuada limpeza, garantindo o mantemento das condicións de limpeza, salubridade e ornato esixibles pola Ordenanza municipal e a lexislación urbanística

vixente, apercibíndolle ó mesmo tempo que, de non cumprir esa orde, procederíase á súa execución forzosa conforme co previsto na normativa aplicable, ben en forma subsidiaria por esta Admón. Municipal e a costa da propiedade, ben mediante a imposición de MULTAS COERCITIVAS de 1.000 A 10.000 €, reiterables até lograr a execución do ordenado. A resolución notificouse ao interesado o...

I.3. Transcorrido ese prazo, o....., comprobouse polo inspector municipal que non se realizaran os traballos de limpeza ordenados, manténdose o terreo de referencias nas mesmas (ou peores) deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato.

II. NORMATIVA EXAMINADA

RDLex. 7/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana (Art. 15.1.b) en relación cos artigos 16.1 para o solo en situación de rural ou vacante de edificación e 17.3 para o solo en situación de urbanizado).

L. 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Arts. 135 e 136).

L. 29/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Admóns. Públicas (LPACAP).

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se proba o regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia de 10 de febreiro (art. 332 a 340).

Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de RSU (BOP nº 200, do 18.10.1994).

III. RESOLUCIÓN.

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial o artigo 136 da LOUGA, en uso das facultades que me están conferidas.

RESOLVO:

1º Impoñer a.... S.L., como propietario do terreo emprazado en....., Teis, Vigo, (ref. Catastral.....), unha MULTA COERCITIVA de.... € polo incumprimento da orde de execución ditada pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o....., a fin de acadar a súa execución forzosa.

2º Advertirlle que esta multa poderá ser reiterada e incrementada na súa contía até lograr a completa execución do ordenado, se transcorrido o prazo dun mes, contado desde o día seguinte á notificación desta resolución, a orde de execución non se tivese realizado, e sen prexuízo de esixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no artigo 556 do Código Penal.

3º Informar ó interesado que, tocante ó pagamento da multa imposta, as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes poderanse pagar desde a data de notificación até o día 20 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior, e as notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de notificación até o día 5 do segundo mes posterior, no devandito prazo, transcorrido o cal sen efectualo, exaccionarase pola vía de apremo, cun recargo do 20% e o devengo dos xuros de demora até a data de ingreso, conforme ó procedemento establecido no Regulamento de Recadación.

4º Notificar esta resolución ó interesado, informándolle que a mesma esgota a vía administrativa e que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes desde o día seguinte á recepción da súa notificación, entendéndose desestimado polo transcurso de 1 mes sen ditarse e notificarse resolución expresa, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados tamén a partir do día seguinte ó da recepción da respectiva notificación, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

Do que se deu cumprida información ao interesado ó 13/12/2017.

Con data 15/03/2018 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade, indicando o seguinte:

"En relación co escrito de data....., informamos o seguinte:

- 1. O..... recibiu a resolución de data..... pola que se lle impuxo unha multa coercitiva de..... € por non ter levado a cabo a limpeza do terreo con ref. Catastral....., emprazada no camiño do.....*
- 2. O..... presenta recurso de reposición contra a resolución anterior en base que non é propietario do terreo en cuestión e que descoñece a quen corresponde a súa titularidade.*
- 3. No Catastro non figura un titular que poida ser localizable."*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/03/2018.

REFLEXIÓNS:

Un dos problemas máis comúns dos habitantes de Vigo é a falta de limpeza de terreos e solares por parte da veciñanza, tanto persoas físicas como xurídicas (presente caso).

O art. 9.1.b da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o art. 13 da Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos de outubro do ano 1994, advirten aos propietarios de toda clase de terreos e solares que deben mantelos en condicións de limpeza, salubridade, seguridade e con arranxo as normas de protección do medio ambiente.

Así mesmo, advírtese de que o incumprimento desta obriga dará lugar a imposición de sancións pecuniarias (caso que nos ocupa) por parte da Administración local. A negativa a atender as ordes de execución ditadas polo Concello comportará a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000€, reiterábeis até cumprir o mandato ou execución con carácter subsidiario polo propio Concello e con cargo ao obrigado.

A actuación da Administración local xoga un papel importante nesta materia, xa que a través das mencionadas sancións forzan ao propietario a limpar a súa tenza, sendo unha das posíbeis solucións ao problema presentado polo interesado.

mento e/ou saneamento a un abonado a) si non satisfai, puntualmente, o importe dos servizos conforme ao estipulado na póliza de subministro.

- Establece no seu artigo 26.3 que os gastos orixinados polo corte de subministro e/ou saneamento e o seu posterior restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo até que non proceda ao seu pago.
- Establece no seu artigo 76.2 a obrigatoriedade dos abonados do servizo de facer fronte ao pago dos recibos, contemplando o corte de subministro para os casos en que existan importes non satisfeitos.

Ordenanza Fiscal N° 60, reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministro de auga potable, rede de alcantarillado, saneamento e depuración de augas residuais.

- Establece as taxas de aplicación para a facturación dos seguintes servizos ou traballos:
 - Cota de abono ao servizo (Tarifa I)
 - Subministro de auga potable (Tarifa II)
 - Saneamento e depuración (Tarifa III)
 - Reposición do subministro (Tarifa VIII)

2º.- SITUACIÓNS NAS QUE HAI SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO

A suspensión do subministro por falta de pago é unha ferramenta de xestión. A súa utilidade é reactivar o pago periódico que, na gran maioría dos casos, detívose por causas alleas á falta de medios do usuario. Entre ditas causas inclúense:

- Abandono do local abastecido, por situacións como fin dun alugamento, conexións fraudulentas ou peche de negocio.
- Incidencias ou erros no proceso de pago domiciliado en conta, por exemplo, por pecharse unha conta, por cambiar a codificación da conta ao ter lugar unha fusión ou absorción da entidade de crédito, etc.

3º.- SITUACIÓNS NAS QUE NON HAI SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO

Se a causa de falta de pagamento é a falta de capacidade de pago do usuario, a concesionaria dá Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas en Vigo esgota todas as outras ferramentas de axuda:

- Fórmulas de pago fraccionado, personalizadas en función da situación económica de cada cliente.
- Utilización dos servizos ou fondos sociais para o pago da débeda.

Ademais das propias axudas directas municipais en data 08.07.2016 a Xunta de Goberno Local aprobou un "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS... Y..."; co obxecto de establecer a colaboración de ambas as partes para garantir o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable aos veciños de Vigo en situación de exclusión social, facilitándolle as axudas necesarias.

- A concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas en Vigo ten identificados os beneficiarios da exención do Canon da Auga por renda, que é un concepto incluído no recibo bimestral e emitido por conta do organismo autónomo Augas de Galicia.

- A concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas en Vigo establece no ano 2013 que todos estes usuarios, aos que se concedeu unha exención en base a súa situación económica, non entren en ningún caso nos procedementos de reclamación de débeda a través das campañas de suspensión da subministración.

Nunca se chega á suspensión da subministración de auga a usuarios que están previamente identificados como exentos no Canon por situación de exclusión social.

4º- CONCLUSIÓN

A concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas en Vigo non corta a auga a un cidadán que non a poida pagar por razóns de renda acreditada deixando fora do procedemento de suspensión da subministración a todos os usuarios que teñen concedida a exención do Canon da auga por motivos de renda.

A concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas en Vigo formaliza plans de pago adecuados á situación económica dos usuarios.

No Concello de Vigo existen mecanismos de acción social que cobren parcial ou totalmente o custe dos recibos da auga de aqueles cidadáns en risco de exclusión social que non poden facer fronte ao seu pago. O que informo aos efectos procedentes".

Do que se deu cumprida información á interesada o 13/09/2017.

REFLEXIÓNS:

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa resolución 64/292 de 28 de xullo do 2.010, recoñece a auga potábel e o saneamento como dereitos humanos esenciais para o pleno gozo da vida. Insta aos Estados e ás Organizacións Internacionais a que intensifiquen os seus esforzos para proporcionar a toda a poboación un acceso á auga potábel e o saneamento.

O Comité sobre os Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de Nacións Unidas, na sesión celebrada en Xenebra en novembro do 2002, afirmou, na observación xeral núm. 15, que o dereito humano á auga é o dereito a ter acceso a auga suficiente, salubre, aceptábel, accesíbel e asumíbel para o uso persoal e doméstico.

Así mesmo, cabe sinalar que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece, no seu artigo 25.2.c), como competencia dos concellos, o abastecemento de auga potábel a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais.

Porén, o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo dispón, no seu artigo 6.a) que *"Todo abonado virá obrigado ó pagamento puntual dos cargos que o concesionario lle formule..."*, mentres que o artigo 14.c , establece *"O dereito ó subministro de auga e saneamento dun solar, inmovle ou finca pode extinguirse: [...] Polo incumprimento das normas contempladas neste regulamento.*

Do que se deu cumprida información á interesada o 10/04/2017.

O día 21/08/2017 recíbese escrito da interesada, solicitando a reabertura do expediente perante a existencia dun novo foco de chatarra. Con data 21/08/2017, solicítase o preceptivo informe á Policía Local do Concello de Vigo.

Posteriormente, o día 20/09/2017, recíbese novo informe da Policía Local do Concello de Vigo, reflectindo o seguinte:

"DILIGENCIA DE REMISIÓN E INFORMACIÓN:

Antecedentes:

Con fecha.... actual, agentes de este Cuerpo con los números.... y..., elaboraron un parte de servicio en el que se hacía mención a un foco de chatarra ubicado en la calle.....

El referido parte que se cumplimentó con un reportaje fotográfico, fue enviado al Valedor do Ciudadán.

Con fecha..... actual y desde la misma Institución, solicitaron la reapertura de expediente.

Gestiones Policiales realizadas tras la petición de reapertura de expediente:

Recibida la petición en la sección de Relaciones Ciudadanas de Policía Local, se trasladó a la Oficina Administrativa para su registro, ya que es a dicha oficina a quien corresponde dar de alta los documentos entrantes.

Cumplimentado el anterior trámite se trasladó a Relaciones Ciudadanas para gestión.

Al haber intervenido los Agentes.... y... en el informe e inspección iniciales, se consideró aconsejable que el segundo informe de situación, se confeccionase por los mismos Policías. Podrán a la vista de la primera inspección hacer una valoración en esta segunda que se solicita.

Los Agentes se reincorporaron de su período vacacional en la segunda semana de septiembre, recibiendo como cometido prioritario el asunto que aquí nos ocupa.

Entregaron el informe y un reportaje fotográfico el día.... de 2017.

Datos de interés que contiene el parte policial (sinopsis):

Los Agentes reseñan situación de acumulación de chatarra, y adjuntan a su informe un reportaje fotográfico detallado.

Asimismo hacen una mención a la conveniencia de que por parte de un técnico de Medio Ambiente, se proceda a la inspección del lugar y se valore la situación concreta de la posible contaminación.

También y en lo que se refiere a la titularidad del camino donde se acumula chatarra, aconsejan que el departamento de Patrimonio de este Concello, determine si es de titularidad pública o privada.

Otras consideraciones:

El parte policial y el reportaje fotográfico, cumplimentan lo solicitado –visión de situación actual-, con independencia de la visita del técnico medioambiental al lugar, y del informe de Patrimonio referente a la titularidad donde se ubica el foco de acumulación de chatarra.

Tendrá que determinarse por quien corresponda, si finalmente se solicitan los informes recomendados.

Es de preveer que desde la oficina Administrativa de Policía Local, les remitan en días próximos el documento elaborado por los Agentes y las fotografías. Se trataría de los mismos documentos que en este acto enviamos desde R. Ciudadanas. La remisión desde nuestra oficina se basa en la necesidad de agilizar trámites.

Do que se deu cumprida información á interesada o 2/10/2017.

Con data 29/09/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Patrimonio, reiterado o 16/10/2017.

O día 14/11/2017, recíbese informe da Concellería de Patrimonio, que indica o seguinte:

"INFORME:

En resposta á dilixencia solicitada polo XEFE DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ, referente á titularidade do terreo desde a casa N°... DA RÚA... até o final do camiño, maniféstase o seguinte:

O tramo do camiño sobre o que se solicita aclaración da súa titularidade (entre a citada casa n°... e o final do mesmo, subliñado en cor laranxa no plano incorporado neste informe, Folla Cartográfica...) SI CONSTA GRAFIADO COMA PÚBLICO e incluído no Epígrafe I, Bens Inmables-Viais, do Inventario Municipal de Bens e Dereitos en vigor, aprobado por acordo plenario coa data do 04/05/1993.

O que lle comunico aos efectos oportunos".

Do que se deu cumprida información á interesada o 14/11/2017.

Con data 15/11/2017, envíase unha Recomendación á Concellería de Limpeza, reiterada o día 14/12/2017.

REFLEXIÓNS:

Inicialmente enviouse escrito á Concellería de Patrimonio para confirmar a titularidade do terreo onde o veciño deposita os electrodomésticos e demais residuos. En caso de constar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos como público procederíase á imposición dunha sanción económica.

O artigo 34 da Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos de outubro do 1994 establece *"a prohibición de depositar na vía pública e espazos públicos mobles, electrodomésticos, colchóns, útiles ou outros obxectos inservibles para que sexan retirados polos camións recolectores da recollida de lixo domiciliario..."*

O abandono de mobiliario na vía ou espazos públicos constitúe unha infracción grave (art.50.2.g da Ordenanza), mais a súa reiteración durante tres anos supón a comisión dunha infracción moi grave (art.50.3.a reincidencia na comisión de 3 faltas graves).

Finalmente, cabe sinalar que a demanda ao Concello dos veciños que teñen a casa lindeira ao referido núcleo de lixo baséase na imposibilidade de residir na súa vivenda (insectos, roedores e demais animais infecciosos) e na necesidade dun contorno que non prexudique o ambiente nin a saúde da totalidade da veciñanza.

do Informe da Xefa do Servizo de Educación do Concello, a competencia sobre a presente materia é municipal.

O día 9 de novembro do 2016, enviábase escrito á Concellería de Educación, solicitando o traslado do expediente ao Servizo Municipal de Deportes para que se adopten as medidas oportunas, reiterado o día 5/12/2016.

Durante o ano 2017, reitérase a petición de traslado do expediente ao Servizo Municipal de Deportes nas datas: 10/01/2017, 8/02/2017 e o 8/03/2017.

Con data 12/04/2017, enviábase escrito á Concellería de Patrimonio, solicitando información sobre se dita porta está situada dentro ou fora do recinto educativo, isto é, se consta no Inventario Municipal de Bens, reiterado en 10/05/2017, 12/06/2017, 12/07/2017 e o 9/08/2017.

Con data 29/08/2017, recíbese escrito da Concellería de Patrimonio, indicando o seguinte:

"INFORME

En resposta á dilixencia do XEFE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ interesando informe en relación co obxecto da queixa presentada ante o Valedor do Cidadán por DNA..... e, en particular, sobre"....Se a precitada porta está situada dentro ou fora do recinto educativo, e dicir, se consta no Inventario Municipal de Bens..." (ubicada dentro do círculo de cor azul no plano incorporado neste informe, Folla....) manifestase o seguinte:

- 1. No Epígrafe I, Bens Inmóbiles–Viais, do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, actualmente en proceso de revisión, pendente de aprobación constan COMA DE TITULARIDADE MUNICIPAL as propiedades N°.....- COMPLEXO POLIDEPORTIVO..... e N°.....- INSTITUTO NACIONAL ENSINO MEDIO..... lindantes entre si e separadas por un muro que discorre en dirección Oeste-Leste polo lindeiro Sur da propiedade N.º.... e polo lindeiro Norte da propiedade N.º.... (subliñado en cor vermella no plano incorporado neste informe, Folla....).*
- 2. Tendo en conta a ubicación da porta, as características do peche, a rasante do terreo e o plano do "Proyecto de Complejo Deportivo Municipal en Vigo" obrante no expediente do Inventario Municipal, pode deducirse que a porta en cuestión ubícase no peche da Propiedade Municipal N°.....- COMPLEXO POLIDEPORTIVO..... O que lle comunico aos efectos oportunos"*

Do que se deu cumprida información á interesada o 4/09/2017.

Con data 4/09/2017 enviábase escrito á Concellería de Deportes, solicitando que se adopten as medidas oportunas que permitan habilitar a antedita porta, reiterado o día 9/10/2017.

O día 26/10/2017, recíbese informe da Concellería de Deportes, reflectindo o seguinte:

"Recibido neste Servizo de deportes escrito da Xefatura do Servizo Municipal de Participación e Atención Cidadá de data....., en relación co asunto de referencia e como resposta ao mesmo, emítese o seguinte:

INFORME

1. O acceso ao complexo deportivo realízase a través da zona de control de acceso sita na porta principal do complexo deportivo. Desde este punto realízase o control de todos os usuarios que acceden en todo momento as instalacións deportivas, entre eles os alumnos do centro educativo así como a entrega de chaves das unidades de vestiarios que se van a usar en cada franxa horaria de ocupación das instalacións.

2. A realización do acceso das instalacións desde outro punto de acceso implicaría non ter coñecemento en todo momento dos usos dos espazos deportivos e dos espazos de vestiarios, o que supón un descontrol para o conserxe responsable da instalación sobre os usos dos espazos e as persoas que se atopan na instalación.

3. Débese recordar que en todo momento o alumnado de dito centro accede ao Complexo pola beirarrúa de 4 metros de ancho, do mesmo lado do centro educativo polo que acceden cando entran na apertura da xornada escolar. En ningún momento os alumnos cambian de rúa ou atravesan calzada algunha para o acceso as instalacións.

Non estamos a falar dun acceso a un único espazo deportivo pechado e delimitado, senón do funcionamento dun complexo deportivo que abrangue a seis espazos deportivos con diferentes usuarios, e que require do persoal de control da instalación un coñecemento da ocupación da instalación, pola que pasan a diario máis de 1.500 persoas. Estamos a falar de racionalidade, eficiencia e seguridade no sistema de control e acceso.

Dentro do regulamento de funcións do empregado municipal responsable da instalación, oficial de instalación, está a velar polo control de acceso e saída das instalacións deportivas dos usuarios, entrega e recollida de chaves, que se entregan aos responsables das entidades usuarias das instalacións, ditas funcións non se poderían realizar si o acceso non se realiza polo acceso principal da instalación.

Estase a valorar un punto de vista particular sobre os accesos, obviándose en todo momento o funcionamento e xestión do conxunto das instalacións e todos os usuarios."

Do que se deu cumprida información á interesada o 27/10/2017.

REFLEXIÓNS:

Na actualidade os mozos de 12 anos cursan os seus estudos de ensino secundario nos IES, onde conviven con outros rapaces de 17 e 18 anos cun maior grao de madurez.

No presente caso, os promotores do expediente e pais dunha rapaza de 12 anos, senten un profundo desacougo ante a idea de que a súa filla acceda pola beirarrúa ao pavillón municipal onde se imparte a materia de Educación Física, polo que solicitan a habilitación da porta que une o IES co pavillón.

O informe da Concellería de Patrimonio de 29/08/2017 confirma que a porta en cuestión está localizada no peche da Propiedade Municipal e, por tanto, a competencia é municipal.

A posíbel solución ao presente caso recae no bo entendemento entre o cadro de profesores de educación física e o empregado municipal responsábel da instalación (quen controla o acceso e saída das instalacións deportivas e a entrega/recollida de chaves).

A tarefa de control da Oficina Técnica de Montes, Parques e Xardíns sobre os traballos realizados pola empresa concesionaria... no tocante á preservación desas árbores, pode determinar a través do seu informe, se procede ou non a retirada ou o cambio dos alcorques cadrados e enreixados desa vía pública.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 6 de marzo do presente ano. Con data 14/03/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Transportes, reiterado o 30/03/2017, 26/04/2017, 26/05/2017.

Con data 8/06/2017 recíbese informe da Concellería de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, informando do seguinte:

"En relación coa solicitude de informe requirido polo Valedor do Cidadán, en relación ó escrito de queixa-suxestión formulada na data..... (doc.....) expediente....., por Dona....., no que manifesta que utiliza habitualmente as liñas 12-A e 12-B para ir ó IES... e que en numerosas ocasións as ramplas de acceso con cadeiras de rodas están estragadas.

Consultada a documentación obrante neste servizo se lle informa que diariamente realizase unha revisión das ramplas dos vehículos en servizo. No obstante, en algunhas ocasións se producen incidencias que se intentan solucionar á maior brevidade posible enviando outro vehículo.

Se suxire que nos faciliten o contacto con D^a..... para coñecer as paradas que utiliza habitualmente e poder realizar un seguimento personalizado do funcionamento das ramplas".

Despois de recibir o consentimento da promotora do expediente, con data 9/06/2017, enviouse novo escrito ao Concello, facilitando o número de teléfono da mesma, e con data 12/06/2017 enviouse á interesada a resolución municipal.

REFLEXIÓNS:

O Plano de Mobilidade Urbana Sustentábel de Vigo, de xuño de 2014, fai referencia á adaptación de autobuses urbanos para persoas con mobilidade reducida.

Entre os seus obxectivos está posibilitar un transporte público adaptado ás súas necesidades en condicións de conforto e máxima seguranza, incorporando os vehículos unha suspensión regulábel para evitar no posíbel os desniveis entre a plataforma do vehículo e a beirarrúa, e un sistema de ancoraxe das cadeiras de rodas.

O antedito documento afirma que as empresas concesionarias, neste caso, desde o ano 1.968..., deben realizar un labor continuado de concienciación dos condutores e traballadores da empresa, xa que deles depende o despregamento das ramplas pertinentes do seu vehículo adaptado ante casos de viaxeiros con mobilidade reducida.

No presente caso, o problema radicaba na avaría da rampla de acceso non na falta de adaptación dos autobuses de tres liñas. Despois de facilitar o contacto da interesada á Área de Transportes do Concello, conforme a solicitude do informe municipal de 8/06/2017, comprobouse mediante reiteradas chamadas telefónicas á promotora do expediente, que desde que se iniciou o curso académico en outubro de 2017 até a actualidade a usuaria chegou puntual ás súas clases facendo un uso diario e sen incidencias das ramplas de acceso dos autobuses.

EXPEDIENTE 11/2017 (C)ASUNTO:

Demanda ao Concello a instalación de máis marquesiñas no barrio de Pereiró, concretamente no tramo que vai desde a glorieta (dodecaedro) até o cruzamento de Valadares-Matamá (fonte Alvite).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/06/2017. Con data 12/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Transportes, reiterado o 2/08/2017, 1/09/2017, 3/10/2017, 7/11/2017.

Con data 9/11/2017 recíbese informe da Concellería de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, informando o seguinte:

“En relación coa solicitude de informe requirido polo Valedor do Cidadán, en relación o escrito de queixa-suxestión formulado na data..... (doc.....) por Dona....., no que entre outras cousas, demanda a colocación de unhas marquesiñas no barrio de Pereiró, no tramo entre a rotonda do dodecaedro e a entrada a Matamá, o inspector do departamento de Transportes emite o seguinte informe:

“En ese tramo en dirección a Valadares, na parada fronte o N° 117 (código 3420), antes do camiño de Sabarís, non hai espazo suficiente na beirarrúa para a instalación do noso tipo de marquesiñas.

*No enderezo de entrada ó centro na parada situada no N° 183 (código 1380) e a parada situada no N° 121 (código 1350), a beirarrúa pública tampouco ten o espazo suficiente para a súa instalación”.
O que se lle comunica para o seu coñecemento.”*

Do que se deu cumprida información á interesada o 13/11/2017.

Con data 21/11/2017 recíbese escrito da interesada, solicitando o arquivo do expediente.

REFLEXIÓNS:

Inicialmente, cabe sinalar que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece o transporte colectivo urbano como competencia propia dos municipios. No caso concreto do Concello de Vigo, á Concellería de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, é a encargada de planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de Transporte, e quen determina, portanto, a colocación das marquesiñas.

Así mesmo, ditas marquesiñas pódense definir como a construción protexida polos lados e cuberta destinada nas paradas de transportes públicos a gardar do sol e a choiva a quen espera.

O estudo do técnico municipal sobre o lugar máis acaído para a instalación das marquesiñas debe ter en conta aspectos como as rasantes, os resaltos, as pendentes, as superficies deslizantes, o largo da vía e da beirarrúa e a inexistencia de barreiras arquitectónicas.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 2/05/2017.

O día 10/07/2017 recíbese escrito do interesado afirmando que o problema foi resolto.

REFLEXIÓNS:

Unha arqueta é un pequeno depósito utilizado para recibir, enlazar e distribuír canalizacións ou condutos subterráneos; adoitan estar enterradas e teñen unha tapa na parte superior para poder rexistralas e limpar o seu interior de impurezas. Utilízanse en redes de saneamento, de auga potábel e de regadío, podendo albergar as chaves de corte de redes soterradas. Tamén se utilizan en redes de distribución de electricidade e outros servizos cableados, como os de telecomunicacións.

Consoante o artigo 43.1.b) do Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, a concesionaria, neste caso,..., debe levar a cabo as reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento.

Finalmente, sinalar que das tres solucións propostas, forrar as tapas das arquetas con pedra, practicar un revestimento epoxi antiescorregadizo ou instalar unhas bandas adhesivas antiescorregadizas, optouse pola aplicación de resina epoxi.

EXPEDIENTE 11/2017 (A)

ASUNTO:

No seu escrito de queixa, a interesada refire que perante a situación na que se acha o barrio de Pereiró, demanda ao Concello a súa humanización, concretamente o tramo comprendido entre a glorieta (dodecaedro) e o cruzamento de Valadares- Matamá (fonte Alvite). Tamén solicita a renovación e alargamento das beirarrúas e a instalación de farois.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/06/2017. Con data 12/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Fomento, reiterado o 2/08/2017, 1/09/2017.

Con data 20/09/2017 recíbese informe da Concellería de Fomento, informando o seguinte:

*"En relación ao expediente de referencia, infórmase o seguinte:
O vía obxecto da petición é de titularidade e mantemento da Xunta de Galicia.
O que lles traslado aos efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información á interesada o 21/09/2017.

O día 28/09/2017, recíbese novo informe da Área de Fomento, indicando o seguinte:

"En contestación ao expediente de referencia, en relación a titularidade do vial que vai desde a Glorieta de Pereiró até o cruzamento de Valadares- Matamá (Fonte Alvite), indicar que NON é de titularidade municipal, segundo información e datos da Oficina Municipal de Patrimonio. Sendo o seu titular a Xunta de Galicia, PO-330. O que se pon no seu coñecemento, aos efectos oportunos".

Posteriormente, o día 3/10/2017, envíase novo escrito a Concellería de Fomento, reiterando a petición da interesada en relación co barrio, de competencia municipal, isto é, a súa solicitude de renovación e alargamento das beirarrúas e a instalación de farois.

Con data 20/10/2017, recíbese novo informe de Fomento, referindo o seguinte:

"En relación co asunto, por parte deste Área de Fomento e con datas....., informouse que o vial que vai desde a Glorieta de Pereiró até o cruzamento de Valadares- Matamá (Fonte Alvite) NON é de titularidade municipal, sendo titular a Xunta de Galicia. Dada a reiteración por parte do Valedor do Cidadán en nome de D^a....., para a renovación e ampliación das beirarrúas e instalación de farois no entorno que conforma o barrio de competencia municipal, infórmase o seguinte:

- *A Avenida Alcalde Portanet e a Avenida de Castrelos, foron recentemente humanizadas.*
- *A Avenida de Castrelos entre Avenida Alcalde Portanet e a Estrada Clara Campoamor humanizouse unha mediana axardinada e parte das beirarrúas, o resto das beirarrúas xa se atopaban urbanizadas e con todos os servizos municipais.*

O que se pon no seu coñecemento, aos efectos oportunos".

Do que se deu cumprida información á interesada o 23/10/2017.

O día 7 de novembro de 2017 envíase escrito á Concellería de Fomento no que se especifica que as humanizacións ás que fai referencia o informe de 20/10/2017 son claramente insuficientes, reiterándose novamente a petición por parte da promotora do expediente.

Con data 15/11/2017, recíbese o derradeiro informe da Área de Fomento do Concello, indicando o seguinte:

"En contestación ao expediente de referencia, en relación a queixa presentada por Dona....., en representación da....., na que solicita a instalación de semáforos, marquesiñas, farois, limpeza de maleza, e especialmente a renovación e ampliación das beirarrúas no barrio de Pereiró, infórmase que; tómase nota da suxestión para futuras actuacións. O que se pon no seu coñecemento, aos efectos oportunos".

Do que se deu cumprida información á interesada o 15/11/2017.

Con data 21/11/2017 recíbese escrito da interesada solicitando o arquivo do expediente.

REFLEXIÓNS:

O proceso de humanización dos barrios é competencia municipal ao abrigo do art. 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Á Área de Fomento do Concello de Vigo correspóndelle as atribucións en materia de Vías e Obras (renovación e alargamento das beirarrúas) e Electromecánicos (instalación de farois).

Así mesmo, cabe sinalar que nos informes emitidos pola Concellería de Fomento de 20/09/2017 e 28/09/2017 afirmase que o vial que vai desde a Glorieta de Pereiró até o cruzamento de Valadares-Matamá (Fonte Alvite) non consta no Inventario Municipal de Bens, xa que o seu titular é a Xunta de Galicia, que é a Administración á que lle corresponde a súa manutención.

Finalmente, referir que tendo en conta que os traballos de humanización realizados até a data (Alcalde Portanet e Av. de Castrelos, entre outros) son considerados como incompletos pola interesada. Unha posible solución ao problema radicaría na boa relación entre a Administración autonómica (titular de dito vial) e a local (competente no conxunto do barrio), impulsando un proxecto de mellora de toda a zona que redundaría en beneficio de todos os veciños.

EXPEDIENTE 14/2017

ASUNTO:

Perante o estacionamento indebido e reiterado enriba das beirarrúas das rúas Troncoso, Canadelo Alto e Párroco José Otero (inmediacións dun centro hospitalar), solicita a instalación de bolardos.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 18/07/2017. Con data 31/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 23/08/2017, 22/09/2017.

Con data 3/10/2017 recíbese informe da Área de Seguridade e Mobilidade, indicando o seguinte:

"En cumprimento ao requirimento do Valedor do Cidadán no que solicita informe en relación coa queixa presentada por D....., solicitando a instalación de bolardos nas inmediacións do Hospital..., infórmolle: Respecto á solicitude de instalación de bolardos nas rúas Troncoso, Canadelo Alto (entre Troncoso e Párroco José Otero) e Párroco José Otero (no tramo entre Canadelo Alto e Vía Norte), non presenta problema a súa instalación xa que se observa o continuo estacionamento de vehículos sobre a beirarrúa a pesar da existencia de sinalización vertical e horizontal. Deberán dirixir a solicitude de D..... á Área de Fomento, encargada da instalación de bolardos nas beirarrúas."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 3/10/2017.

Con data 26/10/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Fomento, reiterado o día 23/11/2017 e o 20/12/2017.

O día 21/03/2018, recíbese informe da Concellería de Fomento, reflectindo o seguinte:

"En relación a súa petición de informe de data....., referido ao expediente do Valedor do Cidadán nº 14/2017 a nome de D....., notificámoslle que se remitiu recordatorio á empresa de mantemento para a colocación dos bolardos no prazo mais breve posible."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 22/03/2018.

REFLEXIÓNS:

Un bolardo é un poste de pequena altura, fabricado en pedra ou en metal, xa sexa aluminio fundido, aceiro inoxidable ou ferro, que se ancora ao chan para impedir a pasaxe ou o estacionamento dos vehículos. É parte do mobiliario urbano e úsase principalmente en fileiras para evitar que vehículos estacionen e ocupen o espazo público nas beirarrúas, ou para que non penetren nunha zona peonil.

No presente caso, o interesado denuncia o estacionamento enriba das beirarrúas das rúas Troncoso, Canadelo Alto e Párroco José Otero. Considerando que o tráfico e o estacionamento de vehículos son competencias propias dos municipios, (art.25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) e o informe da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de 3/10/2017 parece que procede á instalación de elementos disuasorios como son os anteditos bolardos nas proximidades do centro hospitalar.

EXPEDIENTE 17/2017 (C)

ASUNTO:

Solicita a instalación de farois no canellón de Núñez.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 3/08/2017. Con data 9/08/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Fomento- Electromecánicos, reiterado o 25/08/2017, 25/09/2017.

Con data 20/10/2017 recíbese informe da Concellería de Fomento, indicando o seguinte:

"En relación ao expediente de referencia e en contestación ao seu escrito de data....., infórmase que, recibidas neste servizo varias solicitudes de D..... para a mellora da iluminación no canellón Núñez, desde este servizo executáronse os seguintes traballos:

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 16 de marzo do presente ano. Con data 16/03/2017 solicítase o preceptivo informe á Concillería de Facenda- Recadación Executiva, reiterado o 31/03/2017.

Con data 21/04/2017 recíbese informe da Tesouraría-Recadación Executiva do Concello, informando o seguinte:

*"En contestación a seu escrito de data....., nº doc....., esta Unidade de Recadación Executiva informa que vistas as alegacións o abaixo firmante informa que non figura a nome de D..... co NIF..... ningunha débeda legalmente esixible nesta Unidade de Recadación Executiva.
O que se lle notifica ós efectos oportunos".*

Do que se deu cumprida información ao interesado o 24/04/2017.

Con data 26/04/2017 envíase novo escrito ao Concello, aclarando que o obxectivo da reclamación era saber porque o Concello non deu resposta ao seu escrito en 12 anos.

O día 16/05/2017 recíbese novo informo da Tesouraría-Recadación Executiva do Concello, indicando o seguinte:

"En contestación a su escrito de fecha....., nº doc....., esta Unidad de Recaudación Ejecutiva informa que vistas sus alegaciones el abajo firmante remite el siguiente

INFORME:

En data 26/10/2005 foi notificada persoalmente ó solicitante a resolución de carácter desestimatorio do recurso de reposición interposto o 27/06/2005 (número doc:.....) por Don.....

A fin de resolver a antedita reclamación solicítase por esta Unidade de Recadación informe ó servizo municipal competente, Dpto de Vehículos que ante a alegación de roubo do vehículo..... informa o seguinte: Consultado-los antecedentes obrantes neste negociado de Tributos Especiais da Administración de Tributos, foi comprobado que o procedemento formal de liquidación e notificación para ingreso en período voluntario e recursos procedentes foi cumprimentado correctamente.

En consecuencia, a queixa non ten fundamento toda vez que o Concello deu resposta a solicitude do interesado.

Lo que se le notifica a los efectos oportunos".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 18/05/2017.

REFLEXIÓNS:

A ordenanza fiscal xeral de tributos e prezos públicos establece que o imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) é un tributo municipal, directo e obrigatorio, cuxa xestión corresponde enteiramente aos concellos.

dos servizos corporativos do Concello de Vigo, na que se lle atribúen á Concellería de Urbanismo, entre outras competencias, as seguintes (Apdo.2º.VI):

- Planificación e execución da política municipal en materia de vivenda, promovendo as relación con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS.
- Elaborar, propoñer para a súa aprobación e executar plans plurianuais municipais de vivenda protexida.
- Implantación de políticas dirixidas á erradicación de infravivendas.
- Actualizar a xestión da lista de demandantes de vivendas sociais.

3) Desde a Concellería de Política Social do Concello de Vigo concedéronse, só no exercicio de 2016, máis de 1.500.000,00 en concepto de axudas para facer fronte a gastos relacionados coa vivenda das persoas e familias en situación ou risco de exclusión social (alugueres, hipotecas, subministros...) con cargo ó "PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2016" e ó "PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2016", evitando en moitos casos que esas situacións derivasen en desafuzamentos.

De feito, a Sra..... foi beneficiaria no ano.... dunha axuda de..... euros para o pagamento de gastos de aloxamentos (atrasados) con cargo ó primeiro deses programas (Exp. nº.....), recibindo tamén nese exercicio dúas pequenas axudas económicas para facer fronte a gastos de subministros básicos de luz e auga, ó abeiro do segundo deles (Exp. nº.....).

4) Desde a xefatura da Área de Benestar Social, que obviamente carece das facultades decisorias reservadas ós órganos de goberno municipal, é toda canta información se pode facilitar ó respecto a esa Institución."

Do que se deu cumprida información á interesada o 26/05/2017.

O día 14/06/2017 solicítase o preceptivo informe a Concellería de Urbanismo, reiterado o 30/06/2017.

Con data 19/07/2017 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo-Oficina Municipal de Vivenda e Solo, informando o seguinte:

"INFORME: VIVENDAS MUNICIPAIS XESTIONADAS POLA OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

1.- VIVENDAS.

1.1.- Vivendas na rúa..... (Navia):

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a Xunta de Goberno Local (XGL), en sesións dos días....., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 35 vivendas de promoción pública sitas na rúa..... (Navia). Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión (Exp.....).

28 destas vivendas destináronse ao alugueiro mediante a convocatoria pública contida no Exp..... para a selección de adxudicatarios en réxime de aluguer. Acordos de adxudicación da XMU de datas:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (10 viv.)

Letra B (MR): planta:..... (6 viv.)

Letra C: planta:..... (6 viv.)

Letra D: planta:..... (6 viv.)

5 vivendas destináronse por medio dun préstamo de uso ao programa para o realoxamento transitorio de desafiuzados hipotecarios no procedemento tramitado no Exp.:..... Acordo da XMU de data:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (2 viv.)

Letra B (MR): planta:.... (1 viv.)

Letra C: planta:..... (1 viv.)

Letra D: planta:..... (1 viv.)

As vivendas..... adjudicáronse con carácter temporal o seu uso gratuíto á dúas unidades familiares, materializando o seu dereito de realoxamento recoñecido no expropiatorio da Cidade da Xustiza fase I. (Exp.:.....).

1.2.- Vivendas na estrada..... (Roteas):

O Consello da XMU e a XGL, en sesións dos días....., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ao Concello de Vigo de 3 vivendas de promoción pública na estrada..... e na rúa.....

Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión. (Exp.:.....).

O.... o Consello da XMU acordou a cesión á Concellería de Igualdade da adjudicación e uso das 3 vivendas municipais sitas en.... e dunha mais sita na rúa....., (Exp.:.....).

1.3.- Vivendas na rúa.....:

Ademais da vivenda mencionada anteriormente e que foi cedida a Concellería de Igualdade, tramitáronse distintos procedementos de realoxo temporal na vivenda sita na rúa....., o último deles para o realoxamento temporal urgente dunha familia. (Exp.:.....).

1.4.- Vivendas na rúa.....:

O Consello da XMU acordou allear mediante distintos procedementos de poxa pública as 40 vivendas titularidade do Concello de Vigo no edificio sito na rúa..... (Exp.:.....).

31 destas transmisións xa foron elevadas a escritura pública de compravenda cos seus respectivos adxudicatarios, mentres que as 9 restantes atópanse en trámite de formalización a realizar nas vindeiras datas. Os recursos económicos procedentes do alleamento destas vivendas adócanse as finalidades previstas na lei para o patrimonio municipal do solo.

2.-ACTUACIÓNS EN MARCHA:

Toda vez que o rexistro de demandantes de vivenda sometida a algún réxime de protección, pon de manifesto que Vigo é a cidade galega con maior demanda e que 1 de cada 3 solicitantes de vivendas de protección en Galicia é de Vigo, o goberno local insta a Xunta de Galicia a solventar esta situación. Con este fin, ante o abandono de Vigo nas políticas de vivenda da Xunta de Galicia nos derradeiros 6 anos, o goberno municipal facilitou o acceso a soares municipais para desenvolver vivendas de protección autonómica e demanda o impulso da ampliación do PAU de Navia.

Así, o goberno municipal de Vigo cedeu, fai ano e medio, o IGVS parcelas municipais destinadas a vivenda protexida en Chantada e en Cambeses coa finalidade de construír 80 vivendas sometidas a réxime de protección. A Xunta de Galicia ten a obriga de facelos proxectos, construílas e asinalas no menor prazo posible.

Por outra banda, o goberno municipal está comprometido a axilizar a tramitación da ampliación do PAU de Navia. Neste caso, a previsible aprobación inicial desta actuación para poñer a disposición dos vigueses

preto de 1.500 vivendas, está a espera das correccións por parte do IGVS que permitan lograr luz verde dos informes preceptivos e vinculantes necesarios para proceder a aprobación municipal.

3.-CONCLUSIÓN:

En consecuencia co antedito e sen prexuízo de que o Concello siga exercendo as súas competencias, non existe na actualidade ningunha vivenda baleira das xestionadas pola Oficina Municipal de Vivenda e Solo”.

Do que se deu cumprida información á interesada o 19/07/2017.

REFLEXIÓNS:

Aínda que o art. 47 da CE afirma que: “Todos los españoles tienen derecho a disfrutar de una vivienda digna y adecuada. Los poderes públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las normas pertinentes para hacer efectivo este derecho, regulando la utilización del suelo de acuerdo con el interés general para impedir la especulación.”, atopamos na presente Valedoría numerosos casos de cidadáns que, como a interesada e debido a unha complicada situación financeira, non poden afrontar un contrato de arrendamento regular.

A nivel local, a Concellería de Urbanismo é competente para planificar e executar a política municipal en materia de vivenda (Resolución da Alcaldía de 19/06/2015), xestionar as vivendas que son propiedade do Concello (art. 2.4.B.2 dos Estatutos da XMU) e promover as relacións con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS.

Así mesmo, convén sinalar que a pesar do conxunto de vivendas que detalla o informe de Xerencia Municipal de Urbanismo de 19/07/2017, (rúa Teixugueiras, estrada Camposancos, rúa Roteas e rúa Anduriña), a interesada entende que son claramente insuficientes e que unha boa relación por parte da Administración local e autonómica (cesión de terreos por unha banda e cesión de vivendas pola outra) reduciría un problema de primeira necesidade como é o da vivenda na cidade de Vigo.

EXPEDIENTE 6/2017

ASUNTO:

O promotor do expediente entregou no rexistro do Concello de Vigo dous escritos de queixa en relación a unha obra presuntamente ilegal realizada polos seus veciños. Perante a falta de resposta motivada e por escrito do Concello desde o ano 2013, o interesado solicita un informe da Xerencia Municipal de Urbanismo que aclare a conformidade da obra á legalidade urbanística.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 25/04/2017. Con data 26/04/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, reiterado o 15/05/2017, 14/06/2017.

Con data 7/07/2017 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, informando o seguinte:

"INFORME CONTESTACIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

En resposta aos oficios recibidos nesta oficina de Disciplina Urbanística (doc..... e..... respectivamente), interesando información sobre as queixas presentadas por D..... cúmpreme informarlle que:

- A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data.... resolveu iniciar o expediente de protección da legalidade urbanística a D..... e dona....., pola ampliación da vivenda.... do edificio situado na avenida....., con referencia catastral...., consistente na construción dun módulo acaroado á fachada da mesma de 15,20m2 sen que conste outorgada licenza municipal, outorgando un trámite de audiencia por un prazo de quince días a partir do seguinte á notificación da dita resolución. Achégase copia da resolución de data....

- Con data..... foi enviada notificación da devandita resolución a D..... e dona....., sen que conste a día de hoxe acuse da súa recepción.

- Con data.....foi enviada notificación da devandita resolución a D....., sen que conste a día de hoxe acuse da súa recepción.

O que se informa aos efectos de que se teña por contestado ao requirimento de información efectuado por ese órgano.

RESOLUCIÓN INICIO DE PROCEDEMENTO DE RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA:

ANTECEDENTES

1. O día..... o inspector municipal de Urbanismo emitiu un informe sobre unhas obras presuntamente ilegais, realizadas na fachada posterior do edificio situado na avenida....., con referencia catastral....., consistentes no cerramento dunha terraza, con acristalamentos en perfilerías de aluminio.

2. Consultada a aplicación informática de xestión de expedientes do Concello de Vigo, consta o seguinte antecedente de relevancia para este procedemento:

- Expediente núm....., de Comunicación previa de obras menores para peche de balcón no.....do edificio situado na Avenida.....

3. O arquitecto municipal da oficina de Infraccións Urbanísticas, con data..... emitiu un informe no que se identifican as obras realizadas, as condicións urbanísticas da parcela e a infracción obxecto do presente procedemento, toda vez que indica que a documentación gráfica, emprazamento e entidade das obras comunicadas no expte..... non se corresponde coas obras obxecto deste expediente.

4. O día 1.12.2015 o Concello de Vigo foi notificado da Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-administrativo, Sección Quinta, do 10 de novembro de 2015 (recurso de casación núm. 1658/2014), pola que se declara nulidade das Ordes aprobatorias do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte do 16.05.2008, DOG do 03.06.2008 e BOP de Pontevedra do 06.08.2008, e a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009, DOG do 24.07.2009 e BOP de Pontevedra do 10.09.2009). Como consecuencia da referida resolución xudicial (DOG núm 134 do 15.07.2016), recobrou vixencia o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 (D.O.G. 10.05.1993), motivo polo cal o arquitecto do Servizo de Disciplina Urbanística emitiu un novo informe técnico no que se indican as condicións urbanísticas das obras do presente expediente baixo a normativa urbanística agora en vigor.

5. Con data..... o técnico de Administración xeral elevou á vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo informe-proposta de inicio de procedemento de restauración da legalidade urbanística.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

RDlex 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de solo e rehabilitación urbana (TRLRSRU).

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Lei 39/2015, do 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA).

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) de Vigo aprobado definitivamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993 e publicado mediante resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do día 04.05.1993 (D.O.G. 10.05.1993).

Plan de Inspección do Concello de Vigo, aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 06.07.2015 (BOP de Pontevedra núm. 141, do venres 24 de xullo de 2015).

Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Vigo, aprobada o día 28.10.2013 (BOP de Pontevedra núm. 235, do luns 9 de decembro de 2013), e adaptación dos anexos e dos modelos normalizados á lei 9/2013, do 19 de decembro por resolucións de data 20.01.2014 (BOP núm. 53, do martes 18 de marzo de 2014) e 6.03.2014 (BOP de Pontevedra núm. 103, do venres 30 de maio de 2014).

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP de Pontevedra núm. 137, do martes 20 de xullo de 2010; versión consolidada BOP de Pontevedra núm. 193, do mércores 6 de outubro de 2010).

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS

O vixente PXOM clasifica a parcela de referencia como solo urbano, dentro da delimitación do Núcleo central da cidade de Vigo, cualificándoa coa Ordenanza 1.1, de edificación pechada, Grao B, de Área central.

Posto que o PXOU vixente é un plan non adaptado a LOUGA, seralle de aplicación o apartado 2º da disposición transitoria 1ª da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dispón: ("O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), conservará a súa vixencia até a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:...") establecendo no seu apartado a), o seguinte: ("a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.")

PRESUNTA INFRACCIÓN URBANÍSTICA

Ampliación da vivenda..... do edificio situado na avenida....., consistente na construción dun módulo acaroado á fachada da mesma de 15,20 m2 sen título xurídico habilitante (licenza/comunicación previa).

As obras en principio non serían legalizables toda vez que exceden da altura máxima permitida pola ordenanza de aplicación 1.1.b, que para ancho de rúa entre 12 e 18 metros establece unha altura de 5 plantas (15 metros).

PERSOA INTERESADA

D..... e dona....., como propietarios do solo/edificación, teñen a condición de persoas interesadas aos efectos do disposto no art. 152 da LSG e, en consecuencia, ostenta a responsabilidade de repoñer a legalidade urbanística presuntamente vulnerada, de conformidade co disposto no art. 13.1 da LSG e 15 TRLSRU.

SOMETEMENTO A LICENZA DAS OBRAS REALIZADAS

As obras realizadas están suxeitas ao deber de obtención de título habilitante urbanístico e a respectar o contido do mesmo e da documentación no que se ampara (artigos 142 da LSG e 3 da Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Vigo).

As obras realizadas carecen do preceptivo título habilitante, e en principio non serían legalizables. Non estarían amparadas tampouco na comunicación previa de obras presentada con número de expediente.....

PROCEDEMENTO

O presente procedemento de protección da legalidade urbanística tramítase conforme o disposto nos artigos 152 e 153 da LSG, coas seguintes consecuencias na resolución que poña fin ao procedemento:

- *“Se as obras non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa da persoa interesada e procederase a impedir definitivamente os usos a que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles. En caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reite-rables mensualmente até logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha (art. 152.6 da LSG).*
- *Se as obras son legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase a persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenzia ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa.*
- *Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.”*

Todo o anterior, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda no seu caso tras a tramitación do correspondente procedemento sancionador.

PRAZO PARA RESOLVER

O prazo máximo no que se deberá resolver e notificar este procedemento é de un ano desde a data da presente resolución de incoación (artigo 152.5 da LSG), sen prexuízo do disposto no art. 21 da LPA respecto da suspensión do prazo legal para a resolución e notificación da resolución definitiva dos procedementos administrativos. O incumprimento deste prazo terá como consecuencia a caducidade do expediente administrativo e o inicio dun novo procedemento dentro do prazo legalmente establecido.

Á vista dos antecedentes expostos, ao abeiro do disposto nos artigos 152 da LSG e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Concello Pleno o 29 de xullo de 1996 e modificados mediante acordo plenario de data 26.04.2010 (BOP Nº 137, do martes 20 de xullo de 2010;

versión consolidada BOP N° 193, do mércores 6 de outubro de 2010), así como na resolución do Alcalde - Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do 06.07.2015 (BOP de Pontevedra núm. 137, do luns 20 de xullo de 2015),

RESOLVO

PRIMEIRO.- Iniciar o presente expediente de protección da legalidade urbanística a D,..... e dona....., pola ampliación da vivenda..... do edificio situado na avenida....., con referencia catastral....., consistente na construción dun módulo acaroado á fachada da mesma de 15,20 m2 sen que conste outorgada licenza municipal.

SEGUNDO.- Establecer un prazo de quince días a contar a partir do seguinte á notificación da presente resolución para que as persoas interesadas aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos.

TERCEIRO.- Notificar as persoas interesadas e titulares rexistras a presente resolución de inicio de expediente, coa advertencia de que contra ela poderá/n alegar o que estime/n procedente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento”.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 10/07/2017.

REFLEXIÓNS:

Debido a que o art. 25.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como competencias propias dos municipios o planeamento, a xestión, a execución e disciplina urbanística, o interesado denuncia ante a Oficina do Valedor do Cidadán a execución por parte dos seus veciños dunha obra no seu edificio, consistente na ampliación dunha vivenda a través dun módulo acaroado á fachada da mesma duns 15m2.

O informe recibido da Xerencia Municipal de Urbanismo-Disciplina Urbanística, de 7/07/2017, evidencia que dita terraza foi executada sen licenza municipal, dando lugar á incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística (art. 152.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia), procedemento que deberá ser resolto no prazo dun ano (art. 152.5 da LSG).

EXPEDIENTE 7/2017 (C)

ASUNTO:

Con motivo do aumento do número de persoas en risco de exclusión social, solicita ao Concello un novo programa de vivendas sociais en réxime de aluguer.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/05/2017. Con data 7/06/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, reiterado o 26/06/2017.

Con data 19/07/2017 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo-Oficina Municipal de Vivenda e Solo , informando o seguinte:

"INFORME: VIVENDAS MUNICIPAIS XESTIONADAS POLA OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

1.- VIVENDAS.

1.1.- Vivendas na rúa..... (Navia):

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a Xunta de Goberno Local (XGL), en sesións dos días... e..., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 35 vivendas de promoción pública sitas na rúa..... (Navia). Con data.... elevouse a escritura pública dita cesión (Exp.....).

28 destas vivendas destináronse ao alugueiro mediante a convocatoria pública contida no Exp..... para a selección de adxudicatarios en réxime de aluguer. Acordos de adxudicación da XMU de datas:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (10 viv.)

Letra B (MR): planta:..... (6 viv.)

Letra C: planta:..... (6 viv.)

Letra D: planta:..... (6 viv.)

5 vivendas destináronse por medio dun préstamo de uso ao programa para o realoxamento transitorio de desafuzados hipotecarios no procedemento tramitado no Exp.:..... Acordo da XMU de data:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (2 viv.)

Letra B (MR): planta:..... (1 viv.)

Letra C: planta:..... (1 viv.)

Letra D: planta:..... (1 viv.)

As vivendas.... e.... adxudicáronse con carácter temporal o seu uso gratuito á dúas unidades familiares, materializando o seu dereito de realoxamento recoñecido no expropiatorio da Cidade da Xustiza fase I. (Exp.:.....).

1.2.- Vivendas na estrada..... (Roteas):

O Consello da XMU e a XGL, en sesións dos días... e..., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ao Concello de Vigo de 3 vivendas de promoción pública na estrada..... e na rúa.....

Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión. (Exp.....).

O.... o Consello da XMU acordou a cesión á Concellería de Igualdade da adxudicación e uso das 3 vivendas municipais sitas en.... e dunha mais sita na rúa....., (Exp.....).

1.3.- Vivendas na rúa....:

Ademais da vivenda mencionada anteriormente e que foi cedida a Concellería de Igualdade, tramitáronse distintos procedementos de realoxo temporal na vivenda sita na rúa....., o último deles para o realoxamento temporal urgente dunha familia. (Exp.....).

1.4.- Vivendas na rúa.....:

O Consello da XMU acordou allear mediante distintos procedementos de poxa pública as 40 vivendas titularidade do Concello de Vigo no edificio sito na rúa..... (Exp.....).

31 destas transmisións xa foron elevadas a escritura pública de compravenda cos seus respectivos adxudicatarios, mentres que as 9 restantes atópanse en trámite de formalización a realizar nas vindeiras datas. Os recursos económicos procedentes do alleamento destas vivendas adócanse as finalidades previstas na lei para o patrimonio municipal do solo.

2.-ACTUACIÓNS EN MARCHA:

Toda vez que o rexistro de demandantes de vivenda sometida a algún réxime de protección, pon de manifesto que Vigo é a cidade galega con maior demanda e que 1 de cada 3 solicitantes de vivendas de protección en Galicia é de Vigo, o goberno local insta a Xunta de Galicia a solventar esta situación. Con este fin, ante o abandono de Vigo nas políticas de vivenda da Xunta de Galicia nos derradeiros 6 anos, o goberno municipal facilitou o acceso a soares municipais para desenvolver vivendas de protección autonómica e demanda o impulso da ampliación do PAU de Navia.

Así, o goberno municipal de Vigo cedeu, fai ano e medio, o IGVS parcelas municipais destinadas a vivenda protexida en Chantada e en Cambeses coa finalidade de construír 80 vivendas sometidas a réxime de protección. A Xunta de Galicia ten a obriga de facelos proxectos, construílas e asignalas no menor prazo posible.

Por outra banda, o goberno municipal está comprometido a axilizar a tramitación da ampliación do PAU de Navia. Neste caso, a previsible aprobación inicial desta actuación para poñer a disposición dos vigueses preto de 1.500 vivendas, está a espera das correccións por parte do IGVS que permitan lograr luz verde dos informes preceptivos e vinculantes necesarios para proceder a aprobación municipal.

3.-CONCLUSIÓN:

En consecuencia co antedito e sen prexuízo de que o Concello siga exercendo as súas competencias, non existe na actualidade ningunha vivenda baleira das xestionadas pola Oficina Municipal de Vivenda e Solo."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2017.

REFLEXIÓNS:

O presente expediente e o expediente 4/2017 comparten a mesma reclamación ao ente municipal (novo programa de vivendas sociais en réxime de aluguer) e idéntico informe da Xerencia Municipal de Urbanismo-Oficina Municipal de Vivenda e Solo como resposta ao problema.

EXPEDIENTE 8/2017

ASUNTO:

Desconformidade perante a falta de resposta motivada e por escrito á documentación presentada ante o Concello de Vigo no ano 2016.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 9/06/2017. Con data 12/06/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, reiterado o 30/06/2017.

Con data 19/07/2017 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, informando o seguinte:

*"INFORME:**1.-ANTECEDENTES.*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e a Xunta de Goberno Local, en sesións dos días....., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 35 vivendas de promoción pública sitas en San Paio de Navia (exp.....).

Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión. A partir desa data e mediante unha convocatoria pública destináronse a aluguer a meirande parte destas vivendas.

Polo tanto, o Concello de Vigo é propietario de 35 vivendas no edificio sito na rúa.... nos seus números....., o que supón o.....% do total do edificio construído polo IGVS.

2.-INFORME

En relación cos escritos presentados neste Concello de Vigo por D....., de datas..... (doc.....),..... (doc.....),..... (doc.....),..... (doc....., doc.....) e..... (doc.....), debe manifestarse:

- *Concello de Vigo, propietario do.....% do edificio, ten participado nas Xuntas da Comunidade de Propietarios do edificio da rúa....., en defensa do adecuado mantemento dos elementos comúns e das súas instalacións. Entendemos que é esta comunidade a que debe dirixirse, se así o acorda e o estima procedente, á entidade promotora do edificio (IGVS).*
- *En relación coas competencias do Concello en materia de habitabilidade das vivendas, debe expresarse que conforme co Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, no seu artigo 5.2"os concellos verificarán que os proxectos para os que se solicita licenza cumpren coa presente normativa". En consecuencia, esta verificación realízase coa tramitación da licenza de obra e de primeira ocupación, non con posterioridade.*
- *De forma xeral, o Concello vela polo cumprimento por parte dos propietarios dos deberes de uso, conservación e rehabilitación, ditando as oportunas ordes de execución si o estima procedente. Estas funcións e todas as propias de disciplina urbanística realízanse de acordo co plan de inspección aprobado ou ante situacións de ruína que poidan afectar á seguridade na vía pública e/ ou nas parcelas colindantes.*

En consecuencia co antedito e sen prexuízo de que o Concello siga exercendo as competencias sinaladas, entendemos que as queixas referidas as instalacións do edificio deben dirixirse á Comunidade de Propietarios e ó promotor do edificio, neste caso o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

No obstante, o representante municipal na Comunidade de Propietarios de.... terá en conta as informacións aportadas nas súas solicitudes por D....."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2017.

REFLEXIÓNS:

Inicialmente débese recoñecer que, como afirma o promotor do expediente, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo resolveu con certa demora os seus dous escritos de novembro do 2016 (art. 21.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Así mesmo, e como lle foi comentado ao interesado en reiteradas reunións mantidas na Oficina do Valedor do Cidadán en relación ao seu exp. 28/2016, o informe de Urbanismo de 19/07/2017 sinala que as queixas relativas ás instalacións do seu edificio (sistema de ventilación forzada) deben dirixirse á Xunta de Propietarios do seu inmovible (art.14.c) da Lei 49/1960 de 21 de xullo da Propiedade Horizontal) e non á Administración municipal.

EXPEDIENTE 12/2017 (B)ASUNTO:

No seu escrito de queixa o interesado solicita un aumento do número de vivendas sociais en réxime de aluguer na cidade de Vigo, a fin de cubrir as necesidades reais de todos os demandantes, xa que considera que as actuais son insuficientes.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 7/07/2017. Con data 26/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, reiterado o 17/08/2017, 18/09/2017, 18/10/2017.

Con data 20/10/2017 recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo-Oficina Municipal de Vivenda e Solo, informando o seguinte:

"INFORME: VIVENDAS MUNICIPAIS XESTIONADAS POLA OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

*1.- VIVENDAS.**1.1.- Vivendas na rúa..... (Navia):*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a Xunta de Goberno Local (XGL), en sesións dos días.... e....., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 35 vivendas de promoción pública sitas na rúa..... (Navia). Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión (Exp.....).

28 destas vivendas destináronse ao alugueiro mediante a convocatoria pública contida no Exp..... para a selección de adxudicatarios en réxime de aluguer. Acordos de adxudicación da XMU de datas:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (10 viv.)

Letra B (MR): planta:..... (6 viv.)

Letra C: planta:..... (6 viv.)

Letra D: planta:..... (6 viv.)

5 vivendas destináronse por medio dun préstamo de uso ao programa para o realoxamento transitorio de desafiuzados hipotecarios no procedemento tramitado no Exp.:..... Acordo da XMU de data:.....

Vivendas:

Letra A: planta:..... (2 viv.)

Letra B (MR): planta:.... (1 viv.)

Letra C: planta:..... (1 viv.)

Letra D: planta:..... (1 viv.)

As vivendas.... e.... adjudicáronse con carácter temporal o seu uso gratuito á dúas unidades familiares, materializando o seu dereito de realoxamento recoñecido no expropiatorio da Cidade da Xustiza fase I. (Exp.:.....).

1.2.- Vivendas na estrada..... (Roteas):

O Consello da XMU e a XGL, en sesións dos días... e..., respectivamente, acordaron aceptar a cesión feita polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ao Concello de Vigo de 3 vivendas de promoción pública na estrada..... e na rúa.....

Con data..... elevouse a escritura pública dita cesión. (Exp.....).

O.... o Consello da XMU acordou a cesión á Concellería de Igualdade da adjudicación e uso das 3 vivendas municipais sitas en.... e dunha mais sita na rúa....., (Exp.....).

1.3.- Vivendas na rúa.....:

Ademais da vivenda mencionada anteriormente e que foi cedida a Concellería de Igualdade, tramitáronse distintos procedementos de realoxo temporal na vivenda sita na rúa....., o último deles para o realoxamento temporal urgente dunha familia. (Exp.....).

1.4.- Vivendas na rúa.....:

O Consello da XMU acordou allear mediante distintos procedementos de poxa pública as 40 vivendas titularidade do Concello de Vigo no edificio sito na rúa..... (Exp.....).

Estas transmisións xa foron elevadas a escritura pública de compravenda cos seus respectivos adjudicatarios. Os recursos económicos procedentes do alleamento destas vivendas adócanse as finalidades previstas na lei para o patrimonio municipal do solo.

2.-ACTUACIÓNS EN MARCHA:

Toda vez que o rexistro de demandantes de vivenda sometida a algún réxime de protección, pon de manifesto que Vigo é a cidade galega con maior demanda e que 1 de cada 3 solicitantes de vivendas de protección en Galicia é de Vigo, o goberno local insta a Xunta de Galicia a solventar esta situación. Con este fin, ante o abandono de Vigo nas políticas de vivenda da Xunta de Galicia nos derradeiros 6 anos, o goberno municipal facilitou o acceso a soares municipais para desenvolver vivendas de protección autonómica e demanda o impulso da ampliación do PAU de Navia.

Así, o goberno municipal de Vigo cedeu, fai ano e medio, o IGVS parcelas municipais destinadas a vivenda protexida en Chantada e en Cambeses coa finalidade de construír 80 vivendas sometidas a réxime de protección. A Xunta de Galicia ten a obriga de facelos proxectos, construílas e asinalas no menor prazo posible, a día de hoxe o proxecto de Cambeses xa conta con licenza municipal para a construción de 36 vivendas protexidas.

Por outra banda, o goberno municipal está comprometido a axilizar a tramitación da ampliación do PAU de Navia. Neste caso, a previsible aprobación inicial desta actuación para poñer a disposición dos vigueses preto de 1.500 vivendas, está a espera das correccións por parte do IGVS que permitan lograr luz verde dos informes preceptivos e vinculantes necesarios para proceder a aprobación municipal.

3.-CONCLUSIÓN:

En consecuencia co antedito e sen prexuízo de que o Concello siga exercendo as súas competencias, non existe na actualidade ningunha vivenda baleira das xestionadas pola Oficina Municipal de Vivenda e Solo."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/10/2017.

REFLEXIÓNS:

O presente expediente e os expedientes 4/2017 e 7/2017-C solicitan ao Concello de Vigo un incremento das vivendas sociais en réxime de aluguer e comparten idéntico informe da Xerencia Municipal de Urbanismo- Oficina Municipal de Vivenda e Solo.

EXPEDIENTE 20/2017

ASUNTO:

Solicita á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello, a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras executadas polos seus veciños.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 8/09/2017. Con data 13/09/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo- Disciplina Urbanística, reiterado o 6/10/2017, 7/11/2017 e o 11/12/2017.

Con data 20/12/2017, recíbese informe da Xerencia Municipal de Urbanismo- Disciplina Urbanística, indicando o seguinte:

"En contestación á solicitude da concellería de Participación Cidadá, sobre o obxecto da queixa presentada por don....., para a súa remisión ao Valedor do Cidadán, remíttolle o informe da técnica de administración xeral, que literalmente di así:

INFORME:

"Mediante resolución do..... a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo iniciou o expediente de protección da legalidade urbanística núm..... á Comunidade de Propietarios....., por executar obras no edificio sito na rúa..... núm....., consistentes na cubrición a nivel de planta primeira do patio de mazá, cunha superficie aproximada de.... m2, sen dispoñer de título urbanístico habilitante.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 24/04/2017. Con data 26/04/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Limpeza, reiterado o 15/05/2017, 14/06/2017, 12/07/2017, 9/08/2017, 9/09/2017, 10/10/2017, 13/11/2017 e o 13/12/2017.

Con data 2/03/2018, recíbese informe da Concellería de Limpeza, indicando o seguinte;

"Con data....., recibido no Servizo Municipal de Participación Cidadá o..... seguinte, o Valedor do Cidadá remitiu escrito solicitando informe en relación á queixa presentada por D..... sobre colectores instalados diante do seu baixo comercial na Av.....

Esta solicitude foi reiterada en numerosas ocasións ao longo do ano 2017, recibíndose a derradeira no Servizo de Limpeza en data..... dese ano.

En data....., o propio denunciante remitiu queixa a este servizo co número de documento..... sobre o mesmo asunto.

Ao respecto do denunciado procede indicar que:

En data....., unha vez recibida a autorización do Departamento de Seguridade e Tráfico, procedeuse á reubicar a illa de colectores, alternando co espazo da carga e descarga.

A ubicación actual, deixa totalmente libre a fachada do local".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 2/03/2018.

REFLEXIÓNS:

A xestión dos residuos sólidos urbanos é competencia propia dos municipios en virtude do art. 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

No ámbito municipal, a Concellería de Fomento, Limpeza e Contratación, é a área competente para a instalación, manutención e reposición de colectores e papeleiras, consoante a Resolución de Alcaldía de 19/06/2015.

Así mesmo, cabe sinalar que desde o 1 de outubro do ano 2002,....., é a adxudicataria dos mencionados servizos.

No presente caso, o informe técnico aclara que é viábel un cambio de emprazamento dos cinco colectores de lixo, garantindo en todo momento os dereitos e intereses de particulares, comerciantes e usuarios en xeral.

EXPEDIENTE 11/2017 (D)ASUNTO:

No seu escrito de queixa, a interesada refire que ante a situación na que se acha o barrio de Pereiró, demanda ao Concello a limpeza continuada da zona (maleza, papeis, cabichas).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/06/2017. Con data 17/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Limpeza, reiterado o 2/08/2017, 1/09/2017, 3/10/2017, 7/11/2017. Con data 21/11/2017 recíbese escrito da interesada solicitando o arquivo do expediente.

REFLEXIÓNS:

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, de outubro do 1994, establece no seu art. 4.1 que: *"A limpeza da rede viaria e espazos públicos e a recollida dos residuos realizaranse directamente polos servizos municipais ou, no seu caso, a través das empresas xestoras ou prestadoras do servizo..."*

No caso concreto do Concello de Vigo, a empresa adxudicataria do servizo de limpeza urbana, é desde o mes de febreiro de 1989,...

Un informe da Área de Limpeza do Concello axudaría a pescudar se o barrio de Pereiró precisa un reforzo no servizo de varrido e baldeo das rúas e no servizo de limpeza de silvas, herbas...

EXPEDIENTE 17/2017 (A)ASUNTO:

Perante a falta de salubridade e hixiene (bolsas, papeis, cabichas, animais e persoas que ouriñan e defecan) que impera no canellón de Núñez nos últimos 4 anos, solicita a limpeza continua do mesmo.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 3/08/2017. Con data 9/08/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Limpeza, reiterado o 25/08/2017, 25/09/2017.

Posteriormente, e conforme o artigo 10.3 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, procedeuse ao arquivo do presente expediente, debido a que o interesado presentou fotocopia da denuncia do caso nos Xulgados de Vigo o día 20/10/2017.

- 1 Técnico/a Superior Actividades Culturais e Educativas, praza vacante,
- 1 Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, actualmente en fase de execución.
- 27 Diplomados/as en Traballo Social, dúas delas vacantes (unha cuberta interinamente e incluída na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016 e a outra pendente de incluír na oferta de Emprego do presente ano 2017, pendente de aprobación.

En atención á carga de traballo experimentada polo Servizo de Benestar Social desde o inicio da crise económica, pola Concellería de Xestión Municipal autorízanse, durante cada exercicio económico, expedientes de nomeamento interino por acumulación de tarefas e, execución de programas de carácter temporal, co fin de aliviar o atraso actual na tramitación de solicitudes das diferentes prestacións que ofrece a dita concellería.

No que levamos de exercicio 2017, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local un total de cinco expedientes para dito Servizo, con un total de 23 traballadores/as (16 auxiliares administrativos/as e 7 traballadores/as sociais), estando pendente de aprobación polo referido Órgano outros dous expedientes, polos que se adscribirán ao Servizo catro novas auxiliares de administración xeral e, dous/dúas traballadores/as sociais, por un período de seis meses.

A relación de expedientes e a seguinte:

Nº Expte.	Obxecto do expediente	Acordo XGL
.....	Nomeamento 4 Diplomadas Traballo Social acum. tarefas
.....	Nomeamento 3 Diplomadas Traballo Social acum. tarefas
.....	Nomeamento 4 auxiliares programa e 4 acumulación tarefas.
.....	Nomeamento 1 auxiliar programa e 2 auxiliares por acumulación de tarefas
.....	Nomeamento 5 auxiliares por acumulación de tarefas
.....	Nomeamento 2 Diplomadas Traballo Social acum. tarefas
.....	Nomeamento 4 Auxiliares Administrativos/as acum. tarefas

Significar así mesmo que anualmente as Leis Xerais de Orzamentos do Estado limitan a incorporación de novos efectivos a través das correspondentes Ofertas de Emprego Público”.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 19/07/2017.

REFLEXIÓNS:

O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que a “evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social” é competencia propia dos municipios.

Así mesmo, convén sinalar que nos últimos anos, en consecuencia da situación económica, o número de persoas en risco de pobreza e marxinação social aumentou considerabelmente, ocasionando

cellería de Política Social, realizase as obras de adaptación necesarias, o número de prazas autorizado á entidade "Misión del Silencio" era de só 28.

3. Polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social xustificouse no seu momento perante a Xunta de Galicia a necesidade de contar no Albergue municipal co maior número de prazas posible, tanto polos altos niveis de ocupación evidenciados desde a posta en funcionamento do Centro como polo incremento do número de persoas en situación de rúa, a limitada capacidade dos dispositivos semellantes de carácter privado e a inexistencia doutros albergues públicos na cidade.

Con todo, o intento da Concellería de Política Social do Concello de Vigo de ampliar ese número de 38 a 44 prazas foi desestimado tanto administrativamente pola Xunta de Galicia (Resolución desfavorable da Secretaría xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar do 09.06.2014) como xudicialmente polo TSXG (STSX de Galicia nº 258/2015, do 23.04.2015).

4. A limitación do número máximo de días é consubstancial á figura dos Albergues para persoas sen fogar ou en risco de exclusión. Así a Orde do 25.01.2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar os define como: "establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo".

5. Actualmente a duración máxima da estadía no Albergue municipal é de 10 días, aínda que a mesma pode ser prorrogada, por tempo limitado e de xeito excepcional, sempre que se cumpran as seguintes condicións: a) Que a ocupación do Albergue permita atender a prórroga; b) Que o tempo que se solicite sexa limitado, e, c) Que se prognostique que a situación que motiva a solicitude se solucione co tempo de prórroga no Albergue.

6. A mesma limitación das estancias a 10 días (prorrogables por motivos xustificadas) aplícase tamén, por certo, no outro Albergue da cidade para persoas en situación de necesidade: o "Albergue..."; xestionado pola institución...

7. Como novidade para o ano 2017 púxose en marcha no Albergue –CIIES unha "Sala de lecer e tempo libre", vinculada ó Centro de Día e Inclusión Social, que permanecerá aberta todos os días do ano en horario de 09.00h a 20.00h e na que as persoas usuarias dispoñen de servizos como lectura de libros e prensa diaria, xogos de mesa, máquina expendedora de café, televisión, etc. Está prevista a realización doutras actividades lúdicas e ocupacionais axeitadas ó perfil das persoas usuarias.

8. Tamén a principios de 2017 foron adquiridas unha nova lavadora-centrifugadora e secadora industriais para o servizo de lavandería do Centro.

9. O incremento dos efectivos de persoal na Área de Política Social é unha necesidade real que ven sendo reclamada insistentemente pola Área de Benestar social desde hai anos, como ten constancia non só o propio Concello, senón tamén a Xunta de Galicia (á que se lle demandou un maior compromiso financeiro neste ámbito), o Valedor do Cidadán, o Valedor do Pobo, etc., institucións ás que en numerosas ocasións déuselles conta da situación en resposta ás reiteradas queixas do colectivo que representa o Sr.....

10. A elaboración dunha Memoria anual do Servizo é unha iniciativa da Concellería de Política Social na que hai meses se leva traballando. Cóntase con dispoñer, nun tempo razoable, da correspondente ó exercicio de 2016.

11. Tómase nota das demais suxestións contidas no escrito do representante do..... relativas á mellora do funcionamento do Albergue – CIIES; Centro que, non obstante, cumpre a día de hoxe con todos os requisitos específicos esixibles conforme coa normativa autonómica ós centros de inclusión e emerxencia social.

12. Por último, a respecto da falta de resposta ós escritos que se citan, indicar o seguinte:

- *Doc.: trátase dunha simple solicitude de cita coa concelleira de Política Social, que é a quen lle corresponde decidir sobre a súa concesión ou non. En todo caso, as necesidades das persoas usuarias dos servizos sociais son e seguirán sendo atendidas polos profesionais do Servizo de Benestar Social.*
- *Doc. N°: solicítase a ampliación das estancias no Albergue (cuestión xa respostada nos apdos. 4, 5 e 6 deste informe).*
- *Doc. N°: solicítase "prioridade no seguimento" dun usuario (vivenda, axuda de emerxencia, etc.). Benestar social tramitoulle a súa solicitude de RISGA e concedeulle unha axuda de emerxencia para gastos de aluguer.*
- *Doc. N° e Doc. N° (Exp. N°): solicitan se estudie unha solución para unha usuaria (.....). Foille tramitada e concedida a RISGA. O Concello concedeulle varias axudas económicas para gastos de aloxamento e colaborou co IGVS para acadar unha solución ó seu caso.*

Desde a Xefatura da Área de Benestar Social, que obviamente carece das facultades decisorias reservadas ós órganos de goberno municipal, é toda esta información se pode facilitar ó respecto a esa Institución."

Do que se dá cumprida información ó interesado o 3/07/2017.

REFLEXIÓNS:

O regulamento do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) do Concello de Vigo, de novembro do 2013, establece no seu artigo 20 que *"O Albergue ten por obxecto favorecer, con carácter temporal, o aloxamento e manutención a todas aquelas persoas que se atopen en situación de emerxencia social na cidade de Vigo, que non dispoñan de vivenda e carezan de medios para acceder a outro recurso residencial"*.

Aínda que nos últimos anos aumentou exponencialmente a procura de camas no albergue municipal, a oferta non é proporcional á mesma. O informe de Política Social de 30/06/2017 afirma que a posibilidade de incrementar o número de camas vese limitado pola Resolución da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia do 9/06/2014.

Desde a Oficina do Valedor do Cidadán enténdese que ambas Administracións deben traballar conxuntamente na resolución do problema, xa que, por un lado, nin as 38 camas do albergue son suficientes para as necesidades actuais de Vigo, nin o límite máximo de 10 noites resolve problemas duradoiros no tempo como a falta de fogar e de emprego. É certo que o artigo 20 do Regulamento fala do *"carácter temporal"*, pero para alcanzar a consecución daquilo que proclama o artigo 3.b), *"a inserción social e laboral das persoas usuarias"*, necesítase moito máis tempo.

Parece que a redacción dunha memoria anual sobre o traballo efectuado pola Concellería de Política Social está a ser elaborado (pto.10 do informe de Política Social de 30/06/2017), contodo, algúns asuntos como o número de lavadoras-secadoras ou límite máximo de persoas que poden acceder á sala de Lecer parece que seguen sen ser as apropiadas.

EXPEDIENTE 12/2017 (A)ASUNTO:

Unha maior celeridade na tramitación da RISGA e unha serie de melloras en relación co albergue municipal (aumento do persoal en horario nocturno, maior vixilancia nas instalacións e nos seus arredores, eliminación do límite máximo de noites para durmir, elaboración dun rexistro real sobre o número de persoas que demandan pernoitar no centro e fican sen praza, aumento do número de lavadoras) son as reclamacións que dirixe o interesado á Área de Política Social.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 7/07/2017. Con data 26/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Política Social, reiterado o 17/08/2017.

Con data 7/09/2017 recíbese informe da Concellería de Política Social, informando o seguinte:

"En resposta ás solicitudes de información relativas á queixa presentada por D....., sobre a necesidade dunha maior celeridade na tramitación da RISGA e sobre o funcionamento xeral do Albergue-CIIES, infórmase o seguinte:

1. *Coincídese totalmente na necesidade de tramitar no menor tempo posible as solicitudes de prestacións sociais básicas como son a RISGA ou as Axudas de Inclusión Social pero para isto precísase, como é ben sabido, de máis persoal. O incremento dos efectivos de persoal na Área de Política Social é unha necesidade real que ven sendo reclamada insistentemente pola Área de Benestar social desde hai anos, como ten constancia non só o propio Concello, senón tamén a Xunta de Galicia (á que se lle demandou un maior compromiso financeiro neste ámbito), o Valedor do Cidadán, o Valedor do Pobo, etc.; institucións ás que en numerosas ocasións déuselles conta da situación.*
2. *O horario de funcionamento do CIIES cubre as 24 horas os 365 días do ano, establecéndose uns horarios concretos segundo o tipo de servizo ou proxecto de que se trate: albergue, centro de acollida, comedor social, centro de día de inclusión, unidade de rúa, unidade de hixiene, etc.*
3. *A limitación do número máximo de días é consubstancial á figura dos Albergues para persoas sen fogar ou en risco de exclusión. Así a Orde do 25.01.2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar os define como: "establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo".*
4. *Actualmente a duración máxima da estadía no Albergue municipal é de 10 días, aínda que a mesma pode ser prorrogada, por tempo limitado e de xeito excepcional, sempre que se cumpran as seguintes condicións: a) Que a ocupación do Albergue permita atender a prórroga; b) Que o tempo que se solicite sexa limitado, e, c) Que se prognostique que a situación que motiva a solicitude se solucione co tempo de prórroga no Albergue.*
5. *A mesma limitación das estancias a 10 días (prorrogables por motivos xustificadas) aplícase tamén, por certo, no outro Albergue da cidade para persoas en situación de necesidade: o "Albergue..."; xestionado pola institución...*

6. Como novidade para o ano 2017 púxose en marcha no Albergue – CIIES unha “Sala de lecer e tempo libre”, vinculada ó Centro de Día e Inclusión Social, que permanecerá aberta todos os días do ano en horario de 09:00h a 20:00h e na que as persoas usuarias dispoñen de servizos como lectura de libros e prensa diaria, xogos de mesa, máquina expendedora de café, televisión, etc. Está prevista a realización doutras actividades lúdicas e ocupacionais axeitadas ó perfil das persoas usuarias.

7. Tamén a principios de 2017 foron adquiridas unha nova lavadora-centrifugadora e secadora industriais para o servizo de lavandería do Centro.

8. Canto á vixilancia das instalacións e dos arredores, infórmase que co novo contrato de servizos do Albergue-CIIES, adjudicado a..., o centro dispón agora de persoal propio de seguridade (vixilante sen armas) e que foi aumentada tamén a seguridade pública no seu contorno con presenza policial continua a fin de evitar posibles incidentes e interferencias cos residentes e as persoas usuarias doutros equipamentos da zona; nomeadamente do <<CEIP...>>.

9. A respecto do cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente pola Comunidade Autónoma para este tipo de Centros, lémbrase que o Albergue-CIIES “Casa do Pescador” da rúa Marqués de Valterra é obxecto de inspeccións periódicas e exhaustivas por parte da Inspección de Servizos sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que verifica todo o relativo ás instalacións, documentación e funcionamento do Centro e o cumprimento das súas normas internas de funcionamento.

10. As Memorias de actividades do servizo son elaboradas e presentadas á Concellería de Política Social coa periodicidade establecida no contrato suscrito entre o Concello de Vigo e...

11. Tómase nota das demais suxestións e propostas contidas no escrito do Sr..... relativas á mellora do funcionamento do Albergue-CIIES; Centro que, non obstante, como acabamos de dicir, cumpre a día de hoxe con todos os requisitos específicos esixibles conforme coa normativa autonómica ós centros de inclusión e emerxencia social. Todo isto sen prexuízo, obviamente, de que se continúen mellorando tanto as instalacións do Centro como o servizo e a atención personalizada ás persoas usuarias dos distintos recursos que nel se prestan.

Desde a xefatura da Área de Benestar Social, que obviamente carece das facultades decisorias reservadas ós órganos de goberno municipal, é toda canta información se pode facilitar ó respecto a esa Institución”.

Do que se deu cumprida información ao interesado o 8/09/2017.

Con data 20/10/2017 recíbese informe da Concellería de Política Social, informando o seguinte:

“En resposta ás solicitudes de información relativas á queixa presentada por D....., na que, ó parecer, se demanda “un aumento do número de vivendas sociais en réxime de aluguer na cidade de Vigo, que cubra as necesidades reais de todos os demandantes...” xa que considera que as actuais son insuficientes, infórmase o seguinte:

1. Facilitar o acceso a unha vivenda digna ás persoas sen recursos suficientes debe ser, efectivamente, unha prioridade das Admóns. Públicas que teñen competencias específicas na materia; nomeadamente en materia de vivenda social.

2. No Concello de Vigo, a política municipal de vivenda non forma parte das atribucións da Concellería de Política Social senón do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (Vivenda), dependente da Concellería delegada da Área de Urbanismo, segundo así resulta dos seus propios Estatutos (Art. 2.4.B) e da Resolución da Alcaldía –Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015), de estruturación

dos servizos corporativos do Concello de Vigo, na que se lle atribúen á Concellería de Urbanismo, entre outras competencias, as seguintes (Apdo. 2º. VI):

- Planificación e execución da política municipal en materia de vivenda, promovendo as relacións con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS.
- Elaborar, propoñer para a súa aprobación e executar plans plurianuais municipais de vivenda protexida.
- Implantación de políticas dirixidas á erradicación de infravivendas.
- Actualizar a xestión da lista de demandantes de vivendas sociais.

3. Desde a "Oficina Municipal de Vivenda e Solo" emitiuse xa informe en relación co requirimento de información desa Institución (Exp. nº....), no que se conclúe que: "...sen prexuízo de que o Concello siga exercendo as súas competencias, non existe na actualidade ningunha vivenda baleira das xestionadas pola Oficina Municipal de Vivenda e Solo".

4. A Concellería de Política Social do Concello de Vigo concedeu, só no exercicio de 2016, máis de 1.500.000,00 en concepto de axudas para facer fronte a gastos relacionados coa vivenda das persoas e familias en situación ou risco de exclusión social (alugueres, hipotecas, subministros...) con cargo ó <PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN -2016> e ó <PROGRAMA CONTRA DESAFUIZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2016>, evitando en moitos casos que esas situacións derivasen en desafiuzamentos.

5. O Sr.... percibe unha RISGA de... €/mes e no mes de febreiro deste ano foille enviado informe complementario á Xunta de Galicia solicitando o complemento de aluguer. Na cita de seguimento coa súa traballadora social que tivo ese mes achegou o recibo de aluguer da vivenda na que residía (rúa....) e pola que pagaba.....€/mes, xunto co xustificante de empadramento.

6. O Sr..... foi beneficiario, ademais, de diversas axudas municipais para sufragar os gastos de aluguer da súa vivenda:

- En..... concedéuselle unha axuda de... € (Exp. nº.....)
- En..... concedéuselle outra axuda de... € (Exp. nº.....).
- En.... foi beneficiario, entre outras, de dúas axudas económicas por importe de...€ e...€ (Exp. nº.....) especificamente para gastos de aluguer e outras dúas para o pagamento de subministros e alimentación básica (total:.....€):

Concepto	Importe	Forma Pagamento.
Aluguer €	Transferencia
Aluguer €	Transferencia
Subministros €	Cheque
Alimentación €	Tarxeta

7. Desde a xefatura da Área de Benestar Social, que obviamente carece das facultades decisorias reservadas ós órganos de goberno municipal, é toda canta información se pode facilitar ó respecto a esa Institución."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 23/10/2017.

Con data 22/12/2017, recíbese escrito do interesado, solicitando a reabertura do expediente. O día 27/12/2017, envíase novo requirimento á Concellería de Política Social. O día 15/03/2018, recíbese novo informe da Concellería de Política Social, indicando o seguinte:

"En resposta ás solicitudes de información de datas.....,..... e.....relativas á queixa presentada por D....., sobre a necesidade dunha maior celeridade na tramitación da RISGA e sobre o funcionamento xeral do Albergue-CIIES, infórmase o seguinte:

1. Tal como se fai constar no propio escrito do Valedor do Cidadán de data..., a Área de Política Social do Concello de Vigo respostou ó escrito do interesado mediante informe exhaustivo asinado pola Xefatura de Servizo o..., co seguinte contido:

1. Coincídese totalmente na necesidade de tramitar no menor tempo posible as solicitudes de prestacións sociais básicas como son a RISGA ou as Axudas de Inclusión Social pero para isto precísase, como é ben sabido, de máis persoal. O incremento dos efectivos de persoal na Área de Política Social é unha necesidade real que ven sendo reclamada insistentemente pola Área de Benestar social desde hai anos, como ten constancia non só o propio Concello, senón tamén a Xunta de Galicia (á que se lle demandou un maior compromiso financeiro neste ámbito), o Valedor do Cidadán, o Valedor do Pobo, etc.; institucións ás que en numerosas ocasións déuselles conta da situación.

2. O horario de funcionamento do CIIES cubre as 24 horas os 365 días do ano, establecéndose uns horarios concretos segundo o tipo de servizo ou proxecto de que se trate: albergue, centro de acollida, comedor social, centro de día de inclusión, unidade de rúa, unidade de hixiene, etc.

3. A limitación do número máximo de días é consubstancial á figura dos Albergues para persoas sen fogar ou en risco de exclusión. Así a Orde do 25.01.2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar os define como: "establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e mantención por un período limitado de tempo".

4. Actualmente a duración máxima da estadía no Albergue municipal é de 10 días, aínda que a mesma pode ser prorrogada, por tempo limitado e de xeito excepcional, sempre que se cumpran as seguintes condicións: a) Que a ocupación do Albergue permita atender a prórroga; b) Que o tempo que se solicite sexa limitado, e, c) Que se prognostique que a situación que motiva a solicitude se solucione co tempo de prórroga no Albergue.

5. A mesma limitación das estancias a 10 días (prorrogables por motivos xustificadas) aplícase tamén, por certo, no outro Albergue da cidade para persoas en situación de necesidade: o "Albergue..."; xestionado pola institución...

6. Como novidade para o ano 2017 púxose en marcha no Albergue – CIIES unha "Sala de lecer e tempo libre", vinculada ó Centro de Día e Inclusión Social, que permanecerá aberta todos os días do ano en horario de 09:00h a 20:00h e na que as persoas usuarias dispoñen de servizos como lectura de libros e prensa diaria, xogos de mesa, máquina expendedora de café, televisión, etc. Está prevista a realización doutras actividades lúdicas e ocupacionais axeitadas ó perfil das persoas usuarias.

7. Tamén a principios de 2017 foron adquiridas unha nova lavadora-centrifugadora e secadora industriais para o servizo de lavandería do Centro.

8. Canto á vixilancia das instalacións e dos arredores, infórmase que co novo contrato de servizos do Albergue-CIIES, adxudicado a..., o centro dispón agora de persoal propio de seguridade (vixilante sen armas) e que foi aumentada tamén a seguridade pública no seu contorno con presenza policial continua a fin de

evitar posibles incidentes e interferencias cos residentes e as persoas usuarias doutros equipamentos da zona; nomeadamente do <<CEIP Ramón y Cajal>>.

9. A respecto do cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente pola Comunidade Autónoma para este tipo de Centros, lémbrese que o Albergue-CIIES "Casa do Pescador" da rúa Marqués de Valterra é obxecto de inspeccións periódicas e exhaustivas por parte da Inspección de Servizos sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que verifica todo o relativo ás instalacións, documentación e funcionamento do Centro e o cumprimento das súas normas internas de funcionamento.

10. As Memorias de actividades do servizo son elaboradas e presentadas á Concellería de Política Social coa periodicidade establecida no contrato subscrito entre o Concello de Vigo e...

11. Tómase nota das demais suxestións e propostas contidas no escrito do Sr..... relativas á mellora do funcionamento do Albergue-CIIES; Centro que, non obstante, como acabamos de dicir, cumpre a día de hoxe con todos os requisitos específicos esixibles conforme coa normativa autonómica ós centros de inclusión e emerxencia social. Todo isto sen prexuízo, obviamente, de que se continúen mellorando tanto as instalacións do Centro como o servizo e a atención personalizada ás persoas usuarias dos distintos recursos que nel se prestan.

Desde a xefatura da Área de Benestar Social, que obviamente carece das facultades decisorias reservadas ós órganos de goberno municipal, é toda canta información se pode facilitar ó respecto a esa Institución.

II. Indícase tamén no seu oficio do..... que o Sr.... manifestou "a súa desconformidade có precitado informe e alegando que é unha mera resposta de manual, que no reflicte a realidade e só responde ós apartados a), c), e), h) e o i)".

III. A exhaustividade do informe transcrito desminte totalmente esa afirmación. Deuse resposta expresa ós apartados do escrito de queixa susceptibles dela. Das meras suxestións, pedimentos e propostas particulares de mellora do Sr... tomouse nota, tal como se indicou.

IV. Lamentamos que ó Sr.... non lle satisfacese esa resposta, pero esa desconformidade non invalida en absoluto a veracidade e congruencia do informado nin, supoñemos, ampara un dereito subxectivo a reiterar a mesma queixa até obter a resposta que máis lle guste".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 16/03/2018.

REFLEXIÓNS:

O art. 6 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, establece que "A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción..."

Tendo en conta que o persoal da Área de Política Social do Concello é quen emite os informes preceptivos para a tramitación da solicitude (art. 36.1 da precitada Lei), resulta máis que xustificada, como xa se comentou no exp. 7/2017- A, o aumento do seu persoal.

Así mesmo, os informes de Política Social de 7/09/2017 e de 15/03/2018, non din nada a respecto da posibilidade de aumentar o persoal da quenda de noite no albergue municipal nin sobre a idea de levar a cabo un rexistro sobre o total de persoas que fican sen praza no centro cada noite, sendo algunhas das razóns polas que o interesado procedeu á reabertura do seu expediente.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 27/06/2017. Con data 28/06/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 17/07/2017, 17/08/2017, 18/09/2017 e 18/10/2017.

Con data 26/10/2017 recíbese informe da Concellería de Seguridade e Mobilidade, informando o seguinte:

"En cumprimento ao requirimento do Valedor do Cidadán no que solicita informe en relación coa queixa presentada por D..... sobre o expediente sancionador..... infórmolle das actuacións realizadas no mesmo:

1) O..... o axente n°..... formula denuncia ás..... na rúa..... contra o vehículo..... por conducir de forma negligente creando unha situación de risco ou perigo para si mesmo, ós demais ocupantes do vehículo ou ao resto de usuarios da vía (desatender a conducción xirando a cabeza e invadindo o carril de sentido contrario con risco de colisión).

2) O..... notifícaselle a denuncia.

3) O..... dita multa é abonada coa bonificación do 50%.

CONSIDERACIÓNS SOBRE O EXPEDIENTE SANCIONADOR

O pago coa bonificación do 50% implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa, de acordo co establecido no Art. 94 do Real Decreto 6/2015.

En relación coa súa indicación de que descoñecía que o pago implicaba a renuncia a formular alegacións, no texto da denuncia que lle foi notificada o..... se lle indicaba.

CONFORMIDADE COA DENUNCIA.

Si paga a multa voluntariamente no prazo de 20 días naturais a partir da súa notificación, o importe da mesma reducirase nun 50%.

Este pago reducido implica: a renuncia a formular alegacións (no caso de formularse teranse por non presentadas); a terminación do procedemento, sen necesidade de ditar resolución expresa, o día en que se realice o pago; a firmeza da sanción en vía administrativa desde ese momento.

Ao finalizar o procedemento co pago reducido solo poderá recorrer ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

O que lle comunico para o seu coñecemento".

Do que se deu cumprida información ao interesado o 26/10/2017.

REFLEXIÓNS:

O artigo 3.1 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, establece: *"Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño, propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de los usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario."*

Así mesmo, o artigo 76. m) do Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario, tipifica a condución negligente como unha infracción grave.

Neste caso, a sanción de tráfico foi abonada coa bonificación do 50%, o que implica a renuncia a formular alegacións (art. 94.b do Real Decreto 6/2015) e a terminación do procedemento. Desde a Oficina do Valedor do Cidadán indicouse ao promotor do expediente que se non estaba conforme coa sanción imposta pola Policía Local, tiña que presentar as alegacións pertinentes e non proceder ao pagamento da mesma.

EXPEDIENTE 11/2017 (B)

ASUNTO:

Solicita a instalación de máis semáforos no barrio de Pereiró, concretamente no tramo que vai desde a glorieta (dodecaedro) até o cruzamento de Valadares-Matamá (fonte Alvite).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/06/2017. Con data 12/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 2/08/2017, 1/09/2017, 3/10/2017.

Con data 5/10/2017 recíbese informe da Concellería de Seguridade e Mobilidade, informando o seguinte:

"En cumprimento ao requirimento do Valedor do Cidadán no que solicita informe en relación coa queixa presentada por D^a....., solicitando a humanización do tramo que vai desde a rotonda de Pereiró até o cruzamento de Valadares- Matamá, infórmolle:

No Concello de Vigo a área competente para realizar as humanizacións é a Área de Fomento.

De todos xeitos, infórmolle que o vial para o que solicita a humanización non é de titularidade municipal senón que a súa titularidade corresponde á Xunta de Galicia".

Tendo en conta o precitado informe e os recibidos da Concellería de Fomento (20/09/2017 e 28/09/2017) no expediente 11/2017-A, con data 7/11/2017, enviábase novo escrito á Concellería de Seguridade e Mobilidade, o cal reitera a solicitude da promotora do expediente, en relación coa instalación de máis semáforos no entorno do barrio.

O día 21/11/2017 recíbese escrito da interesada solicitando o arquivo do expediente.

REFLEXIÓNS:

Os semáforos, tamén coñecidos tecnicamente como sinais de control de tráfico, son dispositivos de sinais que se sitúan en interseccións viarias e outros lugares para regular o tráfico, e polo tanto, o tránsito peonil.

O tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, son competencias propias do municipio en virtude do art. 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Finalmente, referir que a solicitude de arquivo do expediente por parte da interesada, imposibilita posteriores requirimentos á Área de Seguridade e Mobilidade para a elaboración dun informe técnico sobre a viabilidade de novos semáforos para o conxunto do barrio de Pereiró.

EXPEDIENTE 15/2017

ASUNTO:

O interesado afirma que foi sancionado dúas veces pola mesma infracción de tráfico e solicita que desde a Área de Seguridade e Mobilidade, se certifique de forma irrefutábel que as dúas fotografías do radar pertencen a dúas sancións diferentes, xa que asegura que as fotografías son idénticas por corresponderen ao mesmo día, mesma hora e mesmo lugar.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 20/07/2017. Con data 21/07/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 7/08/2017, 7/09/2017, 9/10/2017, 20/11/2017 e o 20/12/2017.

REFLEXIÓNS:

O art. 21.1 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario, establece que *“el conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos...”*, e o art. 76. a) tipifica o exceso como infracción grave.

Neste caso, o interesado foi sancionado dúas veces polo mesmo exceso de velocidade (78km/h), no mesmo punto e cunha diferenza de cinco días.

En orde a evitar unha posíbel vulneración do principio non bis in idem, o informe de Seguridade e Mobilidade do Concello esclarecerá o que aconteceu en relación ao presente expediente.

EXPEDIENTE 16/2017ASUNTO:

A Área de Seguridade e Mobilidade, a partir de resolución do presente ano 2017, procedeu a incoación dun procedemento sancionador contra o interesado polo uso indebido do cartón de estacionamento para persoas con deficiencia. A familia solicita que non se proceda á retirada do cartón durante dous anos, xa que é unha ferramenta que facilita e mellora a vida do promotor do expediente (grao de discapacidade do 84%) nos seus desprazamentos diarios (hospital, centro de día).

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 1/08/2017. Con data 2/08/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 23/08/2017, 22/09/2017.

Con data 29/09/2017 recíbese informe da Concellería de Seguridade e Mobilidade, que informa o seguinte:

“En resposta ao seu oficio de..... solicitando a pertinente información no asunto de referencia, teño a ben participarlle o seguinte:

I.- Con data..... o concelleiro delegado da área de seguridade e mobilidade ditou resolución incoando un procedemento sancionador contra D....., polos feitos que se consignan no corpo da resolución, e que se está a tramitar baixo o número de expediente..... No Decreto de incoación nomeouse ao funcionario quen subscribe como Instrutor do expediente.

II.- Motivou a incoación do expediente unha presunta infracción das prescricións contidas no Real decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade da Xunta de Galicia.

III.- O devandito Decreto foi notificado ao interesado o día.....

IV.- Na resolución ditada informábaselle ao interesado do seu dereito a presentar cantas alegacións, documentos ou información estimase conveniente, e a propoñer proba, concretando os medios dos que pretendan valerse, a cuxos efectos concedíase un prazo de dez días hábiles, a contar desde a recepción da resolución. Asemade, informábaselle que, de non se presentar alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento, o acto de incoación podería ser considerado proposta de resolución cos efectos previstos no artigo 64.2 letra f) da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o que permitiría prescindir dun novo trámite de audiencia.

V.- Con data 1 de agosto de 2017 o pai do inculpado, D....., presenta alegacións en nome e representación do seu fillo (documento.....) alegando, en síntese, que os feitos relatados no parte de servizo da Policía Local non se axustan á realidade, ofrecendo unha explicación alternativa verbo dos feitos que motivaron a apertura do procedemento.

VI.- O procedemento encóntrase, por tanto, en plena tramitación administrativa e pendente de resolución, de acordo cos feitos procedementos previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo

común (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

VII.- En consecuencia, e tendo en conta que a retirada temporal da tarxeta para persoas con discapacidade comporta un acto de gravame ou restritivo de dereitos, o presente procedemento estase a tramitar conforme ao establecido no art. 60 da Lei 10/2014 de 3 de decembro, de accesibilidade da Xunta de Galicia, e con arranxo ás previsións dos artigos 53.2, 63, 64, 85, 89, 90 e demais preceptos concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e aos principios de actuación establecidos nos artigos 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime Xurídico do Sector Público.

VIII.- A finalización do procedemento, sexa cal fose o contido e alcance da resolución que a tal efecto se emita –cuestión completamente allea, nestes momentos, á presente contestación- comportará o ofrecemento dos recursos administrativos e xurisdiccionais previstos na lexislación vixente."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 2/10/2017.

Con data 23/10/2017, enviábase novo requirimento á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 23/11/2017 e o 20/12/2017.

REFLEXIÓNS:

O artigo 50.1 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que: "*La tarjeta de estacionamiento para personas con minusvalía se concederá a las personas con graves problemas de movilidad como documento acreditativo de su situación, con carácter personal e intransferible, con la finalidad de favorecer el uso de los transportes privados y para que su titular pueda disfrutar de las facilidades de estacionamiento relacionadas con dicha tarjeta.*"

Corresponde ao Concello onde resida o interesado a concesión das tarxetas (art. 53.1 do Decreto 35/2000).

Así mesmo, o art. 53.4 do Decreto 35/2000 afirma que "*En el supuesto de que se detecte el uso indebido de la tarjeta de manera reiterada y debidamente probada, con independencia de la sanción pecuniaria que pudiera recaer en el procedimiento sancionador incoado al efecto, la citada tarjeta será retirada durante un plazo de dos años por el órgano que la haya otorgado.*"

Finalmente, sinalar que o promotor do expediente foi sancionado dúas veces por uso fraudulento do cartón/tarxeta de estacionamento de discapacitados, e que o procedemento está en plena tramitación administrativa, polo que debemos esperar á resolución da Área de Seguridade e Mobilidade para saber se procede a retirada de dita tarxeta.

EXPEDIENTE 17/2017 (B)

ASUNTO:

Demanda unha maior presenza policial no canellón de Núñez por causa das actividades de tráfico de estupefacientes practicadas no mesmo.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 3/08/2017. Con data 9/08/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 25/08/2017, 25/09/2017.

Posteriormente, e conforme o artigo 10.3 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, procedeuse ao arquivo do presente expediente, debido a que o interesado presentou fotocopia da denuncia do caso nos Xulgados de Vigo o día 20/10/2017.

REFLEXIÓNS:

A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que a Policía Local é competencia propia dos municipios (art. 25.2.f)).

Así mesmo, o código de dereito penal declara no seu art.368 "*Los que ejecuten actos de cultivo, elaboración o tráfico, o de otro modo promuevan, favorezcan o faciliten el consumo ilegal de drogas tóxicas, estupefacientes o sustancias psicotrópicas, o las posean con aquellos fines, serán castigados con las penas de prisión de tres a seis años y multa del tanto al triplo del valor de la droga objeto del delito si se tratase de sustancias o productos que causen grave daño a la salud, y de prisión de uno a tres años y multa del tanto al duplo en los demás casos*".

No presente caso, o promotor do expediente reclama vixilancia dun espazo público como é o canellón de Núñez, ao abrigo do art. 8.1.h) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia.

Contodo, a xudicialización do caso polo interesado imposibilita novos requirimentos ao Concello de Vigo sobre esta cuestión.

EXPEDIENTE 19/2017

ASUNTO:

Denuncia o estacionamento de automóviles e furgonetas nas paradas de autobús do transporte público urbano de distintas rúas de Vigo como as rúas Barcelona ou Conde de Torrecedeira. Afirma que estas accións dificultan o acceso das persoas con deficiencia aos autobuses (problemas de

espazo para estender a rampla) e de visibilidade para os usuarios con respecto á chegada dos mesmos.

Así mesmo, solicita maior control da Policía Local para evitar que automóbiles e motocicletas estacionen nas beirarrúas da rúa Gil, xa que imposibilita o tránsito de persoas que usan cadeira de rodas.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 29/08/2017. Con data 8/09/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Seguridade e Mobilidade, reiterado o 28/09/2017.

Con data 20/10/2017 o promotor do expediente presenta fotocopia da acta de denuncia do caso nos Xulgados de Vigo. Perante a xudicialización do expediente e segundo o artigo 10.3 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, procedeuse ao arquivo do presente expediente.

REFLEXIÓNS:

O estacionamento de vehículos é competencia propia dos municipios (art. 25.2.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).

Así mesmo, a Concellería de Seguridade e Mobilidade, a nivel local, é competente para "a regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías"; con arranxo a Resolución da Alcaldía de 19/06/2015.

O Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario, establece que fica prohibido estacionar "*En las zonas destinadas para estacionamiento y parada de uso exclusivo para el transporte público urbano*" (art.40.2.a)) e "*Sobre las aceras, paseos y demás zonas destinadas al paso de los peatones*". (art.40.2.e)).

Por último, referir que, ao igual que exp. 17/2017-B, a xudicialización do caso impide o envío de novos requirimentos á Área de Seguridade e Mobilidade demandando maior seguimento da Policía Local para evitar estacionamento indebidos.

1. No Inventario Municipal de Bens e Dereitos en vigor, aprobado coa data do..., no seu Epígrafe I Bens Inmóveis- Viais, o citado SI CONSTA COMA PÚBLICO A TOTALIDADE DO CAMIÑO (Folla Cartográfica.....).
2. Na actualidade, estase a facer unha revisión e actualización de dito Inventario Municipal, pendente de aprobación, e en ditos traballos CONSTA O CAMIÑO COMA PÚBLICO ATÉ O FINAL DA EDIFICACIÓN N°... (Folla Cartográfica.....).

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

1. Copias Follas Cartográficas... do Inventario Municipal en vigor e... do Inventario en Revisión."

Con data 17/10/2017, enviábase novo escrito á Concellería de Patrimonio, indicando que a nosa pregunta referíase ao camiño sobre a canalización do antigo regato e non ao camiño xunto das casas nº..... e.....

Con data 14/11/2017 recíbese novo informe da Concellería de Patrimonio-Inventario Municipal, informando o seguinte:

"En resposta á dilixencia solicitada polo XEFE DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ, aclaratoria doutra anterior referente ao informe emitido por esta oficina coa data do... relativo á titularidade do ramal existente na Rúa.... comprendido entre as vivendas N°... e..., coincidente cun antigo regato e que se indica no plano incorporado coa nova dilixencia de data..., maniféstase o seguinte:

O camiño existente sobre o antigo regato que actualmente está canalizado no tramo indicado e que discorre desde a RUA.... ata a parcela na que se ubica o inmovible N°... da.... (subliñado en cor rosa no plano incorporado neste informe, Folla Cartográfica....) NON COSTA GRAFIADO COMA DE TITULARIDADE MUNICIPAL no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, actualmente en fase de revisión, pendente de aprobación.

O que lle comunico aos efectos oportunos."

Do que se deu cumprida información á interesada o 14/11/2017.

Con data 15/11/2017 solicítase á Concellería de Medio Ambiente- Oficina de Sanidade, que se inste ao propietario do camiño á limpeza do mesmo.

O día 13/12/2017, recíbese informe da Oficina de Sanidade, indicando o seguinte:

"DILIXENCIA.

"En relación co escrito de Dona...., infórmase que se crearon no negociado de Sanidade os expedientes.....,..... e....., o obxecto de requirir a limpeza dos terreos que lindan co camiño de....., núm....., aos propietarios dos terreos. Nesta data, ditos expedientes remítense ao regulamentario informe do inspector municipal, previo á resolución de incoación e orde de execución".

Do que se deu cumprida información á interesada o 13/12/2017.

Con data 14/12/2017 enviábase novo requirimento á concellería Medio Ambiente- Oficina Sanidade.

O día 2/03/2018, recíbese novo informe da Oficina de Sanidade, reflectindo o seguinte:

"Os expedientes.....,.....,.....,.....,....., e...., iniciados neste departamento a raíz da queixa de Dona...., siguen a informe do inspector de Sanidade desde...."

REFLEXIÓNS:

Debemos lembrar a obriga que establece o art. 9.1.b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o art. 13 da Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, de outubro do 1994, que di: *"As/os propietarias/os de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público...."*

En todo caso o incumprimento desta obriga determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda segundo a lexislación vixente e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello e con cargo á ou ó obrigado".

Tendo en conta o informe da Concellería de Patrimonio de 14/11/2017, confirmando que o camiño xunto da casa da promotora do expediente non consta no inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, pódese afirmar que a súa limpeza íntegra resultará unha ardua tarefa debido a que un total de sete propietarios teñen que proceder á mesma.

EXPEDIENTE 21/2017

ASUNTO:

Nos últimos catro anos os propietarios da finca lindeira coa súa nunca procederon á súa limpeza, o que provoca serios problemas de salubridade e hixiene na súa leira e no interior da súa casa (ratas e cobras). Tamén denuncia a falta de resposta motivada e por escrito ás queixas presentadas perante o Concello no ano 2016 relacionadas con esta problemática.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 18/10/2017. Con data 23/10/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente-Oficina Sanidade.

Con data 3/11/2017 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina Sanidade, informando o seguinte:

"No negociado de Sanidade estase a tramitar o expediente..... polo estado de insalubridade en que se atopa o terreo emprazado na rúa....."

O....., a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou resolución pola que se requiriu ao....., para que levara a cabo a limpeza do citado terreo.

O....., o inspector municipal emitiu informe no que di que o terreo sigue nas mesmas condicións de insalubridade, polo que o....., a mesma concelleira delegada dita resolución pola que se lle impón ao....., unha multa coercitiva de..... € e ordénase de novo que leve a cabo a limpeza do terreo. O que se comunica aos efectos oportunos."

Do que se deu cumprida información á interesada o 3/11/2017.

O día 16/11/2017 enviáse novo escrito á Concellería de Medio Ambiente-Oficina Sanidade, solicitando información actualizada sobre o estado do terreo.

Con data 28/11/2017 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina Sanidade, reflectindo o seguinte:

"Con data...., incoouse expediente de orde de execución ao.....S.A., como actual propietario do terreo (antes Solterra) con referencia catastral....., emprazado na rúa....., Vigo. Rematado o prazo, o inspector municipal, o.... , realiza nova visita de inspección na que comproba que non se levou a cabo a limpeza ordenada. O...., a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable dita nova resolución pola que se impón unha multa coercitiva de....euros ao..... e se lle concede un novo prazo para efectuar a limpeza do terreo. A resolución recibíuse o..., polo que o novo prazo remata o.... É de resaltar que cada unha das resolucións municipais notifícanse a Dona.... para a súa información"

Do que se deu cumprida información á interesada o 28/11/2017.

Con data 15/03/2018 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade, indicando o seguinte:

"En relación co expediente.... que se tramita no negociado de Sanidade e polo que se require a limpeza do terreo emprazado na rúa..... de Vigo, infórmase o seguinte:

- *O...., a empresa..... S.L., presenta escrito no que se informa que o...., S.A., contratoulles a limpeza do terreo con ref. Catastral...., emprazado na rúa....., e que será levada a cabo en breve."*

Do que se deu cumprida información á interesada o 16/03/2018.

REFLEXIÓNS:

Este expediente e o exp. 18/2017 solicitan ao Concello de Vigo que inste o propietario ou á totalidade de propietarios á limpeza das súas leiras.

Compartindo, portanto, a mesma posíbel reflexión, cabe sinalar que no presente caso a Concellería de Medio Ambiente-Oficina de Sanidade xa ditou resolución pola que se impuña unha multa coercitiva de..... euros ao propietario do terreo (art. 50 e 51 da Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, de outubro do 1994), polo que desde esta Valedoría

continuaremos a requirir a dita Concellería información sobre o estado do terreo até a consecución do seu completo saneamento.

EXPEDIENTE 22/2017

ASUNTO:

Denuncia a contaminación acústica derivada do tráfico rodado da autovía A-55 que transcorre xunto da súa casa. Con casos entre os veciños de tensións e cadros depresivos, o interesado asegura que é imposible conciliar o sono e levar a cabo as tarefas cotiás dentro da súa vivenda.

SITUACIÓN:

Queixa presentada o día 20/11/2017. Con data 28/11/2017 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, reiterado o 20/12/2017.

Con data 5/03/2018, recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente, indicando o seguinte:

"En relación coa queixa formulada en data... (DOC N°....) por D....., relativa aos ruídos orixinados polo tráfico de vehículos que circulan pola autovía A-55, vía de titularidade estatal, infórmase o seguinte:

O Ministerio de Fomento: Dirección Xeral de Estradas, someteu a información pública "o Plan de Acción contra o Ruído 2ª Fase, Rede de Estradas do Estado en réxime de concesión (autoestradas de peaxe), segundo anuncio publicado no BOE núm. 286, de 26 de novembro de 2016.

Tendo en conta os datos censuais e de tráfico almacenados na base de datos do Concello de Vigo, correspondentes á revisión do mapa estratéxico de ruídos deste termo municipal do ano 2012, observase que dentro da aglomeración de Vigo, existe un importante número de poboación exposta a niveis de ruído Lden e Ln superiores a 65 e 55 dBA, respectivamente, debido ao tráfico en grandes eixos viarios AP-9 / AP-9V, VG-20, A-55, N-552, cuxa titularidade corresponde ao Estado: Ministerio de Fomento.

Con ocasión do mencionado trámite de información pública, con data..., doc. N°..., a concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable remitiu ao Ministerio de Fomento documento de alegacións ao devandito plan. No citado documento de alegacións se solicitaba literalmente o que segue:

"(...)

SOLICITO a ese Ministerio que tenga por formuladas, en tempo e forma, as alegacións al "Plan de Acción contra el Ruído 2ª Fase, Red de Carreteras del Estado en régimen de concesión (autopistas de peaje)", con el contenido que se refleja en los informes y documentación adjunta, las admita y adopte las medidas necesarias para reducir los niveles de ruido, en la población expuesta de este término municipal, procedentes de las carreteras de titularidad del estado.

(...)"

De conformidade có anteriormente exposto, con data... (Rexistro de saída n°...) foi remitida a queixa de referencia ao titular da vía obxecto da mesma: Ministerio de Fomento-Dirección Xeral de Estradas. Así se lle comunicou ao interesado con data... (Rexistro de saída n°....).

O que se lle informa aos efectos oportunos."

ASUNTO.- SOLICITUDE E QUEIXA SOBRE INSTALACIÓN DE PASAMÁNS E INFORME SOBRE ACCESIBILIDADE NA CASA DAS ARTES.

En.... a raíz dunha incidencia con respecto a unha rampla provisional instalada en Casa das Artes solicitáramos informe sobre ese asunto e "propostas de solución á problemática xeral de accesibilidade a este inmovible e incluso no seu interior".

En..... os arquitectos municipais..... e....., elaboran "Memoria xustificativa de actuacións previstas para a mellora de condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas do edificio da Casa das Artes do Concello de Vigo", que se desenvolve no "Proxecto de intervención para a supresión de barreiras arquitectónicas no edificio de Casa das Artes na rúa Policarpo Sanz nº 15 Vigo" de....., actualmente á espera de ditame da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

O citado proxecto de intervención acomete concretamente a accesibilidade desde o exterior ao interior do edificio, para salvar ás escaleiras da entrada principal; pero o resto dos elementos de accesibilidade do edificio están sen determinar e valorar, de acordo co establecido nas normas legais de accesibilidade, principalmente a lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Con data..... tense presentado unha solicitude no Rexistro Xeral (doc....) e unha queixa diante do Valedor do Cidadá con data do día.... (doc....), relativas á colocación de pasamáns en diversos parques e dependencias que inclúe para a Casa das Artes a solicitude de "colocación de pasamáns nas escaleiras exteriores e interiores".

Polo antes exposto prégame que se informe sobre a viabilidade técnica de instalación de pasamáns na Casa das Artes, exterior e interior, tendo en conta a protección urbanística do edificio e o establecido na normativa de accesibilidade.

Así mesmo, solicítase de novo un informe e/ou proxecto de supresión xeral de barreiras arquitectónicas no edificio que complementa o referido sobre o acceso desde o exterior do edificio, ao abeiro da normativa de accesibilidade."

Do que se deu cumprida información ao interesado o 5/03/2018.

REFLEXIÓNS:

A Casa das Artes é un edificio racionalista do ano 1939, proxectado por Romualdo de Madariaga. Concibido como Banco de España até que, en mediados da década dos 80, o Ministerio de Economía e Facenda decide eliminar todas as sucursais que non estiveren en capitais de provincia, pasando a facer parte do patrimonio municipal.

Actualmente é sede da Fundación Laxeiro, do Arquivo Fotográfico Pacheco e da Colección Torras, constituíndo desde 1990 un espazo destinado a albergar exposicións temporais municipais.

Consoante o escrito do interesado, que alude as numerosas visitas ao edificio por parte de turistas, veciños de Vigo e grupos escolares, continuaremos a requirir á Concillería de Cultura información sobre a posíbel instalación de pasamáns para as súas escadas de acceso exteriores.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS DURANTE O ANO 2017**1. TRANSPORTES**

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2017	Avarías nas ramplas de acceso a tres liñas do transporte público urbano	14/03/2017 30/03/2017 26/04/2017 26/05/2017	8/06/2017 (Pechado)
11/2017 (C)	Instalación de marquesiñas no barrio de Pereiró.	12/07/2017 2/08/2017 1/09/2017 3/10/2017 7/11/2017	9/11/2017 (Arquivado a petición da interesada)

2.- FOMENTO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2017	Falta de protección antiescorregadiza das arquetas de aceiro inoxidable sitas na Pr. do Berbés.	8/03/2017 27/03/2017 26/04/2017	28/04/2017 (Pechado)
11/2017 (A)	Humanización do barrio de Pereiró. Renovación e alargamento das beirarrúas e instalación de farois.	12/07/2017 2/08/2017 1/09/2017 3/10/2017 7/11/2017	20/09/2017 28/09/2017 20/10/2017 15/11/2017 (Arquivado a petición da interesada)
14/2017	Instalación de bolardos nas rúas Troncoso, Canadelo Alto e Párroco José Otero.	31/07/2017 23/08/2017 22/09/2017 26/10/2017 23/11/2017 20/12/2017	3/10/2017 21/03/2018
17/2017 (C)	Instalación de farois no canellón de Núñez.	9/08/2017 25/08/2017 25/09/2017	20/10/2017 (Arquivado por xudicialización)

3. FACENDA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
3/2017	Imputación do imposto de IVTM dun vehículo roubado.	16/03/2017 31/03/2017 26/04/2017	21/04/2017 16/05/2017 (Pechado)

4. URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
4/2017	Novo programa de vivendas sociais en Vigo.	27/03/2017 17/04/2017 15/05/2017 14/06/2017 30/06/2017	25/05/2017 19/07/2017 (Pechado)
6/2017	Solicitude de informe á XMU en relación a obras executadas polos seus veciños.	26/04/2017 15/05/2017 14/06/2017	7/07/2017
7/2017 (C)	Solicitude dun novo programa de vivendas sociais en réxime de aluguer.	7/06/2017 26/06/2017	19/07/2017 (Pechado)
8/2017	Falta de resposta do Concello a documentos presentados no ano 2016.	12/06/2017 30/06/2017	19/07/2017 (Pechado)
12/2017 (B)	Aumento do número de vivendas sociais en réxime de aluguer.	26/07/2017 17/08/2017 18/09/2017 18/10/2017	20/10/2017 (Pechado)
20/2017	Solicitude á XMU de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.	13/09/2017 6/10/2017 7/11/2017 11/12/2017	20/12/2017

5. LIMPEZA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
5/2017	Cambio de localización dos cinco colectores de lixo instalados diante do seu baixo comercial.	26/04/2017 15/05/2017 14/06/2017 12/07/2017 9/08/2017 9/09/2017 10/10/2017 13/11/2017 13/12/2017	2/03/2018 (Pechado)
11/2017 (D)	Limpeza do barrio de Pereiró (maleza, papeis, cabichas).	17/07/2017 2/08/2017 1/09/2017 3/10/2016 7/11/2017	(Arquivado a petición da interesada)
17/2017 (A)	Solicita a limpeza do canellón de Núñez.	9/08/2017 25/08/2017 25/09/2017	(Arquivado por xudicialización)

6. PERSOAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2017 (A)	Incremento do número de traballadores municipais na área social.	7/06/2017 26/06/2017	19/07/2017 (Pechado)

7. POLÍTICA SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2017 (B)	Melloras na Concellería de Política Social e no albergue municipal.	7/06/2017 26/06/2017	30/06/2017 (Pechado)
12/2017 (A)	Maior celeridade na tramitación da RISGA e melloras no albergue municipal.	26/07/2017 17/08/2017 27/12/2017	7/09/2017 20/10/2017 15/03/2018 (Pechado)

8. SEGURIDADE E MOBILIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
9/2017	Malas formas dun funcionario.	27/06/2017 12/07/2017 9/08/2017 11/09/2017 10/10/2017 13/11/2017 13/12/2017	
10/2017	Desconformidade cunha sanción de tráfico.	28/06/2017 17/07/2017 17/08/2017 18/09/2017 18/10/2017	26/10/2017 (Pechado)
11/2017 (B)	Instalación de máis semáforos no barrio de Pereiró.	12/07/2017 2/08/2017 1/09/2017 3/10/2017 7/11/2017	5/10/2017 (Arquivado a petición da interesada)
15/2017	Afirma que foi sancionado dúas veces pola mesma infracción de tráfico.	21/07/2017 7/08/2017 7/09/2017 9/10/2017 20/11/2017 20/12/2017	
16/2017	Solicitud de non retirada da tarxeta de estacionamento de discapacitados.	2/08/2017 23/08/2017 22/09/2017 23/10/2017 23/11/2017 20/12/2017	29/09/2017
17/2017 (B)	Máis presenza policial no canellón de Núñez.	9/08/2017 25/08/2017 25/09/2017	(Arquivado por xudicialización)
19/2017	Estacionamento de automóbiles e furgonetas nas paradas de autobús.	8/09/2017 28/09/2017	(Arquivado por xudicialización)

9. PARQUES E XARDÍNS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
13/2017	Solicitude de limpeza do Parque Rivera Atienza e dos arredores da piscina municipal de Sta Cristina de Lavadores, recollida de residuos, poda de árbores, instalación de papeleiras e a retirada da pérgola.	17/07/2017 2/08/2017 1/09/2017 9/10/2017 10/11/2017 12/12/2017	
23/2017 (A)	Solicita pasamáns para o monte do Castro e escadas de acceso ao Castelo.	14/12/2017	

10. MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2017	Solicitude de limpeza do camiño sobre a canalización do antigo regato lindeiro á súa vivenda.	8/09/2017 28/09/2017 17/10/2017 15/11/2017 14/12/2017	13/10/2017 14/11/2017 13/12/2017 2/03/2018
21/2017	Falta de limpeza da finca lindeira.	23/10/2017 16/11/2017	3/11/2017 28/11/2017 15/03/2018
22/2017	Contaminación acústica derivada do tráfico rodado da autovía A-55.	28/11/2017 20/12/2017	5/03/2018 (Pechado)

11. CULTURA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
23/2017 (B)	Necesidade de pasamáns nos laterais das escadas exteriores da Casa das Artes.	14/12/2017	2/03/2018

PARTE X

CONSULTAS QUE DERON LUGAR A INTERVENCIONES: 248

CONSULTAS	%
Correo Postal	1,6
E-mail	5,6
Entrevistas Persoais	54,4
Teléfono	38,3
Concellerías	%
Deportes	0,4
Educación	3,6
Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos	1,6
Fomento, Limpeza e Contratación	15,7
Medio Ambiente e Vida Saudable	7,7
Orzamentos e Facenda	4,0
Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos	2,4
Política Social	6,5
Seguridade e Mobilidade	15,7
Transportes e Proxectos Estatais Europeos	2,4
Urbanismo	23,4
Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica	3,6
Outros	12,9

Intervencións: Realízanse fundamentalmente mediante xestións persoais, perante os responsábeis das distintas administracións ou institucións, públicas ou privadas, con obxecto de recibir a oportuna información para encontrar así unha solución rápida ao problema formulado. Son actuacións que permiten resolver o obxecto da queixa sen ningún escrito.

CAPÍTULO 2

PARTE XI

ACTUACIÓNS DE OFICIO

Así pois, dentro das Actuacións de Oficio da Valedoría do Cidadán de Vigo orientadas a informar á cidadanía, realizouse este estudo sobre o cambio climático do punto de vista normativo. Nel son analizadas as leis que sobre esta materia de interese social foron implementadas en varios países europeos: Reino Unido, Bulgaria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Noruega, Suecia ou Escocia, que elaborou a súa propia lei, independentemente da do Reino Unido.

Por outra parte, perante a falta dunha lei estatal e, ao abrigo das competencias transferidas ás Comunidades Autónomas en materia ambiental, Cataluña, Andalucía, País Basco e as Illas Baleares iniciaron unha andaina no ámbito legislativo coa aprobación de anteproxectos e proxectos de lei sobre esta temática.

Con estes antecedentes e considerando as competencias que, no tocante ao combate ao cambio climático, puideren ser transferidas aos Concellos, este traballo recolle unha serie de Recomendacións dirixidas á Administración Local seguindo as directrices doutras normativas europeas vixentes. Por iso, a aprobación dunha futura lei española ou galega non invalidaría as Recomendacións propostas, senón que viría a complementalas.

Estas Recomendacións, algunhas delas implantadas parcial ou totalmente no municipio de Vigo, afectan fundamentalmente aos sectores de transporte e mobilidade, eficiencia enerxética, residuos urbanos e funcionamento da Administración pública. Por todo isto, este estudo ten unha visión xeralista e limítase só a analizar os puntos de encontro e diverxencias detectadas na análise realizada das distintas normativas europeas.

CAPÍTULO 3

PARTE **XII**

PÁXINA WEB

A web do Valedor do Cidadán (<http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>) registrou no ano 2017 un total de 21297 visitas e descargas de documentos.

Visitas: 12553

Valedor do Cidadán	5.383
Informes ao Pleno	4.225
Actuacións de Oficio	2.945
Total	12.553

Descargas de documentos: 8.744

Informes ao Pleno	1.474
Actuación de Oficio	7.270

Total (visitas + descargas): 21.297

CAPÍTULO 4

PARTE XIII

RESUMO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NO ANO 2017

O número de expedientes pechados ao longo do ano 2017 ascendeu a 30, sendo a súa distribución a que se mostra no seguinte cadro, con indicación da área á que pertence o expediente e o ano do seu inicio.

ÁREAS	PERÍODO DE INICIACIÓN								
	2006	2008	2010	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos								1	
Urbanismo		1							2
Educación								1	
Política Social									1
Transportes								1	1
Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admón. Electrónica						1		2	1
Seguridade e Mobilidade					2	1	1	2	2
Fomento, Limpeza e Contratación							1	1	4
Medio Ambiente						1		1	1
Deportes									
Orzamentos e Facenda									1
TOTAL	0	1	0	0	2	3	2	9	13

Por outra parte, quedaron 25 expedientes en estado de tramitación, todos eles anteriores ao ano 2017 (1 en cada en 2006 e 2010, 2 en 2008 e 2012, 3 de 2013, 10 de 2014 e 6 de 2016).

AREAS	PERÍODO DE INICIACIÓN							
	2006	2008	2010	2012	2013	2014	2016	2017
Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos					1	4		2
Urbanismo		1						2
Educación								
Política Social								
Transportes								
Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admón. Electrónica						2	2	
Seguridade e Mobilidade			1	1	1	2	2	3
Fomento, Limpeza e Contratación				1			1	1
Medio Ambiente	1	1			1	2	1	2
Deportes								
Orzamentos e Facenda								
TOTAL	1	2	1	2	3	10	6	10

**CONCELLO
DE VIGO**

